



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

# **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA**

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN  
PROVINCIAL o 29 de outubro de 2021

## **ÍNDICE DE ASUNTOS TRATADOS**

### **ASUNTOS**

\*Declaración institucional perante as afirmacións contidas nunha resolución xudicial do Xulgado de Primeira instancia de Marbella, na que se denomina Galicia profunda unha vila galega e se atribúen limitacións á felicidade e ao desenvolvemento integral dunha persoa por vivir nela..... 7

\* Declaración Institucional sobre a "Declaración de Valladolid: O compromiso das cidades pola economía circular" ..... 8

### **Información e actas**

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/2021, de 1 de outubro ..... 10

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia, desde o 25 de setembro ata o 22 de outubro de 2021. .... 11

### **Comisión de Deporte e Mocidade**

3. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a realización dun campus de voleibol no concello de Boiro, no ano 2021..... 11

### **Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios**

4. Aprobación dos cambios no texto do convenio de colaboración entre o IGAPE, Deputación da Coruña, o Concello de A Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia para a elaboración do plan director e constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC. .... 19

### **Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais**

5. Aprobación técnica do Plan de Sendas Peonís 2021, quinta fase, integrado polo proxecto DP 7602 Feira de San Sadurniño a Riboira. Ampliación e senda do PQ 0+100 ao 1+600 , Concello de San Sadurniño ..... 30

6. Aprobación do Plan de Conservación de vías provinciais 2021, segunda fase, integrado polo proxecto Mellora de firme con MBQ na DP 6805 Campara a Pazos P.Q. 3+000 ao P.Q. 5+200. (Ponteceso) ..... 31

7. Aprobación do proxecto modificado REF. DP 5811 /R Oleiros a Coruxo de Arriba. Travesía ramal rúa do Souto (Oleiros), incluído no Plan de Travesías ..... 32

8. Aprobación do proxecto modificado REF. DP 1802 Veiga de Cabana ás Pontes de

García Rodríguez, P.Q. 0+000 ao 8+808, ampliación de plataforma e mellora de trazado; incluído no Plan de Vías Provinciais 2019 ..... 32

9. Aprobación do Plan de Investimentos 2021, décima fase, integrado polo proxecto DP 5201 Muxía a Touriñán pola costa. Glorietta PQ 2+475 Mellora capa rodaxe PQ 0+000 a 2+475, Concello de Muxía ..... 33

10. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Trazo para a execución das obras de reparación de camiños municipais afectados por desvío de tráfico como consecuencia das obras de construción da Ponte Rego Gatofero na DP 7804, Concello de Trazo, así coma aprobación do citado proxecto. .... 34

### **Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento**

11. Aprobación da modificación da vixencia do Convenio suscrito co concello de CARRAL para o cofinanciamento das obras de Mellora da seguridade peonil no concello..... 38

12. Aprobación da modificación da vixencia do Convenio suscrito co concello de PONTEDEUME para o cofinanciamento das obras de Reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social de Vizús (antiga escola unitaria de Centroña). ..... 39

13. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de AMES para cofinanciamento das obras de protección e consolidación da calzada e o Arco da Ponte Cabirta no río Sar. .... 40

14. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de AMES para cofinanciamento das obras de Acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da EIM O Bosque en Bertamiráns. .... 40

15. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ para cofinanciamento das obras de Rehabilitación de cuberta, fachada e pavimento no polideportivo Monte Caxado. .... 40

16. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de CAMARIÑAS para cofinanciamento das obras de Renovación da rede principal de abastecemento de Camariñas. .... 41

17. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de CAMBRE para cofinanciamento das obras de acondicionamento de pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez. .... 41

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural**

18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da ponte sobre o Río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e o lugar do Penedo", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/ 2018, 1ª fase, co código 2018.2001.0632.0 ..... 42

<u>19. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Federación Española de Surf polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Aprende a través del surfing" .....</u>	<u>44</u>
<u>20. Aprobación da modificación da cláusula XIII da vixencia do convenio administrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o concello de Ares polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Cuberta da cociña do mosteiro de santa Catalina de Montefaro" .....</u>	<u>52</u>
<u>21. Aprobación da modificación da cláusula XIII da vixencia do convenio administrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o concello de Mugardos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Pista de Pumptrack en O Baño T.M. Mugardos" .....</u>	<u>54</u>
<u>22. Aprobación da modificación da cláusula XIII da vixencia do convenio administrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Praza no camiño inglés" .....</u>	<u>56</u>
<u>23. Aprobación da modificación da cláusula XIII da vixencia do convenio administrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o concello de Narón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Rehabilitación do muíño de Xuvia" .....</u>	<u>57</u>

#### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

<u>24. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de setembro de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de setembro de 2021. ....</u>	<u>60</u>
<u>25. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a setembro de 2021 e proxección a 31/12/2021. ....</u>	<u>60</u>
<u>26. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 6/2021 de aprobación polo Pleno. ....</u>	<u>61</u>
<u>27. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao terceiro trimestre de 2021. ....</u>	<u>64</u>
<u>28. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal xeral .....</u>	<u>64</u>
<u>29. Aprobar inicialmente a supresión do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Rosalía Mera" e a derogación da ordenanza Nº 13 .....</u>	<u>94</u>
<u>30. Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Valdoviño (XESTIÓN CATASTRAL) .....</u>	<u>95</u>

## **Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible**

31. Aprobación da ratificación polo Pleno do acordo da Xunta de Goberno de elaboración do proxecto piloto de plan de acción local da Axenda Urbana para "A Costa da Morte" e acordo de solicitude de subvención ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ..... 95

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre os servizos de apoio ás persoas migrantes.....107

2.Moción do Grupo Provincial da Marea Atlántica sobre a moratoria eólica ..... 113

ROGOS E PREGUNTAS..... 129

**Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 29 de outubro de 2021.**

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 29 de outubro de 2021, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**Preside:** don Valentín González Formoso, Presidente da Corporación Provincial

**Deputados/as**

**Asistentes:**

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa M <sup>a</sup> Gallego Neira	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Don Teresa Villaverde Pais	PP

**Actúa como secretaria:** Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o Interventor Xeral, don José Manuel Pardellas Rivera .

Aberto o acto ás 12:10 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día a todos e a todas. Empezamos con esta sesión plenaria do día con dúas declaracións institucionais. Unha relacionada coa sentenza onde se nos cualifica de "Galicia profunda".

Sra. Secretaria

**Declaración institucional perante as afirmacións contidas nunha resolución xudicial do Xulgado de Primeira instancia de Marbella, na que se denomina Galicia profunda unha vila galega e se atribúen limitacións á felicidade e ao desenvolvemento integral dunha persoa por vivir nela.**

Declaración institucional perante as afirmacións contidas nunha resolución xudicial do Xulgado de Primeira instancia de Marbella, na que se denomina "Galicia profunda" unha vila galega.

Perante as afirmacións contidas nunha resolución xudicial do Xulgado de Primeira instancia de Marbella, na que se denomina Galicia profunda unha vila galega e se atribúen limitacións á felicidade e ao desenvolvemento integral dunha persoa por vivir nela, o Parlamento de Galicia manifesta as seguintes consideracións:

Primeira. Non corresponde a esta Cámara pronunciarse sobre o fondo da cuestión, que, en todo caso, debe priorizar o interese superior do menor.

Segunda. Manifestamos o noso máis profundo rexeitamento á utilización da expresión Galicia profunda cara a calquera aldea, parroquia, vila, comarca ou cidade galegas. Este cualificativo implica unha valoración pexorativa e inxustificadamente negativa do país, que resulta inadmisíbel en calquera contexto, máis aínda nunha resolución xudicial.

Terceira. Afirmacións desta índole amosan un profundo descoñecemento da realidade de Galicia e do pobo galego e evidencian enormes prexuízos e estereotipos que nada teñen que ver con este país, no que concorren todas as condicións para un pleno e integral desenvolvemento das persoas. Resulta sorprendente e rexeitable que estes estereotipos aínda atopen eco, como ocorre neste caso.

Cuarta. Calquera aldea, vila ou cidade galegas son aptas para o desenvolvemento dunha nena ou un neno. Por esta razón, as forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia queremos reafirmar o noso orgullo como galegas e galegos e así o expresamos con esta declaración institucional, que é, tamén, un acto de dignidade colectiva.

Sr. Presidente

A segunda declaración institucional, sobre a Declaración de Valladolid do compromiso das cidades pola economía circular.

Sra. Secretaria

### **Declaración Institucional sobre a "Declaración de Valladolid: O compromiso das cidades pola economía circular"**

O pasado 29 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno da FEMP acordou por unanimidade difundir entre as entidades locais españolas a chamada "Declaración de Valladolid: O compromiso das cidades pola economía circular", que supón o compromiso das entidades locais españolas coa Declaración de París e de Sevilla, ademais de coas esixencias derivadas do Pacto Verde Europeo e a Estratexia Española de Economía Circular.

O contido desta declaración é a seguinte

"La crisis mundial, derivada de los efectos de la pandemia sufrida por la COVID 19, ha cuestionado el actual modelo de crecimiento basado en la producción de bienes y servicios, que conlleva un uso intensivo de recursos naturales y una elevada presión sobre el medio ambiente, que está acelerando el cambio climático y la pérdida de la biodiversidad.

Nos encontramos en un momento excepcional, en el que tenemos una gran oportunidad para impulsar políticas que contribuyan a mejorar la calidad de vida de la ciudadanía, dando respuesta no solo a la situación generada por la pandemia, sino también a la lucha contra el cambio climático, al impulso de una movilidad sostenible, de la economía circular, al equilibrio territorial, diseñando ciudades sostenibles, saludables, seguras, resilientes e inclusivas.

La situación de crisis provocada por el coronavirus ha puesto de manifiesto las deficiencias de nuestras ciudades, a la vez que ha provocado importantes cambios en el uso de los espacios públicos, del transporte, de los lugares de ocio, de las relaciones entre el medio urbano y rural. Esto nos obliga al rediseño y regeneración de nuestras ciudades y pueblos.

Para ello, las Administraciones Públicas debemos trabajar de manera coordinada, en colaboración con el sector privado y con la ciudadanía, para buscar soluciones que permitan dar respuesta a las necesidades del siglo XXI.

Pero no debemos olvidar el papel fundamental que desempeñan los Gobiernos Locales en este proceso de cambio, en nuestro país cerca del 80% de la población vive en ciudades y es en ellas donde se va a ganar o perder la batalla por la sostenibilidad, por lo que deben tener el mayor protagonismo en la recuperación. Esto sin olvidar las interrelaciones existentes entre el mundo rural y el urbano que deben sustentarse en un equilibrio que nos permita favorecer un equilibrio ecológico y territorial.

No podemos desaprovechar la oportunidad que nos brinda el Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, dotado con una importantísima cantidad de fondos europeos que nos permitirán realizar este cambio.

El modelo de reconstrucción de nuestras ciudades y pueblos debe ser acorde con los



principios del Pacto Verde Europeo: economía circular, energía limpia, eficiencia energética, movilidad sostenible, incremento de la biodiversidad, eliminación de la contaminación y lucha contra el cambio climático.

La Declaración de Sevilla, suscrita por 231 Entidades Locales, que aglutinan a más de 20 millones de habitantes ha contribuido a dar un fuerte impulso al cumplimiento de los ODS, recogidos en la Agenda 2030 por una Estrategia de Desarrollo Sostenible y al proceso de descarbonización de nuestra sociedad.

Por eso las ciudades hoy reunidas en Valladolid, en esta jornada sobre Economía Circular, Reconstrucción y Entidades Locales, nos comprometemos con nuestra firma a:

Impulsar y apoyar tanto el llamamiento que realizó la ciudad de París por una economía circular como la Declaración de Sevilla, firmada el 15 de marzo de 2017.

Resaltar el importante papel que tienen los Gobiernos Locales en las acciones de fomento y desarrollo de un nuevo modelo basado en los principios de la Economía Circular por ser la administración más próxima, y la que por tanto puede prevenir los principales conflictos ambientales.

Impulsar el papel de los nuevos emprendedores, potenciando el protagonismo de los jóvenes en el desarrollo y creación de nuevas empresas.

Promover el cumplimiento de los Objetivos de desarrollo Sostenible recogidos en la Agenda 2030 fomentando un modelo de desarrollo urbano sostenible, saludable, inclusivo y resiliente, aumentando la demanda de actividades socioeconómicas generadoras de bienes y servicios medioambientales, fomentando el empleo verde y un empleo social de mayor calidad y garantizando una Transición Ecológica Justa.

Desarrollar Estrategias Locales de Economía Circular, como el modelo impulsado por la FEMP, que permitan diagnosticar la situación de la entidad local y su territorio, elaborar planes de acción y establecer indicadores que garanticen el cumplimiento de los objetivos de reducción de residuos y la revisión permanente de los planes para la mejora continua de los mismos. Estas estrategias tendrán como objetivo la prevención y la reducción de la generación de residuos, de los impactos adversos de su generación y gestión, la reducción del impacto global de uso de los recursos y la mejora de la eficiencia de dicho uso, con el fin de proteger el medio ambiente y la salud humana y efectuar la transición a una economía circular y baja en carbono.

Favorecer un uso sostenible del agua optimizando la red de abastecimiento y saneamiento, incrementando la eficiencia y ahorro en el consumo del agua, fomentando su reutilización y garantizando el derecho de acceso al agua.

Impulsar la aplicación de la Agenda Urbana Española, integrando la sostenibilidad en la planificación territorial orientando las políticas urbanas con objetivos sociales, económicos y ambientales, promoviendo un urbanismo que fomente la compacidad, la regeneración y la resiliencia urbana.

Promover la eficiencia y el ahorro energético en el parque inmobiliario, en los

sectores comerciales e industriales y favoreciendo el asesoramiento para combatir la pobreza energética.

Ordenar el espacio para fomentar la movilidad sostenible, regulando la ocupación del espacio público, priorizando el uso peatonal del mismo, integrando la movilidad sostenible en el planeamiento urbanístico, reduciendo las emisiones a la atmósfera derivadas del transporte, y promoviendo el transporte colectivo.

Repensar la manera de producir, abastecer y consumir, generando conductas más saludables para el entorno y la población y favoreciendo la igualdad de oportunidades tanto en el ámbito urbano como en el medio rural.

Fomentar espacios y conductas saludables impulsando un desarrollo rural sostenible, promoviendo un urbanismo para la salud potenciando los hábitos saludables, el consumo responsable y reduciendo el desperdicio alimentario.

Convertir a la economía circular en una fuente de impulso de las nuevas tecnologías que contribuya al cambio del modelo económico y a la reducción de impactos ambientales.

Involucrar a la Comunidad científica en la investigación y desarrollo de proyectos y programas de fomento de la economía circular, incrementando los programas de I+D+i.

Fomentar la cooperación entre administraciones y desarrollar y compartir buenas prácticas entre ciudades, en el marco del desarrollo de Estrategias Locales de Economía Circular.

Fomentar la gobernanza multinivel del territorio y mejorar la concienciación, sensibilización y participación de nuestras vecinas y vecinos en las acciones locales de impulso de la economía circular.

Potenciar los partenariados público-privados para favorecer alianzas entre los distintos actores del sector público, organizaciones de la sociedad civil y el sector privado".

Tendo en conta o exposto, os grupos provinciais propoñemos adoptar o seguinte acordo:

1. Subscribir a "Declaración de Valladolid: o compromiso das cidades pola Economía Circular", e asumir os pronunciamentos e compromisos que a mesma supón.
2. Trasladar certificación do presente acordo á Secretaría Xeral da FEMP.

## **1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/2021, de 1 de outubro**

Sra. Secretaria

Incorpórase á acta unha corrección no punto 7 da orde do día de aprobación

do convenio co Concello de Oleiros porque incluía un erro ortográfico no título do convenio.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 9/2021, de 1 de outubro

#### **2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia, desde o 25 de setembro ata o 22 de outubro de 2021.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia, desde o 25 de setembro ata o 22 de outubro de 2021.

#### **3.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a realización dun campus de voleibol no concello de Boiro, no ano 2021.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**“1.-** Aprobado o convenio co Concello de Boiro, correspondente á subvención nominativa, por importe de 16.000,00 €, concedida para cofinanciar a realización dun Campus de voleibol no concello de Boiro, no ano 2021, cun orzamento subvencionado de 20.000,00 €, de acordo co texto que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de setembro de 2021.

3.- Incluir a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2022 autorice o correspondente Orzamento”.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a realización dun Campus de voleibol no concello de Boiro, no ano 2021.**

Na Coruña, a

### REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Boiro.

### EXPOÑEN

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

2.- Que o Concello de Boiro, desenvolve dentro da súa programación deportiva un Campus de voleibol

3.- Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción do deporte; ademáis, é competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social.

4.- Que, neste contexto, a Deputación da Coruña está interesada en colaborar co Concello da Boiro na súa Programación Deportiva do ano 2021, mediante a concesión dunha subvención nominativa.

5.- Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello da Boiro acordan suscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Boiro, con CIF: P1501100J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento da realización dun *Campus de voleibol no concello de Boiro, no*

ano 2021.

## II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Boiro

O Concello de Boiro desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<b>Concepto</b>	<b>Importe</b>
Adestradores (4 residentes e 5 de categorías inferiores)	8.000,00 €
Xogadores e adestradores invitados	3.000,00 €
Material de xogo (balóns, redes e outros)	3.000,00 €
Roupa campus para adestradores e xogadores (camisetas, pantalóns e outros)	2.000,00 €
Coordinador do campus	1.000,00 €
Publicidade do campus (fotógrafo, responsable medios e outros)	1.000,00 €
Xantar adestradores e xogadores invitados	1.000,00 €
Avituallamento ( augas e froita)	500,00 €
Seguros e outros permisos da actividade	500,00 €
<b>Total</b>	<b>20.000,00 €</b>

## III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **16.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Boiro obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Boiro.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Boiro, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer da actividade subvencionada, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Boiro.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Boiro do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80%) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministros, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, alomenos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* **Certificación** expedida polo Interventor ou polo Secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acreedores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos xustificados referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o período de vixencia do convenio.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

**2.-** No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

**3.-** Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Boiro terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Boiro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Boiro para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Boiro da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Boiro.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello de Boiro terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- O Concello de Boiro deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- O Concello de Boiro destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Boiro deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Boiro poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Boiro queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Boiro serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Boiro será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de e 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Boiro, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear

unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento”.

**4.- Aprobación dos cambios no texto do convenio de colaboración entre o IGAPE, Deputación da Coruña, o Concello de A Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia para a elaboración do plan director e constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar os cambios propostos polas administracións e entidades asinantes do convenio.

2.- O texto definitivo cos cambios aprobados quedaría co seguinte tenor literal:

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGAPE, DEPUTACIÓN DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CLUSTER TIC GALICIA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR E CONSTITUCIÓN DA ESTRUCTURA DE GOBERNANZA DA CIDADE DAS TIC**

En A Coruña, a xx de xx de 2021

#### **REUNIDOS**

D. Francisco Conde López Vicepresidente segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e innovación da Xunta de Galicia na súa calidade de Presidente do Instituto Galego de Promoción Económica, en adiante **Xunta de Galicia/IGAPE**.

Valentin González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en adiante **Deputación**.

Julio Abalde Alonso en representación da Universidade da Coruña, en adiante **UDC**.

Inés Rey García, Alcaldesa do Excmo. Concello da Coruña, debidamente facultada para este acto, que actúa en representación do Excmo. Concello da Coruña, en

adiante **Concello**.

Antonio Rodríguez del Corral, como Presidente do Cluster TIC Galicia, en adiante **Cluster**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

## **MANIFESTAN**

I. Que o IGAPE é o ente de dereito público, adscrito á Consellería de Economía, Empresa e Innovación, para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

II. Que a Deputación da Coruña é unha entidade local que, de acordo coa Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, ten entre as súas competencias a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio da provincia da Coruña.

III. Que o Concello da Coruña é unha entidade local que, de acordo coa Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ten entre as súas competencias o urbanismo, as infraestruturas viarias e a promoción do uso sustentábel e eficiente das TIC.

IV. Que a Universidade da Coruña é una institución pública que, de acordo cos seus estatutos, lle corresponde no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo, contemplando como función ao servizo da Sociedade a difusión, valorización a transferencia de coñecemento para o desenvolvemento económico.

V. Que o Cluster TIC Galicia é unha asociación sen ánimo de lucro constituída en 2008 para reunir as empresas, asociacións empresariais, colexios, asociacións profesionais e outros axentes do macrosector das Tecnoloxías da información e Comunicación (TIC) de Galicia que traballa para poñer en valor o sector TIC galego, impulsado a colaboración entre as empresas e xerar sinerxias para favorecer o cambio de modelo produtivo de cara a unha economía baseada na innovación e a produtividade.

VI. Que o 18 de febreiro de 2020 o Ministerio de Defensa resolveu outorgar unha concesión demanial á Universidade da Coruña sobre os terreos e as instalacións que conforman a propiedade denominada “Fábrica de Armas da Coruña” situada na Avenida Pedralonga da Coruña. Esta propiedade é de titularidade estatal e está afectada o Ministerio de Defensa, polo que se integran no dominio público da Administración do Estado.

VII. A Cidade das TIC desenvolverase na totalidade do terreo obxecto de concesión e comprende a totalidade dos inmobles da denominada, polo Ministerio de Defensa, “Fábrica de Armas da Coruña”. Ten unha superficie aproximada de 127.943 ml e os seus principais inmobles están formados polas 7 naves industriais da antiga fábrica:

almacén Xeral (1); prensas e cañóns (2), revisión e metroloxía (3); forxa, pulimento e tratamentos térmicos (4); mecanismos, montura e montaxe (5); diversas, electricidade, calderería e soldadura (6); e tratamentos superficiais e areado(7), así como do resto de edificios do complexo. Tamén inclúe a totalidade dos utensilios, maquinaria e demais mobles da mesma.

VIII. Sobre os terreos e instalacións da antiga "Fábrica de Armas" estase a crear a "Cidade das TIC", un polo tecnolóxico TIC e de innovación dixital de referencia a nivel nacional e internacional que actúe como un demostrador de tecnoloxías emerxentes, de apoio ao tecido empresarial pola prestación servizos tecnolóxicos avanzados non dispoñibles en Galicia, facilite a instalación de empresas do sector e sirva como vector de crecemento e dinamización económica grazas á creación de startups, o impulso do I+D+i, o fomento do emprendemento e a atracción de empresas multinacionais.

IX. A Cidade das TIC será un ecosistema TIC dinámico e vangardista que combinara:

- Infraestruturas de innovación e servizos TIC avanzados para a innovación industrial.
- Un Parque empresarial TIC para o aloxamento de pequenas e grandes empresas tecnolóxicas.
- Un Campus Tecnolóxico vinculado a UDC con cabida para un Centro de I+D en novas tecnoloxías
- Unha incubadora empresarial de Alta Tecnoloxía principalmente centrada en Intelixencia Artificial e Big Data.
- Un centro demostrativo e de servizos avanzados que proporcione novos servizos tecnolóxicos ás empresas.
- Espazos de formación e difusión TIC para fomentar a colaboración empresa TIC - universidade.
- A proposta de ser sede dun Nodo da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial
- Servizos de apoio á Cidade: servizos sociais e servizos centrais complementarios.

X. Durante o ano 2020 a Cidade das TIC recibiu un apoio financeiro de 4,8 millóns de euros da Xunta de Galicia a través do IGAPE para a construción do Centro de Servizos Avanzados - CSA, un centro de demostración, prototipado c lanzamento de proxectos para a implantación das TIC nos sectores económicos de Galicia.

XI. O Concello da Coruña ten ratificado o seu apoio o seu compromiso co proxecto da Cidade das TIC a través de distintos investimentos para o acondicionamento urbano que permitirá a correcta integración da infraestrutura da antiga Fábrica de Armas na cidade, así como o desenvolvemento de vías urbanas, transporte público e servizos básicos.

XII. Un proxecto estratéxico desta envergadura precisa dunha decidida aposta institucional así como dun compromiso empresarial evidente que permita lograr que a Cidade das TIC se converta nun verdadeiro Polo das Novas Tecnoloxías no que se estableza un alianza sinérxica entre o ámbito empresarial, o universitario e o institucional que o faga atractivo tanto a nivel nacional como internacional e de acordo cos antecedentes anteriormente indicados O IGAPE, a DEPUTACIÓN, a UDC, o CLUSTER e o CONCELLO teñen interese en xuntar esforzos e por en común as súas

sinerxías en prol do desenvolvemento do complexo da Cidade das TIC.

XIII. A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa, plasma a efectiva realización dun interese público e fai que resulte xustificada a participación da Administración na actividade prevista para acadar resultados comúns aos intereses das partes asinantes.

XIV. Con tal motivo, as partes consideran de especial interese a súa colaboración na implementación e consolidación da Cidade das TIC para o que se considera moi relevante a planificación estratéxica dun proxecto desta envergadura así como contar cunha axeitada estrutura de gobernanza, cuestións que se tornan nun aspecto fundamental para asegurar unha axeitada viabilidade e sustentabilidade da iniciativa comezada en 2020.

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira. Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre as partes para dinamizar a construción e dotación da Cidade das TIC de xeito que se poida materializar no menor espazo de tempo posible.

As primeiras actuacións previstas son as seguintes:

- Elaboración do Plano Director da Cidade das TIC
- Deseño e posta en marcha inicial da súa estrutura de gobernanza que permita ser formalizada a través dunha sociedade pública na que se integren todas as institucións públicas que poden contribuír tanto na fase dos investimentos iniciais como nas fases posteriores.
- Soporte da estrutura de gobernanza provisional e das actuacións preliminares. As actuacións previstas realizaranse nun período de 12 meses dende a firma do convenio polas partes integrantes.

### **Segunda. Xustificación da utilización da figura do convenio**

Motívase a utilización da figura do convenio nas razóns de necesidade e oportunidade expostas. Por outra banda, mediante este convenio as entidades públicas e privadas asinantes establecen un marco de colaboración no que se une as experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir fins comúns de interese público como son os de desenvolver o proxecto da Cidade das TIC. Esta é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

### **Terceira. Alcance do Plan Director da Cidade das TIC**

A planificación estratéxica dun proxecto da envergadura da Cidade das TIC, que supón un investimento moi elevado, tórnase nun aspecto fundamental para asegurar unha axeitada viabilidade e sustentabilidade á iniciativa.

A través deste Plan defínese un instrumento de planificación e control do proxecto de xeito colaborativa entre todas as entidades participantes.

O Plan Director permitirá:

- Analizar o contexto tecnolóxico, social, cultural e normativo no que se encadra a Cidade das TIC.
- Avaliar a contribución desta infraestrutura singular tanto para o sector TIC como para o conxunto dos sectores produtivos que teñen nas tecnoloxías a súa principal ferramenta para innovar e ser competitivos.
- Propoñer unha visión estratéxica de futuro para a Cidade das TIC.
- Definir un conxunto de plans de accións medibles que asegure unha axeitada gobernanza, viabilidade, sustentabilidade e posicionamento da Cidade das TIC.
- Establecer unha folia de ruta e un cadro de mando que permita analizar de forma obxectiva a posta en marcha e implementación deste proxecto estratéxico.

Como resultado da realización do Plan Director obteranse os seguintes resultados concretos:

- Un Plan Estratéxico que resuma o fin e a misión da Cidade das TIC así como os seus obxectivos a curto e medio prazo.
- Unha planificación das actuacións e investimentos a realizar na posta en marcha da Cidade nos próximos anos.
- Un plan de xestión da cidade e das súas infraestruturas, co deseño dun modelo de negocio sustentable.
- Un plan de sustentabilidade económico - financeiro da Cidade para a súa fase inicial (posta en marcha do Centro de Servizos Avanzados) e para a fase posterior. incluírá o deseño dun plan de aportacións financeiras tanto singulares como recorrentes.
- Constitución da nova sociedade xestora da Cidade das TIC e cuantificación das achegas económicas por parte das administracións públicas que a integran.

#### **Cuarta. Deseño da Estrutura de gobernanza**

A Cidade das TIC precisa contar cunha estrutura de gobernanza propia que se formalice a través dunha sociedade pública participada polas institucións públicas que impulsan o proxecto.

No marco desta actuación será necesario levar a cabo:

- Análise das diferentes fórmulas xurídicas de interese de xeito que permita seleccionar a máis acaída aos intereses e necesidades da Cidade das TIC.
- Tramitación dos diferentes pasos para a constitución da sociedade pública: elaboración do plan de actuación, estatutos, xestión da inscrición ante o rexistro e notaría.

Os estatutos da futura sociedade que se constituía garantirán o dereito a porcentaxe de participación de cada un dos entes que figuren como socios, no desembolso do capital inicial, no exercicio dos dereitos de voto e no número de persoas membros do consello de administración, manteña a proporcionalidade coa dotación orzamentaria que se sinala na cláusula sexta. A mesma garantía deberá seguirse en caso de transmisión de accións entre socios.

#### **Quinta . Soporte da Estrutura de Gobernanza Provisional e Actuacións Preliminares**

Ate que non estea constituída e en marcha a nova Sociedade pública xestora da Cidade das TIC é necesario contar cunha estrutura de xestión provisional que permita

impulsar as iniciativas e pasos que permitan a súa consolidación. Esta estrutura provisional estará constituída a lo menos por un responsable e un equipo técnico de soporte externo que realicen as funcións e actuacións preliminares asociadas ao proxecto:

- Representación e interlocución institucional.
- Dirección e participación na elaboración das propias actividades recollidas neste convenio.
- Definición e implementación dun Plan de marketing e comercialización.
- Outras actuacións necesarias para a consolidación da Cidade das TIC.

### **Sexta. Orzamento de execución e financiamento**

O orzamento para a execución das actuacións previstas no presente convenio é de CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00 €) que permitirá realizar as actividades relacionadas na cláusula sétima.

O IGAPE financiará o orzamento cunha aportación máxima de 36.000,00 €, na partida 06.741A.6400 dos seus orzamentos para o ano 2021, o que representa unha porcentaxe do 20%.

A DEPUTACIÓN financiará o orzamento cunha aportación máxima de 36.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 20%.

A UDC financiará o orzamento cunha aportación máxima de 30.600,00 €, o que representa unha porcentaxe do 17%.

O Cluster financiará o orzamento cunha aportación máxima de 1.800,00 €, o que representa unha porcentaxe do 1%.

O CONCELLO financiará o orzamento cunha aportación máxima de 75.600,00 €, o que representa unha porcentaxe do 42%.

No caso de que o importe máximo xustificable non acadase o importe total previsto na presente cláusula, as entidades asinantes solo aportarán o importe que represente a súa porcentaxe da cantidade efectivamente xustificada.

O financiamento destas actuacións é incompatible con outras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

### **Sétima. Xestión do convenio**

A UDC actuará como entidade responsable da xestión das accións do presente convenio de colaboración, e polo tanto será a entidade responsable ante o resto de asinantes de asegurar a correcta execución das actuacións contempladas.

A estes efectos, o resto de entidades asinantes do presente convenio de colaboración comprométese a transferir as súas respectivas achegas, de conformidade con previsto na cláusula anterior, á UDC.

A firma do presente convenio de colaboración implica o compromiso firme de achega por parte de cada unha das entidades asinantes, que deberán facer efectiva a dita transferencia de crédito no prazo máximo de 2 meses dende a firma deste convenio. Antes do vencemento da vixencia do convenio a UDC porá a disposición das



entidades asinantes do convenio un documento resumen das actividades realizadas que deberá necesariamente incluír alo menos:

- O Plan Estratéxico da Cidade das TIC.
- Unha planificación das actuacións e investimentos a realizar na posta en marcha da Cidade nos próximos anos.
- Un plan de xestión da cidade e das súas infraestruturas, co deseño dun modelo de negocio sustentable.
- Un plan de sustentabilidade económico - financeiro da Cidade para a súa fase inicial (posta en marcha do Centro de Servizos Avanzados) e para a fase posterior. incluírá o deseño dun plan de aportacións financeiras tanto singulares como recorrentes.
- Informe da constitución da nova sociedade xestora da Cidade das TIC e cuantificación das achegas económicas por parte das administracións públicas que a integran.

#### **Oitava. Execución conxunta das actuacións do convenio**

No marco das actuacións que as partes consideran oportuno xestionar a través do presente convenio, se establece que a UDC poderá executar as actuacións ben de xeito dereito o a través dunha encarga ó medio propio que cónstitue a Fundación Universidad de A Coruña (FUAC con CIF (G15559728)). A estes efectos, tanto a UDC como a FUAC poderá concertar contratacións con entidades públicas e privadas para o bon fin do presente convenio. En todo caso, con carácter previo á súa concertación, se deberán informar por escrito e integrar as posibles aportacións de todas as partes asinantes para a súa execución dende unha perspectiva de consenso.

En consecuencia, tanto a UDC como a FUAC deberán xustificar a execución material das actuacións aprobadas neste convenio. A estes efectos deberán:

1. Xustificar documentalmente a realización das actuacións recollidas na cláusula primeira co alcance descrito ao longo do presente Convenio.
2. Entregar os xustificantes de gastos (facturas ou calquera outro documento con validez xurídica) que permitan acreditar o cumprimento das actuacións. As facturas e soportes dos gastos poderán ser tanto as asumidas pola UDC como pola FUAC.
3. Entregar os xustificantes bancarios dos pagos realizados no marco do convenio.
4. Entregar un documento contable onde se visualicen todas as actuacións.

Considéranse gastos elixible aqueles realizados no período da vixencia do convenio, e que se acrediten de forma fehaciente co correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado co obxecto do presente convenio:

- Gastos de persoal: Custos de persoal, polo importe e contía xustificada de acordo cos convenios que resulten de aplicación. Deberá achegarse nóminas, TCs da Seguridade Social e documentos de ingresos de retencións de IRPF.
- Gastos de servizos profesionais independentes directamente vinculados á execución dalgunha ou parte das accións para desenvolver dentro deste convenio.
- Gastos de material informativo, de comunicación e marketing vinculado coa Cidade das TIC.
- Para a consideración do IVE como gasto atendible, se fora o caso:

- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE):  
Certificación da AEAT de exención do IVE ou
- Si tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación algunha por parte da entidade: Certificado de Situación Censual expedido por AEAT no cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto acompañado de certificado da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias ambos a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación de AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do imposto sobre o Valor Engadido.

En ningún caso admitiranse como xustificación gastos de investimento, nin de amortización de ningún elemento de inmovilizado.

### **Novena. Contratación de servizos ou subministracións**

A estes efectos, poderá concertar contratacións con entidades públicas e privadas para o bo fin do presente convenio.

En ningún caso poderán contratarse servizos ou subministracións con persoas ou entidades vinculadas coa entidade que realice o obxecto deste convenio, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- Y que se informe previamente as institucións públicas asinantes por escrito.

### **Décima. Documentación para a xustificación e pagamento das contribucións; das partes**

Tal e como se menciona na cláusula sétima, a achega por parte de cada unha das entidades asinantes, deberá ser transferida a UDC no prazo máximo de 2 meses dende a firma deste convenio.

Unha vez finalizada a actividade, a UDC deberá presentar, a seguinte documentación:

- a) Memoria de actuación que incluíra:
  - Indicación das actividades realizadas e xustificación do cumprimento das condicións impostas
  - Valoración dos resultados obtidos
- b) Memoria económica:
  - Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade convenida, de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado.
  - Relación numerada de gastos, con indicación do acredor, do documento, do importe, data de emisión e data de pago.
  - Remisión de facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, todos eles orixinais ou copias compulsadas, ordenadas correlativamente segundo o número de orde asignada na relación numerada anterior, así como os documentos que acrediten a efectividade do seu pago
  - Xustificarse preferentemente con facturas aínda que se poderán admitir outros

documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigacións de facturación. As facturas haberán de presentarse polo conxunto da actividade conveniada. No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais a UDC e a FUAC están obrigada á retención do (IRPF), nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190.

- No caso de imputarse gastos de persoal: nóminas e será obrigatoria a presentación dos documentos TC1 e TC2 debidamente convalidados. O TC1 deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado de xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen custos de seguridade social. O modelo TC2 deberá ir asinado pola persoa autorizada, en caso de confeccionarse telemáticamente polo Sistema REDE. Deberá achegarse o documento acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas a traballadores suxeitos ao IRPF.

- Os 3 orzamentos que debe solicitar a entidade que realice o obxecto deste convenio cando o importe do gasto non supere a contía do contrato menor na LCSP, en caso contrario, acreditación da tramitación do expediente de contratación de conformidade cos procedementos da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

- Acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos. So se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, debendo acreditarse o pago a través de copia do extracto bancario cando o pago se realice a través de transferencia, copia do cheque bancario cando se realice a través de cheque, e coa conformidade, suficientemente acreditada, do contratista ou provedor na correspondente factura en caso de pagos en efectivo. Admitiranse pagos en efectivo por importes de até 500 euros. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 500 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo, deberá achegarse recibo no que conste que ao emisor foille satisfeito o importe, con identificación da factura á que corresponde o ben que no propio Xustificante de gasto o emisor do mesmo acredite responsablemente cun NIF e unha firma que recibiu o importe e a data na que o recibiu.

As institucións públicas asinantes reservanse o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a UDC e a FUAC quedarán obrigadas a facilitar canta información lle sexa requirida.

#### **Undécima. Vixencia**

Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa sinatura ata a constitución da sociedade xestora da Cidade das TIC, co límite de doce meses.

Este convenio poderá ser prorrogado de mutuo acordo expreso de tódalas partes sendo a data límite de 30 de decembro de 2022.

Tamén poderá ser prorrogado conforme as correspondentes adendas nas que se detallan as novas actuacións e orzamentos correspondentes relacionados co obxecto do convenio.

#### **Duodécima. Causas de resolución**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio, sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Introducción de modificacións substanciais sen que as mesmas se aceptasen pola Comisión de Seguimento.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

### **Décimo terceira. Comisión de seguemento**

Para facilitar a execución e desenvolvemento así como o seguimento e cumprimento do presente Convenio, constituirase unha comisión integrada, en principio, e salvo mutuo acordo das partes na súa modificación que obrigatoriamente plasmarase como unha addenda o convenio, polos seguintes membros:

- 1 membro por parte da UDC, que actuará como presidente.
- 1 membro por parte do IGAPE.
- 1 membro por parte da DEPUTACIÓN.
- 1 membro por parte do CONCELLO
- 1 membro por parte do CLUSTER.

As súas funcións serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propondo as actuacións que se consideren necesarias.
- Interpretar, nos casos de dúbidas, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio,

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias.

A adopción de acordos no seo da comisión, realizarase por maioría de votos correspondendo á representación de cada unha das entidades asinantes un número de votos equivalente á contribución orzamentaria prevista na cláusula sexta,

procurándose en todo momento o consenso.

#### **Décimo cuarta. Modificacións**

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **Décimo quinta. Minoracións**

Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio non acaden os importes previstos dos gastos xustificables. A parte non xustificada deberá ser prorrateada de acordo coas aportacións de cada entidade asinante.

#### **Décimo sexta. Publicidade**

De conformidade coas directrices de transparencia e bo goberno as entidades asinantes publicaran conformes a súa normativa específica de aplicación o importe da contribución económica ao amparo deste convenio es as entidades que forman parte do mesmo.

#### **Décimo sétima. Protección de datos**

O réxime de protección de datos de carácter persoal nas actuacións que se desenvolvan en execución do presente convenio suxeitarase á normativa nacional e comunitaria en materia de protección de datos, en especial, á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de daos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

#### **Décimo oitava. Natureza e xurisdición competente**

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. De acordo co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, está excluído do ámbito de aplicación da dita normativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que se puidese suscitar sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á Comisión de Seguimento prevista neste. No caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

#### **Décimo novena. Normativa aplicable**

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no capítulo VI do Título

Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E para que así conste aos efectos oportunos, en proba de conformidade, as partes asinan ó presente documento, por quintuplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.”

**5.- Aprobación técnica do Plan de Sendas Peonis 2021, quinta fase, integrado polo proxecto DP 7602 Feira de San Sadurniño a Riboira. Ampliación e senda do PQ 0+100 ao 1+600 , Concello de San Sadurniño**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar técnicamente o PLAN DE SENDAS PEONIS 2021 QUINTA FASE cun presuposto total de 610.212,15.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

<b>CODIGO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>PRESUPOSTO</b>	<b>EXPROPIACION</b>
2021.1170.0006.0	DP 7602 FEIRA DE SAN SADURNIÑO A RIBOIRA. AMPLIACION E SENDA DO PQ 0+100 AO 1+600	SAN SADURNIÑO	610.212,15	47.523,30

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

<b>CODIGO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>PRESUPOSTO</b>	<b>EXPROPIACION</b>
2021.1170.0006.0	DP 7602 FEIRA DE SAN SADURNIÑO A RIBOIRA. AMPLIACION E SENDA DO PQ 0+100 AO 1+600	SAN SADURNIÑO	610.212,15	47.523,30

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**6.- Aprobación do Plan de Conservación de vías provinciais 2021, segunda fase, integrado polo proxecto Mellora de firme con MBQ na DP 6805 Campara a Pazos P.Q. 3+000 ao P.Q. 5+200. (Ponteceso)**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2021, SEGUNDA FASE cun orzamento total de 303.583,42 .- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

<b>CÓDIGO</b>	<b>DENOMINACION DA OBRA</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>IMPORTE</b>
2021.1100.0034.0	MELLORA DE FIRME CON MBQ NA DP 6805 CAMPARA A PAZOS P.Q. 3+000 AO P.Q. 5+200	. PONTECESO	303.583,42

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**7.- Aprobación do proxecto modificado REF. DP 5811 /R Oleiros a Coruxo de Arriba. Travesía ramal rúa do Souto (Oleiros), incluído no Plan de Travesías**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Aprobar o Proxecto MODIFICADO Nº1 DO DE TRAVESÍA NA DP 5811 OLEIROS A CORUXO DE ARRIBA – RAMAL (RÚA DO SOUTO). OLEIROS CÓDIGO DA OBRA: 2019.1130.0003.1, e un prazo de execución de 6 meses, polo seu presuposto de contrata de 884.317,71 € que supón un incremento de 114.134,03 € respecto ao primitivo.
2. Aprobar a formalización en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L., CIF: B15081847, as modificacións do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un presuposto de adxudicación de 719.915,62 €, o que representa unha diferenza de 92.915,55 € con respecto ao prezo de adxudicación.
3. Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 3.839,49 €, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a formalización do contrato, quedando por tanto fixada a garantía en 29.748,52 €."

**8.- Aprobación do proxecto modificado REF. DP 1802 Veiga de Cabana ás Pontes de García Rodríguez, P.Q. 0+000 ao 8+808, ampliación de plataforma e mellora de trazado; incluído no Plan de Vías Provinciais 2019**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. **Aprobar o Proxecto MODIFICADO Nº1 DO DE DP 1802 VEIGA DE CABANA Á PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, P.Q. 0+000 AO 8+808, AMPLIACIÓN DE PLATAFORMA E MELLORA DE TRAZADO, AS PONTES CÓDIGO DA OBRA: 2019.1110.0011.1, e un prazo de execución de 8 meses, polo seu presuposto de contrata de 1.600.241,60 € que supón un incremento de 137.815,71 €**



**respecto ao primitivo.**

2. Aprobar a formalización en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, ALVAC, S.A. CIF: A40015851, as modificacións do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un presuposto de adxudicación de **1.238.301,36 €**, o que representa unha diferenza de **106.644,75 €** con respecto ao prezo de adxudicación.

3. Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de **4.406,82 €**, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a formalización do contrato, quedando por tanto fixada a garantía en **51.169,48 €**."

**9.- Aprobación do Plan de Investimentos 2021, décima fase, integrado polo proxecto DP 5201 Muxía a Touriñán pola costa. Glorieta PQ 2+475 Mellora capa rodaxe PQ 0+000 a 2+475, Concello de Muxía**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE VIAS PROVINCIAIS 2021, DECIMA FASE cun orzamento total de 425.082,35.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO
2021.1110.0012.0	DP 5201 MUXIA A TOURIÑAN POLA COSTA.GLORIETA PQ 2+475 MELLORA CAPA RODAXE PQ 0+000 A 2+475	MUXIA	425.082,35

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**10.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Trazo para a execución das obras de reparación de camiños municipais afectados por desvío de tráfico como consecuencia das obras de construción da Ponte Rego Gatofero na DP 7804, Concello de Trazo, así coma aprobación do citado proxecto.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar o **CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TRAZO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS AFECTADOS POR DEVÍO DE TRÁFICO COMO CONSECUENCIA DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA PONTE REGO GATOFERO NA DP 7804, CONCELLO DE TRAZO**, que se financiara integramente pola Deputación (100%), cun orzamento total de 144.525,88 e desglosandose do seguinte modo:

IMPORTE OBRA	IMPORTE COORDINACION SEGURIDADE E SAÚDE	IMPORTE CONTROL DE CALIDADE
142.721,91	812,78	991,19

2º.- Aprobar o Proxecto de **REPARACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS AFECTADOS POR DEVÍO DE TRÁFICO COMO CONSECUENCIA DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA PONTE REGO GATOFERO NA DP 7804, CONCELLO DE TRAZO**, cun presuposto de 142.721,91 euros, código 2021.7490.0001.0, que se financiará con cargo á aplicación 0410/4532/650.

3º.- Condicionar a formalización e efectividade do convenio a aprobación definitiva do Expediente de Modificación de Créditos no que se inclúa crédito adecuado e suficiente, e a súa aprobación polo órgano competente do Concello de Trazo.

4º.- Facultar a Presidencia para a contratación das obras e servizos unha vez cumpridos os requisitos a que se refire o apartado 3º do presente acordo.

**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TRAZO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS AFECTADOS POR DEVÍO DE TRÁFICO COMO CONSECUENCIA DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA PONTE REGO GATOFERO NA DP 7804, CONCELLO DE TRAZO**

Na Coruña, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

**REUNIDOS**

34

Dunha parte, \_\_\_\_\_ o representante da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, \_\_\_\_\_ o representante do Concello de Trazo.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

## **MANIFESTAN**

A execución das obra: “DP 7804 Construción de Ponte sobre Rego Gatofero, na estrada DP 7804 de Val do Dubra a Santiago de Compostela fixo necesario realizar o desvío do tráfico por as seguintes estradas municipais:

1) Estrada dende a DP 7804 á altura de Pontealbar a Chaián (P.Q. 0 a 2+440. N este tramo a estrada tiña un pavimento con tratamento superficial. Faise unha reparación dos baches e afundimentos ocasionados polo tráfico e se realiza un dobre tratamento superficial en todo o ancho da plataforma. Arranxase un tramo de canalización danada, un tramo de cuneta de formigón e para completar a actuación execútase a sinalización horizontal e vertical.

2) Estrada dende cruce en Chaián ata a Ponte sobre o Río Tambre (lonxitude de 1300m). Neste tramo a estradatiña un pavimento de mestura bituminosa en quente. Para súa reparación se realiza o fresado e reposición das zonas deterioradas e posteriormente, co fin de unificar todo o firme, exténdese un microaglomerado en frío en todo o ancho da plataforma. Se recrecen os sumideiros afundidos polo paso de vehículos pesados sobre eles, así como o tramo de canalización danado. Refaise un pozo e un sumideiro. Para completar a actuación execútase a sinalización horizontal e vertical e cuxo dimensionamiento do firme non estaba preparado para soportar o tráfico pesado que habitualmente circula pola DP 7804.

Ambas partes consideran que tendo en conta que os danos producidos nas estradas municipais son como consecuencia do desvío do tráfico para execución das obras da Deputación na DP 7804 a reparación das mesmas debe ser realizada pola Deputación da Coruña.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Trazo** ambas as dúas partes

## **A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

1- O presente convenio ten por a execución das obras de reparación de estradas municipais incluídos no Proxecto de ACONDICIONAMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS DE TRAZO AFECTADAS POLO DESVÍO DE TRÁFICO DA OBRA DP 7804 CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE REGO GATOFERO.

## II.- PROXECTO

1.- O Concello de Trazo autoriza a Deputación Provincial da Coruña a execución das obras incluídas no proxecto ACONDICIONAMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS DE TRAZO AFECTADAS POLO DESVÍO DE TRÁFICO DA OBRA DP 7804 CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE REGO GATOFERO

2.- Coa aprobación do presente convenio a Deputación aproba o proxecto ACONDICIONAMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS DE TRAZO AFECTADAS POLO DESVÍO DE TRÁFICO DA OBRA DP 7804 CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE REGO GATOFERO.

## III.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Presuposto execución material	99.119,32
13 % gastos xerais	12.885,51
6 % beneficio industrial	5.947,16
Presuposto base de licitación IVE Incluído	117.951,99
Imposto sobre valor engadido 21%	24.769,92
Total presuposto das obras	142.721,91

## IV.- CONTRATACION DAS OBRAS

A Deputación contratará as obras incluídas no referido proxecto mediante procedemento aberto cun único criterio de adxudicación e con arranxo ao Prego aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 26-02-2021 (BOP 42 de 04-03-2021).

## V.- CONTRATACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE E CONTROL DE CALIDADE

A Deputación contratará os servizos de coordinación da seguridade e saúde polo importe de 812,78 euros e control de calidade por importe de 991,19 euros, das referidas obras,.

## VI.- DIRECCIÓN DAS OBRAS

A dirección das obras corresponderá aos Técnicos do Servizo de Vías e Obras Provinciais.

## VII.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras e servizos, tal como se define na cláusula anterior, con cargo a aplicación orzamentaria 0410/4532/650, cun orzamento total de 144.525,88 euros sendo o desglose o que se indica:

IMPORTE OBRA	IMPORTE COORDINACION SEGURIDADE E SAÚDE	IMPORTE CONTROL DE CALIDADE
142.721,91	812,78	991,19

2. A Deputación financiará os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra e contratos conexas, previa a correspondente proposta da dirección de obra, e informes de Secretaría e Intervención, existencia de

crédito adecuado e suficiente e aprobación polo órgano competente da Deputación.

3. As economías que se produzan na adxudicación ou execución das obras se imputarán a Deputación Provincial da Coruña.

#### **VIII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o concello de Trazo se compromete a manter en perfecto estado de conservación, os carteis de obra que instale a Deputación nas citadas estradas ata o remate do prazo de garantía

#### **IX.- ACTA DE RECEPCION**

Unha vez rematadas as obras procederase a formalización da acta de recepción coa asistencia do director das obras, representante da administración e intervención, así como poderá asistir un técnico representante do Concello de Trazo.

#### **X.- ACTA DE ENTREGA**

Unha vez formalizada a acta de recepción a Deputación e o concello de trazo asinarán a acta de entrega das obras realizadas asumindo novamente o Concello de Trazo o seu mantemento e conservación, sen perxizo da responsabilidade do contratista adxudicatario durante o prazo de garantía.

#### **XI.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia polo prazo de dous anos, (tendo en conta que o prazo de licitación e adxudicación estimado é de 3 meses, o prazo de formalización da comprobación de replanteo é de 1 mes, o prazo de execución 5 meses e o prazo de garantía 1 ano). Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a Deputación Provincial da Coruña non poida ter rematadas as obras nese prazo, éste poderá prorrogarse polo prazo dun ano máis, todo ello condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

#### **XII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como

consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_ de x\_\_\_\_de 2021.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA,

O representante DO CONCELLO DE  
TRAZO

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

O SECRETARIO XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: \_\_\_\_\_"

**11.- Aprobación da modificación da vixencia do Convenio suscrito co concello de CARRAL para o cofinanciamento das obras de Mellora da seguridade peonil no concello.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da vixencia do Convenio suscrito co concello de Carral para o cofinanciamento das obras de Mellora da seguridade peonil no concello, ata o 31 de outubro de 2022 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria., quedando redactada a cláusula XIII do convenio do seguinte xeito:

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO**

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO do 2022. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade

Orzamentaria.

A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora."

**12.- Aprobación da modificación da vixencia do Convenio suscrito co concello de PONTEDEUME para o cofinanciamento das obras de Reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social de Vizús (antiga escola unitaria de Centroña).**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da vixencia do Convenio suscrito co concello de Pontedeume para o cofinanciamento das obras de Reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social de Vizús (antiga escola unitaria de Centroña), ata o 30 de xuño de 2022 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria., quedando redactada a cláusula XIII do convenio do seguinte xeito:

#### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 30 de xuño do 2022. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira

a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora."

**13.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de AMES para cofinanciamento das obras de protección e consolidación da calzada e o Arco da Ponte Cabirta no río Sar.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de AMES para cofinanciamento das obras de protección e consolidación da calzada e o Arco da Ponte Cabirta no río Sar, ata o 31 de outubro de 2022 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

**14.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de AMES para cofinanciamento das obras de Acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da EIM O Bosque en Bertamiráns.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de AMES para cofinanciamento das obras de Acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da EIM O Bosque en Bertamiráns), ata o 31 de outubro de 2022 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

**15.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ para cofinanciamento das**



**obras de Rehabilitación de cuberta, fachada e pavimento no polideportivo Monte Caxado.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de As Pontes de García Rodríguez para cofinanciamento das obras de Rehabilitación de cuberta, fachada e pavimento no polideportivo Monte Caxado, ata o 31 de outubro de 2022 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

**16.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de CAMARIÑAS para cofinanciamento das obras de Renovación da rede principal de abastecemento de Camariñas.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de CAMARIÑAS para cofinanciamento das obras de Renovación da rede principal de abastecemento de Camariñas, ata o 31 de outubro de 2022 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

**17.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de CAMBRE para cofinanciamento das obras de acondicionamento de pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de CAMBRE para cofinanciamento das obras de acondicionamento de pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez), ata o 31 de outubro de 2022 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

**18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da ponte sobre o Río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e o lugar do Penedo", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/ 2018, 1ª fase, co código 2018.2001.0632.0**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e o lugar do Penedo", do Concello de Carral, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, co código 2018.2001.0632.0, no que se acreditan os seguintes

### **ANTECEDENTES**

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2018/30453, do 12 de setembro de 2018, que en relación co acordo adoptado polo Pleno provincial na sesión realizada o 16 de maio de 2018, aprobou a primeira fase do POS+ Adicional 1/2018, no que se inclúe este investimento cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Carral	2018.2001.0632.0	Ampliación ponte sobre o río Brexa entre o lugar da Calle e lugar do Penedo	69.945,91	0,00	69.945,91

Tendo en conta que o Concello de Carral, mediante Decreto da Alcaldía do 26 de marzo de 2019, adxudicoulle a obra á empresa SYR-AMG, S.L.U., co NIF B15938780 e que no día de hoxe aínda non consta que se presentara ningunha certificación

Logo de aprobar o Concello de Carral, previos os informes técnicos e xurídicos favorables, coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, José Antonio Gómez Rodríguez, previa audiencia ao redactor do proxecto inicial, Miguel Ángel Astray Fernández, un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 17 de setembro de 2021 pola enxeñeira de camiños, canles e portos, Ana María García Mayo e polo arquitecto municipal e director da obra, Félix Quijano Yáñez e o 28 de setembro polo representante da empresa adxudicataria, cun incremento do seu orzamento de adxudicación de 11.563,67 €, que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxecto recoller os cambios estritamente indispensables para adaptar o proxecto inicial á realidade física do terreo no que se vai realizar a ponte, para dar cumprimento aos requirimentos estruturais necesarios para que a ponte sexa segura, toda vez que se debe aumentar a profundidade da cimentación ao non axustarse o sinalado no estudio xeotécnico do proxecto inicial coa realidade do terreo no tocante ás características da súa resistencia

Logo de ver o informe técnico (Anexo V), asinado o 13 de setembro de 2021 polo arquitecto municipal e director da obra, no que indica que o proxecto modificado precisa dunha nova autorización de Augas de Galicia.

Logo de ver a Resolución de Augas de Galicia asinada dixitalmente o 4 de outubro de 2021 pola directora de Augas de Galicia, autorizando a demolición dunha ponte existente e a execución dunha nova ponte sobre o Río Brexa, coa imposición dunha serie de condicións e cun prazo de vixencia de 24 meses

Logo de ver o informe do director das obras, emitido o 6 de outubro de 2021, no que se indica que o proxecto modificado cumpre con todas as condicións contidas na autorización de Augas de Galicia

Tendo en conta que o proxecto modificado asinado dixitalmente o 17 de setembro de 2021 foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 4 de outubro de 2021

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Regulatoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “ Ampliación da ponte sobre o Río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e o lugar do Penedo”, do Concello de Carral, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás

obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, co código 2018.2001.0632.0, que foi aprobado mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2018/30453, do 12 de setembro de 2018, en relación co acordo plenario do 16 de maio de 2018, que está adxudicado e pendente de executar, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria e do director da obra, previa audiencia ao redactor do proxecto inicial, cun incremento do seu orzamento de adxudicación de 11.563,67€ que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxecto recoller os cambios estritamente indispensables para dar cumprimento aos requirimentos estruturais necesarios para que a ponte sexa segura, toda vez que se debe aumentar a profundidade da cimentación ao non axustarse o sinalado no estudio xeotécnico do proxecto inicial coa realidade do terreo no tocante ás características da súa resistencia, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello de Carral Código: 2018.2001.0632.0 "Ampliación ponte sobre o río Brexá na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo"	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	Adxudicación
<b>Deputación</b>	69.945,91	58.048,01	69.945,91	58.048,01	0,00
<b>Concello</b>	0,00	0,00	13.933,84	11.563,67	11.563,67
<b>Total</b>	69.945,91	58.048,01	83.879,75	69.611,68	11.563,67

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/1536/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Carral para os efectos oportunos."

**19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Federación Española de Surf polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Aprende a través del surfing"**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da

subvención. Estos principios se encuentran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

O obxecto da presente subvención "APRENDE A TRAVÉS DEL SURFING" consiste principalmente nunha serie de actividades co profesorado e alumnado de primaria, mediante formación e prácticas de surf encamiñadas a, por unha banda a fomentar o coñecemento da cultura oceánica na poboación local, de vinculación ao océano como elemento propio e de patrimonio natural, do seu potencial turístico, ademais de difundir o coñecemento da xeoloxía, biodiversidade e hidrodiversidade locais, ademais de fomentar o coñecemento e práctica do surfing. O proxecto pretende incluír a máis de 3.000 escolares da provincia e vai encaminado ao fomento de valores éticos e de concienciación co medio ambiente, especialmente cos máis xóvenes.

3º Aprobado o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e co FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE SURF CIF V15734205 para financiar o proxecto "APRENDE A TRAVÉS DEL SURFING"

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 20.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 48,58 %. sobre un orzamento total de 41.170,00 €

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481

6º Dada a imposibilidade do cumprimento dos prazos indicados na proposta inicial, modifícanse e ampliáanse os mesmos, para posibilitar o cumprimento por parte da asociación

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "APRENDE A TRAVÉS DEL SURFING"**

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte ..... en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte, ....., en representación do FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

- 1 Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF consideran de gran interese para a provincia financiar un proxecto de bautismo de surf para rapaces da provincia.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF**, CIF V15734205, , polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "APRENDE A TRAVÉS DEL SURFING" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

- BAUTISMOS DE SURFING: 11.964 eur (Precio 12 eur por alumno) 6 escolas de surf tituladas en DEAN: Valdo Surf School, Galisurf, OneSurf Academy, BoaOla, Narea y Ubuntulife.....**11.964,00 €**
  - BAUTISMOS DE SURFING: 3.200 eur en produtos para entregar ao alumnado e profesorado. (Refrescos en lata, crema solar ecolóxica y botellas recheables).....**3.200,00 €**
  - Xestión técnica do proxecto 20.000 eur brutos. (A realizar pola asociación SURF & CLEAN).....**20.000,00 €**
  - Gastos xerais, xestión, comunicación, creación de contidos rrrp, plataforma online, etc..... **5.006,00 €**
  - Retribución colaborador designado pola FESURFING.....**1.000,00 €**
- TOTAL.....41.170,00 €**

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 48,58%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que

- represente o 48,58% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
  3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481.00, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
  4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
  5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- 7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de novembro de 2020 e o 31 de outubro de 2021.
2. Unha vez rematadas as actividades, o FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF da sanción que,



de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

- 1 O FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade

para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro

de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de novembro de 2020 ao 31 de outubro de 2021, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do 2022, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de xaneiro de 2022**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar

cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación,

O Representante da ASOCIACION

O Secretario Provincial"

**20.- Aprobación da modificación da cláusula XIII da vixencia do convenio administrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o concello de Ares polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Cuberta da cociña do mosteiro de santa Catalina de Montefaro"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude do Concello de Ares do 24/09/2021 na que se solicita a prórroga do convenio nº 54/2020 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas á CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO, convenio que foi inicialmente prorrogado ata o 31/10/2021 mediante AP 18 do 30/04/2021

En data 24/09/2021, e dentro do establecido no convenio, a entidade achega solicitude de prórroga por non ser posible ter rematadas as obras dentro dos prazos motivado polos retrasos no suministro dos materiais necesarios, en concreto o concello argumenta que:

*- por motivos da dispoñibilidade a nivel mundial dos materiais necesarios na execución da obra, principalmente madeira e aceiro, non se poderá cumprir co prazo previamente establecido*

Dado que o convenio establece na súa clausula XIII de vixencia do mesmo no que se determina que a prórroga en ningún caso poderá superar o 31 de outubro de 2021. Unha vez emitida a primeira prórroga, coas novas datas de previsión de finalización das obras, NON PROCEDE UNHA PRÓRROGA, por superar a data límite establecida no convenio mais sí se contempla a posibilidade de modificación do convenio, segundo figura no punto 3 da dita cláusula.

*"Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo*

*plenario."*

2º.- Aprobar a modificación do texto do convenio de interadministrativo de cooperación 54/2020 suscrito entre a Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE ARES CIF P1500400E para o financiamento do "CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO " na súa cláusula XIII onde se modifica a data da vixencia do mesmo, quedando establecida no **31/01/2022**

3º.- A subvención poderá facerse efectiva, dacordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3339/76201.

Polo tanto a cláusula XIII do convenio quedaría como segue:

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 31 de xaneiro do 2022. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 31 de decembro de 2021**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2022**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

**21.- Aprobación da modificación da cláusula XIII da vixencia do convenio administrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o concello de Mugardos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Pista de Pumptrack en O Baño T.M. Mugardos"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude do Concello de Mugardos do 15/09/2021 na que se solicita a prórroga do convenio nº 94/2019 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas á PISTA DE PUMPTRACK EN O BAÑO T.M. MUGARDOS, convenio que foi inicialmente prorrogado ata o 31/10/2021 mediante RP 2020/31762 do 16/10/2020

En data 15/09/2021, e dentro do establecido no convenio, a entidade achega solicitude de prórroga por non ser posible ter rematadas as obras dentro dos prazos motivado polos retrasos nos procedementos de adxudicación que obedecen aos seguintes motivos:

- A imposibilidade de ter rematadas as obras e presentada a xustificación dentro do prazo de vixencia sinalado na cláusula XIII do citado convenio que na actualidade atópase prorrogado, por non ter podido ainda iniciar a execución das obras que foron adxudicadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 09.09.2021.

- Atendido o anterior, polo presente solicítase a concesión dunha prórroga da vixencia do convenio anteriormente citado por un prazo de seis meses, isto é ata o 30 de abril de 2021, aos efectos de poder ter así rematadas as obras e presentada a xustificación dentro deste novo prazo solicitado

Dado que o convenio establece na súa cláusula XIII de vixencia do mesmo no que se determina que a prórroga en ningún caso poderá superar o 31 de outubro de 2021. Unha vez emitida a primeira prórroga, coas novas datas de previsión de finalización das obras, NON PROCEDE UNHA PRÓRROGA, por superar a data límite establecida no convenio mais sí se contempla a posibilidade de modificación do convenio, segundo figura no punto 3 da dita cláusula.

*"Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario"*

2º.- Aprobar a modificación do texto do convenio de interadministrativo de cooperación 94/2019 suscrito entre a Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE MUGARDOS CIF P1505200D para o financiamento do "" PISTA DE PUMPTRACK EN O BAÑO T.M. MUGARDOS " na súa cláusula XIII onde se modifica a data da vixencia do mesmo, quedando establecida no **30/04/2022**

3º.- A subvención poderá facerse efectiva, dacordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/76201.

**Polo tanto a cláusula XIII do convenio quedaría como segue:**

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **30 de abril do 2022**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 31 de marzo de 2022**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2023**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

**22.- Aprobación da modificación da cláusula XIII da vixencia do convenio administrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Praza no camiño inglés"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude do Concello de Pontedeume do 28/07/2021 na que se solicita a prórroga do convenio nº 41/2020 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas á *PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE PRAZA NO CAMIÑO INGLÉS*

En data 28/07/2021, e dentro do establecido no convenio, a entidade achega un informe técnico sobre imposibilidade de rematar as obras, complementado cunha solicitude de prórroga por non ser posible ter rematadas as obras dentro dos prazos motivado polos retrasos debidos á COVID19 o que motivou que toda a tramitación do proxecto levase un considerable retraso.

A entidade achega informe técnico asinado polo arquitecto municipal onde especifica que a data de remate das obras, dadas as circunstancias actuais quedaría fixada aproximadamente no mes de maio 2022 e acta de entrega en xuño 2022. Dado que o convenio establece na súa clausula XIII de vixencia do mesmo no que se determina que a prórroga en ningún caso poderá superar o 31 de outubro de 2021. Polo tanto , **NON PROCEDE UNHA PRÓRROGA**, mais sí se contempla a posibilidade de modificación do convenio, segundo figura no punto 3 da dita cláusula.

*"Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."*

2º.- Aprobar a modificación do texto do convenio de interadministrativo de cooperación 41/2020 suscrito entre a Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE PONTEDEUME CIF P1507000F para o financiamento do "PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE PRAZA NO CAMIÑO INGLÉS " na súa cláusula XIII onde se modifica a data da vixencia do mesmo, quedando establecida no **31/10/2022**



3º.- A subvención poderá facerse efectiva, dacordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4322/76201.

**Polo tanto a cláusula XIII do convenio quedaría como segue:**

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de cooperación interadministrativa producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 31 de outubro do 2022. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de setembro de 2022**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2023**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

**23.- Aprobación da modificación da cláusula XIII da vixencia do convenio administrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o concello de Narón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Rehabilitación do muíño de Xuvia"**

## **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude do Concello de Narón do 01/09/2021 na que se solicita a prórroga do convenio nº 95/2019 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas á REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE XUVIA, convenio que foi inicialmente prorrogado ata o 31/10/2021 mediante AP 20 do 30/12/2020

En data 1/09/2021, e dentro do establecido no convenio, a entidade achega solicitude de prórroga por non ser posible ter rematadas as obras dentro dos prazos motivado polos retrasos nos procedementos de adxudicación que obedecen aos seguintes motivos:

- A propia dificultade, pola magnitude, complexidade e natureza da obra, na confección dos pregos técnicos e administrativos que rexen ambas licitacións.
- A necesidade de modificar o proxecto orixinal a requirimento de ese organismo para a inclusión de diversos anexos e a clarificación do alcance de varias partidas orzamentarias.
- A suspensión de prazos administrativos motivados pola situación sanitaria provocada polo COVID-19, que retrasou a publicación dos anuncios de licitación.
- O retraso na tramitación de algunhas autorizacións administrativas, consecuencia das múltiples afectacións polo seu particular emprazamento, e antecedentes históricos e etnográficos.
- A incursión das ofertas dos licitadores en presunción de anormalidade, ao superar os límites establecidos nos pregos para seren consideradas inicialmente como anormalmente baixas; o que require dunha minuciosa análise para seren admitidas ou excluídas da licitación.
- A tramitación do recurso de reposición presentado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ao prego de cláusulas administrativas da licitación dos servizos de dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde das obras.
- A necesidade, no caso do expediente CON/54/2019, de declarar desertos dous dos lotes (Dirección de Obra e Dirección de Execución), pola inexistencia de ofertas presentadas nos prazos establecidos, e a necesidade de proceder neste caso á adaptación dos pregos e a unha nova licitación; o que á súa vez imposibilita o comezo da obra ata que estes servizos estean contratados.

Dado que o convenio establece na súa cláusula XIII de vixencia do mesmo no que se determina que a prórroga en ningún caso poderá superar o 31 de outubro de 2021. Unha vez emitida a primeira prórroga, coas novas datas de previsión de finalización das obras, NON PROCEDE UNHA PRÓRROGA, por superar a data límite establecida no convenio mais sí se contempla a posibilidade de modificación do convenio, segundo figura no punto 3 da dita cláusula.

*“Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.”*

2º.- Aprobar a modificación do texto do convenio de interadministrativo de cooperación 95/2019 suscrito entre a Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE NARÓN CIF P1505500G para o financiamento do “REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE XUVIA ” na súa cláusula XIII onde se modifica a data da vixencia do mesmo, quedando establecida no **31/10/2022**

3º.- A subvención poderá facerse efectiva, dacordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3339/76201.

**Polo tanto a cláusula XIII do convenio quedaría como segue:**

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente interadministrativo convenio de cooperación producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 31 de outubro do 2022. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de setembro de 2022**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2023**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o

prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

**24.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de setembro de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de setembro de 2021.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de setembro de 2021.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2021.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

**25.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a setembro de 2021 e proxección a 31/12/2021.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de setembro de 2021, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2021, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da Regra do Gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con Remanente de Tesourería do exercicio 2020 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

O Consello de Ministros do 6 de outubro de 2020 e o Congreso dos Deputados na sesión do 20 de outubro acordaron suspender as regras fiscais

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

**26.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 6/2021 de aprobación polo Pleno.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 6/2021 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 6.476.715,17 euros e que ofrece o seguinte resumo:

#### A. NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

##### A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	<b>1.560.525,88</b>
SC. Suplementos de crédito:	<b>4.916.189,29</b>
<b>Total aumentos:</b>	<b>6.476.715,17</b>

##### A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería:	<b>6.191.715,17</b>
Baixas por anulación:	<b>285.000,00</b>
<b>Total financiamento:</b>	<b>6.476.715,17</b>

#### B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

##### B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1 Gastos de persoal	0,00	0,00
2 Gastos correntes	<b>229.386,54</b>	<b>185.000,00</b>
3 Gastos financeiros	<b>200.000,00</b>	0,00
4 Trans. Correntes	<b>838.000,00</b>	0,00
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6 Investimentos reais	<b>3.736.857,55</b>	0,00
7 Trans. de capital	<b>1.472.471,08</b>	<b>100.000,00</b>
8 Activos financeiros	0,00	0,00
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00
<b>TOTAL:</b>	<b>6.476.715,17</b>	<b>285.000,00</b>

##### B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1 Impostos directos	0,00
2 Impostos indirectos	0,00
3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Transferencias correntes	0,00
5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Transferencias de capital	0,00
8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	<b>6.191.715,17</b>
9 Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL:</b>	<b>6.191.715,17</b>

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto

lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

**4-** Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**5.-** Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2021 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta os acordos adoptados polo Consello de Ministros do 6 de outubro e polo Congreso dos Deputados na sesión do 20 de outubro de 2020 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2020 e 2021 como consecuencia da situación excepcional de pandemia formalmente declarada.

**6.-** No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "*Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas*", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a

todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado, que esta Corporación Provincial pasou, dunha asignación de 25 millóns de euros, a unha asignación de máis de 100.000.000 millóns de euros.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

**27.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao terceiro trimestre de 2021.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Tomar coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética da Coruña) correspondentes ao terceiro trimestre de 2021, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

2. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3. Envíar a devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma."

**28.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal xeral**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- 1.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL XERAL para engadir un novo apartado d) ao parágrafo segundo do artigo 42 coa seguinte redacción:

*d) mediante xiro postal, nos termos previstos no correspondente convenio asinado coa Sociedade Estatal Correos e Telégrafos. Os ingresos por este medio entenderanse, para todos os efectos, realizados no día no que o xiro fora imposto.*

O texto íntegro da ordenanza fiscal xeral, unha vez incorporada a modificación citada, sería o seguinte:

### **ORDENANZA FISCAL XERAL**

#### **TÍTULO I**

#### **NORMAS TRIBUTARIAS DE CARÁCTER XERAL**

##### **Artigo 1.- OBXECTO**

1.- Esta Ordenanza fiscal xeral, ditada ao abeiro do artigo 106.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 12 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e igualmente en desenvolvemento do apartado e) do artigo 7 e da disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ten por obxecto establecer os principios básicos e normas comúns aos seguintes tributos:

- a) Tributos propios da Deputación Provincial da Coruña (en diante a Deputación).
- b) Tributos cuxa xestión delegaron as entidades locais da provincia, a ordenanza entenderase aplicable exclusivamente a aquelas funcións de xestión que sexan efectivamente delegadas por estas entidades. Para estes efectos esta ordenanza, a través das normas comúns que contén, complementa as ordenanzas particulares respectivas.

2.- As normas contidas nesta ordenanza fiscal serán aplicables supletoriamente a outros ingresos de dereito público naqueles supostos concretos non establecidos especificamente na súa normativa reguladora e en canto a natureza xurídica de cada tipo de ingreso faga posible a dita aplicación.

##### **Artigo 2.- VINCULACIÓN CON ORDENANZAS PARTICULARES**

As normas desta Ordenanza fiscal xeral consideraranse parte integrante das respectivas ordenanzas particulares, en todo o que non estea especialmente regulado nestas.

### **Artigo 3.- ÁMBITO DE APLICACIÓN**

1.- Esta ordenanza obrigará en todo o territorio da provincia da Coruña.

2.- As normas contidas nesta ordenanza obrigarán desde a súa entrada en vigor ata a súa derogación ou modificación, de acordo coa súa disposición final.

### **Artigo 4.- NORMATIVA APLICABLE**

1.- Os tributos propios da Deputación e aqueles cuxa xestión teña encomendada por delegación, rexeranse:

- a) Pola Constitución.
- b) Polos tratados ou convenios internacionais que conteñan cláusulas de natureza tributaria e, en particular, polos convenios para evitar a dobre imposición, nos termos establecidos no artigo 96 da Constitución.
- c) Polas normas que dite a Unión Europea e outros organismos internacionais ou supranacionais aos que se atribúa o exercicio de competencias en materia tributaria de conformidade co artigo 93 da Constitución.
- d) Pola Lei reguladora das bases del réxime local, polo Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, pola lexislación xeral tributaria e orzamentaria e polas demais leis que conteñan disposicións en materia tributaria.
- e) Polas disposicións regulamentarias ditadas en desenvolvemento das normas anteriores e, especificamente, por esta Ordenanza fiscal xeral e polas restantes ordenanzas particulares da propia Deputación, ou dos concellos ou entidades locais no caso dos tributos cuxa xestión fose obxecto de delegación en favor desta. Todo iso de acordo co establecido nas normas citadas nos apartados anteriores.
- f) Polas instrucións e circulares que poida ditar a Presidencia da Deputación para aplicar esta ordenanza xeral ou as ordenanzas particulares correspondentes.

2.- Terán carácter supletorio as disposicións xerais do dereito administrativo e os preceptos do dereito común.

## **TÍTULO II**

### **DO DESENVOLVEMENTO E ADAPTACIÓN DE DETERMINADOS ASPECTOS RELATIVOS AOS TRIBUTOS E Á SÚA APLICACIÓN**

#### **Artigo 5.- TRIBUTOS PROVINCIAIS**

De conformidade co disposto nos artigos 131 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, os tributos provinciais son:

- 1.- Taxas
- 2.- Contribucións especiais
- 3.- Recargas esixibles sobre os impostos doutras entidades locais

## **Artigo 6.- TRIBUTOS MUNICIPAIS DELEGADOS**

Poderán ser obxecto de delegación na Deputación os tributos e demais ingresos de dereito público que sinalen as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas polo Pleno da Deputación, coas condicións e o alcance que nelas se recollen.

## **Artigo 7.- Concorrenza de varios obrigados tributarios.**

A concorrenza de varios obrigados tributarios nun mesmo presuposto dunha obriga, determinará que queden solidariamente obrigados fronte á Administración tributaria provincial, ao cumprimento de todas as prestacións, salvo que por lei se dispoña expresamente outra cousa.

Cando a Deputación só coñeza a identidade dun titular, practicará e notificará as liquidacións tributarias a nome deste, o cal virá obrigado a satisfacelas se non solicita a súa división.

Para que proceda a división, será indispensable que o solicitante facilite os datos persoais e o domicilio correcto e completo dos obrigados ao pagamento, así como a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido, mediante comunicación expresa para o efecto, á que deberán acompañarse os medios documentais xustificativos da procedencia da división.

En relación co imposto sobre bens inmobles rústicos, só se atenderán as solicitudes de división cando a cota que se vai ingresar por parcela para cada un dos obrigados tributarios resulte superior a 6 €.

Salvo que a normativa reguladora de cada tributo estableza outra cousa, cando se trate de tributos periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, para que a solicitude de división produza efectos, deberá presentarse no prazo establecido para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.

Se non se trata de supostos de alta no correspondente padrón ou matrícula, a petición de división producirá efectos a partir do seguinte período impositivo a aquel en que se presentou a solicitude.

Nos tributos de natureza instantánea, a solicitude de división, para que produza efectos fronte á Administración provincial, deberá presentarse antes da finalización do prazo para declarar a realización do feito imponible ou, no seu caso, para presentar en prazo a correspondente autoliquidación.

Nos restantes casos, a solicitude de división deberá presentarse nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria.

## **Artigo 8.- DOMICILIO FISCAL**

O domicilio fiscal será único para cada contribuínte, nas súas relacións con esta administración.

Os obrigados tributarios deberán comunicarlle o seu domicilio fiscal e o seu cambio á administración tributaria provincial, mediante declaración expresa para ese efecto, sen que o cambio de domicilio produza efecto fronte á administración, ata que se cumpra co devandito deber de comunicación. A administración poderá comprobar e rectificar o domicilio fiscal declarado polos obrigados tributarios.

Os obrigados tributarios non residentes en España, para canto se refire ás súas relacións coa administración tributaria provincial, estarán obrigados a designar un representante con domicilio en territorio español.

## **Artigo 9.- BENEFICIOS FISCAIS**

1.- Salvo que por disposición legal expresa se sinala o contrario, a concesión dos beneficios fiscais ten carácter rogado, polo cal o obrigado tributario terá que solicitala.

Nos casos en que o beneficio fiscal teña que concederse a instancia de parte, salvo que expresamente se sinala o contrario na correspondente ordenanza fiscal, a solicitude deberá presentarse:

- a) Cando se trate de tributos periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, no prazo establecido na respectiva ordenanza para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.  
Se non se trata de supostos de alta no correspondente padrón ou matrícula o recoñecemento do dereito ao beneficio fiscal producirá efectos a partir do seguinte período a aquel en que se presentou a solicitude.
- b) Cando se trate de tributos nos que estea establecido o réxime de autoliquidación, no prazo de presentación da correspondente autoliquidación.
- c) Nos restantes casos, nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria ou ao tempo da presentación da solicitude do permiso ou autorización que determine o nacemento da obrigaón tributaria, segundo proceda.

2. - Con carácter xeral, a solicitude dos beneficios fiscais non terá carácter retroactivo, polo que comezará a ter efectos dende o momento en que por primeira vez teña lugar o devengo do tributo con posterioridade á data de solicitude do beneficio fiscal.

3.- A proba da concorrencia dos requisitos establecidos pola normativa de cada tributo para percibir os beneficios fiscais correspóndelle ao obrigado tributario.

4.- A resolución de concesión ou denegación dos beneficios fiscais de carácter rogado notificarase no prazo de seis meses desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro da Deputación. Se non se notifica a resolución neste prazo, a solicitude formulada entenderase desestimada.

5.- Cando se trate de beneficios fiscais que han de outorgarse de oficio, aplicaranse no momento de practicar a liquidación, sempre que o servizo xestor dispoña da información acreditativa dos requisitos esixidos para percibilos.

## **TÍTULO III**

### **A APLICACIÓN DOS TRIBUTOS**

#### **CAPÍTULO I**

Información e asistencia ao contribuínte

##### **Artigo 10.- CONSULTAS TRIBUTARIAS ESCRITAS**

1.- As consultas tributarias formularanas por escrito, dirixido ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación, os suxeitos e nos prazos sinalados na Lei xeral tributaria, farán constar, en todo caso:

- a) Nome e apelidos ou razón social, número de identificación fiscal e domicilio do interesado. No caso de actuaren por medio de representante, farase constar esta circunstancia e incluírase igualmente, a súa identificación completa.
- b) Antecedentes e circunstancias do caso, identificando, claramente, o obxecto da consulta.
- c) Os demais datos, elementos e documentos que poidan contribuír á formación do xuízo por parte da administración tributaria provincial.
- d) Lugar, data e sinatura do escrito.

2.- A tramitación das consultas tributarias corresponderalle á unidade que teña asumidas as funcións de información e asistencia ao obrigado tributario.

#### **CAPÍTULO II**

Competencias en materia de aplicación dos tributos

##### **Artigo 11.- COMPETENCIAS DO PLENO**

Son competencias do Pleno da Deputación en materia de aplicación dos tributos, as seguintes:

- 1.-Aprobar as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos e demais entidades públicas da provincia.
- 2.-Aceptar as delegacións de competencias tributarias feitas por outras entidades públicas.
- 3.-Aprobación de convenios ou acordos, con outras entidades públicas, de delegación de competencias en materia de aplicación dos tributos.
- 4.-Aprobación de ordenanzas fiscais e as reguladoras doutros ingresos de dereito público.
- 5.-As demais que lle atribúan as leis, esta ordenanza xeral e o resto das ordenanzas reguladoras.

##### **Artigo 12.- COMPETENCIAS DO PRESIDENTE**

Son competencias do presidente da Deputación en materia de aplicación dos tributos,

as seguintes:

- 1.-Ditar instrucións e circulares de aplicación das ordenanzas aprobadas polo Pleno provincial.
- 2.-Contestar as consultas tributarias que se lle formulen á administración tributaria provincial.
- 3.-Aprobar os modelos de autoliquidacións dos tributos e demais ingresos de dereito público.
- 4.-Dispor a non liquidación ou, no seu caso, a anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores á contía que se fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación representen.

## **TÍTULO IV**

### **A XESTIÓN TRIBUTARIA PROVINCIAL**

#### **CAPÍTULO I**

Disposicións xerais

#### **Artigo 13.- COMPETENCIAS DO TESOUREIRO**

Correspóndelle ao tesoureiro a dirección superior da Área de Tesourería e Xestión de Tributos, en todo o que se refire á aplicación de tributos.

#### **Artigo 14.- COMPETENCIAS DO VICETESOUREIRO**

1.- Correspóndelle ao viceteseoureiro a coordinación dos Servizos Tributarios da Deputación: Servizo de Xestión Tributaria, Servizo Central de Recadación, Unidade de Inspección de Tributos Locais, Unidade de Instrución de Sancións Municipais e a Unidade Central de Atención ao Contribuínte, así como das Zonas de Recadación.

2.- O viceteseoureiro substituirá ao tesoureiro nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

#### **Artigo 15.- A XESTIÓN TRIBUTARIA**

1.- A Deputación desenvolve a xestión dos tributos propios e demais ingresos de dereito público e daqueles tributos e, así mesmo, outros ingresos de dereito público, cuxa xestión sexa delegada por parte das entidades locais da provincia naquelas competencias ou atribucións que no correspondente convenio ou acordo sexan obxecto de delegación.

2.- A xestión tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas sinaladas no artigo 117 da Lei xeral tributaria.

#### **Artigo 16.- COMPETENCIAS**

1.- A xestión de tributos e demais ingresos de dereito público será dirixida, baixo a

superior competencia do Pleno corporativo, polo presidente da Deputación, ao cal lle corresponde ditar os actos administrativos no exercicio das facultades de xestión contidas neste título, salvo naqueles casos que polas normas de carácter xeral ou ordenanzas reguladoras se lle atribúa a competencia a outro órgano.

2.- As actuacións derivadas do exercicio das funcións de xestión tributaria da Deputación levaraaas a cabo o Servizo de Xestión Tributaria, baixo a superior dirección do tesoureiro, salvo que se encomenden a unha unidade distinta.

3.- Son competencia do presidente da Deputación en materia de xestión tributaria, as seguintes materias:

- 1.- Dirixir, inspeccionar e impulsar o Servizo de Xestión Tributaria.
- 2.- Aprobar os padróns ou matriculas dos tributos e demais ingresos de cobranza periódica - contraído previo, ingreso por recibo -.
- 3.- Aprobar as liquidacións relativas a tributos e demais ingresos de dereito público de cobranza non periódica - contraído previo, ingreso directo -.
- 4.- Concesión de beneficios fiscais, previstos expresamente nas normas de xeral aplicación.
- 5.- Modificar a forma de exacción das liquidacións tributarias ou de prezos públicos, a condición de que a nova forma de exacción figure dentro das dispostas na ordenanza reguladora do tributo ou prezo público.
- 6.- Por proposta motivada da Tesourería, despois do informe da Intervención, dispor a non liquidación ou, no seu caso, a anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores á contía que fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación representan.
- 7.- Os demais que lle atribúan as leis, esta ordenanza xeral e o resto das ordenanzas reguladoras.
- 8.- Todas as que, non recollidas neste artigo, se sinalen na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de actuacións e procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns aos procedementos de aplicación dos tributos, nas súas normas de desenvolvemento e nas demais disposicións aplicables sobre a materia, como competencia do xefe de departamento de xestión tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou do órgano ao que se lle adscriban no futuro, e non estean atribuídas a outro órgano nesta Ordenanza fiscal xeral.

4.- Son competencias do tesoureiro da Deputación en materia de xestión tributaria, as seguintes:

- a) Dirixir a xestión dos tributos e ditar as instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento das normas xerais aprobadas polo presidente.
- b) Proporlle ao presidente a aprobación de normas xerais de organización e procedemento necesarias para o funcionamento do Servizo de Xestión Tributaria, logo do informe da Intervención provincial.

5.- O viceteseureiro, en materia de xestión tributaria, exercerá as competencias que expresamente lle asigne ou delegue o tesoureiro, ademais de substituír a este nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

## **CAPÍTULO II**

Normas especiais de xestión relativas a tributos municipais cando esta se delegue na Deputación

### **Artigo 17.- ALCANCE DA DELEGACIÓN NA XESTIÓN**

1.- O alcance da delegación na xestión das entidades da provincia en favor da Deputación, respecto dos tributos e demais ingresos de dereito público establecidos no artigo 6 desta ordenanza, virá delimitado polos correspondentes convenios ou acordos a través dos cales se formalice esta delegación, sen prexuízo do disposto nesta ordenanza e nas instrucións e circulares que poida ditar para a súa aplicación, o presidente da Deputación.

### **Artigo 18.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

1.- O padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica formarao o Servizo de Xestión Tributaria da Deputación, con base no padrón do ano anterior, incorporando as altas, transferencias, cambios de domicilio, baixas e calquera outra alteración con transcendencia tributaria.

2.- Para os efectos de determinar as tarifas a que se refire o artigo 95 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, considerarase potencia fiscal do vehículo a resultante de aplicar as fórmulas recollidas no anexo V do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos.

3.- Para obter a débeda tributaria que constará no padrón, sobre as tarifas citadas no punto anterior aplicarase o coeficiente de incremento aprobado na ordenanza fiscal do concello correspondente.

4.- As exencións a que se refiren as letras e) e g) do artigo 93.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais deberanas solicitar os interesados, indicando as características do vehículo, a causa do beneficio e acompañando os documentos acreditativos do seu dereito. O procedemento que se seguirá para a súa concesión será aprobado polo presidente da Deputación.

5.- O modelo oficial de autoliquidación que utilizarán os obrigados tributarios para formalizar a alta no imposto será o aprobado para o efecto por resolución da Presidencia.

6.- O concepto das diversas clases de vehículos e as regras para a aplicación das tarifas a que se refire o artigo 95 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, determinarase conforme ao establecido no Regulamento xeral de vehículos, nas normas tributarias e nas regras que a seguir se establecen:

1ª) As furgonetas, os furgóns e os vehículos mixtos adaptables tributarán como turismo, de acordo coa súa potencia fiscal, salvo nos seguintes casos:

a) Se o vehículo estivese habilitado para o transporte de máis de nove persoas,



incluído o condutor, tributará como autobús.

b) Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 525 quilogramos de carga útil tributará como camión.

2ª) Os motocarros terán a consideración, para os efectos deste imposto, de motocicletas e, por tanto, tributarán pola capacidade da súa cilindrada.

3ª) No caso dos vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques ou semirremolques arrastrados.

4ª) Os cuatriciclos tributarán como turismos, de acordo coa súa potencia fiscal, agás que a cilindrada do seu motor sexa inferior ou igual a 50 cm<sup>3</sup> no caso de motores de explosión, ou que a súa potencia máxima neta sexa inferior ou igual a 4 kw para os demais tipos de motores, nese caso consideraranse, para os efectos deste imposto, como ciclomotores.

5ª) As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica, tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores.

6ª) A carga útil dos vehículos tipificados como camión para os efectos da súa tributación no imposto virá determinada pola diferenza en quilogramos entre a masa máxima autorizada (M.M.A.) e a tara do vehículo, tomando estas magnitudes dos datos reflectidos na tarxeta de inspección técnica do vehículo.

7.- O efecto da concesión dos beneficios fiscais de carácter rogado, no suposto de vehículos xa matriculados, comeza a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Unha vez outorgado, o beneficio fiscal aplicarase nas sucesivas liquidacións en tanto non se alteren as circunstancias de feito ou de dereito que determinaron o seu outorgamento.

8.- A bonificación por antigüidade do vehículo, que no seu caso poida establecer o concello, considerarase en todo caso como beneficio fiscal de carácter rogado, salvo que expresamente se sinala o contrario na correspondente ordenanza fiscal.

9.- Rateo de cotas: cando a Deputación teña coñecemento, antes da aprobación do correspondente padrón, de que se produciu a baixa (definitiva ou temporal por roubo ou subtracción) dun vehículo, liquidarase a cota que corresponda segundo o rateo por trimestres que determine a normativa reguladora do imposto, incorporándose así ao padrón dese exercicio.

Cando a baixa se lle comunique á Deputación con posterioridade da aprobación do padrón e o recibo correspondente estea aínda en período voluntario de ingreso, o contribuínte poderá optar por aboar o recibo e solicitar a devolución do importe ingresado en exceso ou ben solicitar a anulación do recibo e a emisión dunha liquidación polos trimestres que lle corresponda ingresar.

Cando a baixa se comunique unha vez que o recibo estea xa en período executivo, o contribuínte deberá aboar o importe da débeda e solicitar a devolución do importe ingresado en exceso; o dereito de devolución non incluírá, neste caso, a recarga que se devengou legalmente.

## **Artigo 19.- IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

O imposto esixirase en réxime de declaración ou de autoliquidación, de acordo co que establezan os concellos delegantes nas súas respectivas ordenanzas fiscais, aínda que, para facilitarlles aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigacións tributarias, poderase utilizar, con carácter potestativo, o sistema de autoliquidación aínda nos casos nos que o concello titular do tributo non o contemple na súa ordenanza fiscal.

## **Artigo 20.- IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

Rateo de cotas: cando a Deputación teña coñecemento, antes da aprobación do correspondente padrón, de que se produciu a baixa dunha actividade, liquidarase a cota que corresponda segundo o rateo por trimestres que determine a normativa reguladora do imposto, incorporándose así ao padrón dese exercicio.

Cando a baixa se lle comunique á Deputación con posterioridade á aprobación do padrón e o recibo correspondente estea aínda en período voluntario de ingreso, o contribuínte poderá optar por aboar o recibo e solicitar a devolución do importe ingresado en exceso ou ben solicitar a anulación do recibo e a emisión dunha liquidación polos trimestres que lle corresponda ingresar.

Cando a baixa se comunique unha vez que o recibo estea xa en período executivo, o contribuínte deberá aboar o importe da débeda e solicitar a devolución do importe ingresado en exceso; o dereito de devolución non incluírá, neste caso, a recarga que se devengara legalmente.

## **Artigo 21.- APROBACIÓN DE PADRÓNS**

1.- Os padróns fiscais anuais do imposto sobre bens inmobles, imposto sobre actividades económicas e imposto sobre vehículos de tracción mecánica elaborados polo Servizo de Xestión Tributaria, serán aprobados polo presidente da Deputación.

2.- Os padróns aprobados poranse ao dispor dos concellos.

3.- Os padróns serán obxecto de fiscalización pola Intervención da Deputación. O procedemento de fiscalización que se seguirá axustarase ao establecido na normativa aplicable e nas Bases de execución do orzamento para cada exercicio.

## **Artigo 22.- LIQUIDACIÓNS DE INGRESO DIRECTO**

A aprobación das liquidacións de ingreso directo compételle ao presidente da Deputación, a proposta do Servizo de Xestión Tributaria ou da Unidade de Inspección de Tributos Locais, coa fiscalización da Intervención, de acordo cos procedementos establecidos na normativa aplicable e nas Bases de execución do orzamento.

## **TÍTULO V**

### **A INSPECCIÓN TRIBUTARIA PROVINCIAL**

#### **Artigo 23.- FUNCIONES E FACULTADES**

1.- As funcións e facultades da Inspección Tributaria da Deputación, serán as dispostas na Lei xeral tributaria e nas súas disposicións de desenvolvemento.

2.- Tales funcións irán dirixidas á comprobación e investigación dos obrigados tributarios, polos ingresos públicos locais, co fin de verificar o adecuado cumprimento das súas obrigas tributarias, procedendo, no seu caso, á regularización correspondente mediante a práctica dunha ou varias liquidacións.

3.- A Inspección Tributaria poderá solicitar a colaboración de funcionarios técnicos ao servizo da Deputación, que comprobarán e informarán sobre aquelas materias propias do título que teñen.

4.- O exercicio das funcións propias da Inspección Tributaria adecuarase aos correspondentes plans de actuacións inspectoras, elaborados pola Unidade de Inspección de Tributos Locais e autorizados polo presidente da Corporación.

#### **Artigo 24.- PERSOAL INSPECTOR**

1.- As actuacións derivadas do exercicio das funcións de Inspección Tributaria da Deputación levaraa a cabo a Unidade de Inspección de Tributos Locais, baixo a superior dirección do viceteseoureiro, salvo que se encomenden a unha unidade distinta.

2.- No entanto, actuacións simplemente preparatorias ou de comprobación ou proba de feitos ou circunstancias con transcendencia tributaria, poderán encomendarse a outros empregados públicos que non teñan a condición de funcionarios.

3.- As actuacións inspectoras realizaranas os funcionarios da Unidade de Inspección de Tributos Locais da Deputación, respecto dos entes delegantes, en todo o ámbito territorial da provincia.

4.- Os funcionarios que desempeñen funcións de inspección serán considerados axentes da autoridade e deberán acreditar a súa condición, se son requiridos para iso, fóra das oficinas públicas, para o que disporán dun carné de identidade.

As autoridades públicas prestarán a protección e o auxilio necesario aos funcionarios para o exercicio das funcións de inspección.

5.- Debe entenderse que todas as referencias contidas, tanto na Lei xeral tributaria como nas súas disposicións de desenvolvemento, ao órgano competente para liquidar, tamén o son ao inspector xefe da Unidade de Inspección de Tributos Locais da Deputación, e, en calquera caso, ao viceteseoureiro, excepto as atribuídas ao presidente no artigo seguinte.

## **Artigo 25.- COMPETENCIAS DO PRESIDENTE EN MATERIA DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA**

Son competencias do presidente, en materia de Inspección tributaria, as seguintes:

- a) Aprobar os carnés de identidade do persoal inspector.
- b) A autorización dos plans da Inspección.
- c) A solicitude á autoridade xudicial para entrar no domicilio dos obrigados tributarios.
- d) A autorización, no seu caso, para a entrada nos lugares a que se refire o artigo 142.2 da Lei xeral tributaria.
- e) A ratificación das medidas cautelares adoptadas no procedemento inspector.
- f) A autorización para a sinatura de actas con acordo.
- g) Aprobar as resolucións derivadas das actuacións e do procedemento.

## **Artigo 26.- COMPETENCIAS DO TESOUREIRO**

Correspóndelle ao tesoureiro a superior dirección da Área de Tesourería e Xestión de Tributos, en todo o referente á inspección dos tributos.

## **Artigo 27.- COMPETENCIAS DO VICETESOUREIRO**

1.- Correspóndenlle ao vicetesooureiro as seguintes competencias en materia de Inspección de tributos:

- a) A superior dirección da Inspección dos tributos, así como ditar as instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento das normas xerais aprobadas polo presidente.
- b) Propoñerlle ao presidente a aprobación das normas xerais de organización e procedemento necesarias para o funcionamento da Unidade de Inspección de Tributos Locais, despois do informe da Intervención provincial.

2.- O vicetesooureiro substituirá ao tesoureiro nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

## **TÍTULO VI**

### **A RECADACIÓN**

#### **CAPÍTULO I**

Disposicións xerais

#### **Artigo 28.- CONCEPTO**

A xestión recadatoria da Deputación consiste no exercicio das funcións administrativas conducentes á cobranza das débedas tributarias e demais de dereito público da propia Deputación ou doutros entes públicos da provincia, tras a delegación das competencias respectivas, e a sinatura do correspondente convenio, se é o caso.

## **Artigo 29.- OBXECTO**

1.- A xestión recadatoria da Deputación terá por obxecto a cobranza dos seguintes recursos:

- a) Tributos e outros ingresos de dereito público dos que sexa titular a Deputación.
- b) Ingresos por recargas e xuros que procedan sobre os conceptos enumerados anteriormente.
- c) Tributos e outros ingresos de dereito público correspondentes a concellos e outros entes públicos que establezan un convenio ou deleguen a función de recadación destes na Deputación, logo da adopción do correspondente acordo e, se procede, a sinatura de convenio.

2.- A xestión recadatoria, e os medios para levala a cabo, non poderá aplicarse para a obtención daqueles froitos, rendas, produtos dos bens aos que lles sexan de aplicación as regras do dereito privado.

## **Artigo 30.- EXERCICIO DA XESTIÓN RECADATORIA**

1.- A xestión recadatoria da Deputación levaraa a cabo o Servizo Central de Recadación.

2.- A Deputación poderá asumir a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público doutras administracións públicas, logo da adopción do correspondente acordo e, se procede, a sinatura do convenio.

3.- Igualmente, a Deputación, poderá adoptar un acordo para que a súa xestión recadatoria a realicen outras administracións públicas, subscribindo, se fose preciso, o correspondente convenio.

4.- Os convenios ou acordos aos que se refiren os apartados 2 e 3, serán publicados no Boletín Oficial da Provincia, unha vez subscritos polas entidades públicas correspondentes.

## **Artigo 31.- COMPETENCIA TERRITORIAL**

A competencia do Servizo Central de Recadación e dos seus órganos e unidades administrativas esténdese a todo o ámbito territorial de competencia da Deputación, con independencia da adscrición, para os exclusivos efectos de organización interna do Servizo, de cada municipio da provincia a unha Zona de Recadación.

## **CAPÍTULO II**

Órganos de Recadación e as súas competencias

## **Artigo 32.- ÓRGANOS DE DIRECCIÓN**

A xestión recadatoria estará dirixida, baixo a superior competencia do Pleno da Corporación, polo presidente da Deputación.

As competencias destes órganos serán as que se establecen neste capítulo.

### **Artigo 33.- ÓRGANOS DE RECADACIÓN E ENTIDADES COLABORADORAS**

1.- Son órganos de recadación da Deputación:

- 1) O tesoureiro
- 2) O viceteseureiro
- 3) O xefe do Servizo Central de Recadación
- 4) Os recadadores de zona
- 5) Os xefes de zona

As súas competencias respectivas serán as fixadas nesta ordenanza.

2.- Son colaboradoras na recadación da Deputación, sen desempeñar en ningún caso o carácter de órganos de recadación, as entidades de depósito que estean debidamente autorizadas para exercer esta colaboración.

### **Artigo 34.- COMPETENCIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN**

Correspóndelle ao Pleno da Corporación, en materia de recadación, as seguintes competencias:

- a) Presentar terzarías de mellor dereito, cando nos rexistros públicos existan anotacións de embargo ou consten dereitos inscritos por terceiros, con anterioridade á anotación solicitada polo Servizo Central de Recadación sobre os mesmos bens.
- b) Adoptar acordos ou convenios en procedementos concursais.
- c) As demais competencias que na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación, nas súas normas de desenvolvemento e demais disposicións aplicables sobre a materia, se sinalen como de órganos estatais superiores en rango á Dirección do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e ao Director Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda, ou órganos aos que se adscriban nun futuro as súas competencias.
- d) As que expresamente lle confiran as leis.

### **Artigo 35.- COMPETENCIAS DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN**

Correspóndenlle ao presidente da Deputación as seguintes competencias:

- a) Restablecer o imperio da lei nos procedementos de constrinximento, decretando a nulidade das actuacións posteriores ao momento en que se cometeu a infracción.
- b) Ditar actos ou resolucións de xestión recadatoria cando estes non estean atribuídos expresamente a outro órgano.
- c) Establecer e modificar os períodos de ingreso das débedas de acordo co que se determine respecto diso na lexislación vixente.
- d) Establecer contías mínimas para liquidar ou esixir os xuros legais ou de mora e as recargas do período executivo e para recadar débedas polo

- procedemento administrativo de constrinximento.
- e) Ditar os actos administrativos de declaración de responsabilidade no pago de débedas.
  - f) Presentar terzarías de mellor dereito, en situacións de urxencia, cando nos rexistros públicos existan anotacións de embargo ou consten dereitos inscritos por terceiros, con anterioridade á anotación solicitada polo Servizo Central de Recadación sobre os mesmos bens, dando conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.
  - g) Aceptar ou acordar a constitución de hipoteca especial.
  - h) Outorgar a autorización como entidades colaboradoras ás entidades de depósito.
  - i) Resolver as solicitudes de fraccionamento e aprazamento, e eximir, excepcionalmente, a constitución de garantías.
  - j) Declarar a prescrición de débedas.
  - k) Acordar a compensación de débedas.
  - l) Acordar a declaración de insolvencias e de créditos incobrables, así como a súa rehabilitación.
  - m) Formular conflitos de xurisdición.
  - n) Declarar a responsabilidade solidaria do depositario de bens embargados.
  - o) Autorizar a venda de bens por concurso.
  - p) Outorgar escrituras de venda de inmobles que resulten alleados como consecuencia do procedemento de constrinximento, e resolver as terzarías en reclamacións en vía administrativa.
  - q) Resolver as reclamacións de queixa contra defectos de tramitación dos órganos e axentes no exercicio da función recadatoria, tales como incumprimentos, atrasos e outras anomalías.
  - r) Aprobar a adxudicación de bens á administración, cando proceda.
  - s) Acordar, por proposta do tesoureiro, que se encarguen da execución material das poxas empresas ou profesionais especializados.
  - t) Aprobar as normas xerais de organización e funcionamento do Servizo Central de Recadación e a distribución territorial das Zonas de Recadación.
  - u) Incoar, tramitar e resolver os expedientes de responsabilidade contable nos supostos expresados nos artigos 15.4 e 177 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria e levar a cabo cantas actuacións requiran a súa instrución.
  - v) Incoar, tramitar e resolver os expedientes disciplinarios do persoal recadador.
  - w) Por proposta motivada da Tesourería, despois do informe da Intervención, establecer límites nas débedas constrictivas e límites mínimos por expediente para a realización de cada unha das actuacións de embargo.
  - x) Todas as que, non estean recollidas neste apartado, sinaladas na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación, nas súas normas de desenvolvemento e nas demais disposicións aplicables sobre a materia, ditadas polo director do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e polo director xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda ou polos órganos aos que se adscriban nun futuro as súas competencias.

### **Artigo 36.- COMPETENCIAS DO TESOUREIRO**

Correspóndenlle ao tesoureiro a superior dirección da Área de Tesourería e Xestión

de Tributos, en todo o referente á recadación de tributos.

### **Artigo 37.- COMPETENCIAS DO VICETESOUREIRO**

1.- Correspóndenlle ao vicetesoireiro as seguintes competencias en materia de recadación de tributos:

- a) Dirixir a xestión recadatoria e ditar as instrucións que sexan necesarias en desenvolvemento das normas xerais aprobadas polo presidente.
- b) Propoñerlle ao presidente a aprobación de normas xerais de organización e procedemento necesarias para o funcionamento do Servizo Central de Recadación, logo do informe da Intervención provincial.
- c) Elaborar e autorizar os edictos anunciando os períodos de cobranza.
- d) Ditar a providencia de constrinximento e resolver os recursos e reclamacións que se presenten contra este acto.
- e) Solicitalle ao presidente a imposición de sancións por incumprimento das peticións de información para o embargo de bens.
- f) Ordenar o alleamento de títulos valores, públicos ou privados, e dos xéneros embargados.
- g) Nomear o depositario dos bens embargados con funcións de administrador.
- h) Designar o lugar de depósito dos bens embargados.
- i) Autorizar o alleamento mediante poxa dos bens embargados.
- j) Presidir a mesa das poxas.
- k) Propoñerlle ao presidente que encargue a execución material das poxas a empresas privadas ou a profesionais especializados.
- l) Autorizar os pregos de cargo ás unidades administrativas encargadas da súa xestión.
- m) Ditar a providencia para a adxudicación directa dos bens ou dereitos embargados.
- n) Ordenar as visitas de inspección das zonas de recadación e sinalar as directrices de actuación nelas, a iniciativa propia ou a proposta da Intervención provincial.
- o) Informar dos expedientes motivados por denuncias, queixas ou reclamacións presentadas polos interesados contra o persoal do Servizo Central de Recadación, propoñendo a adopción das medidas sancionadoras ou correctoras que correspondan.
- p) Instruír as dilixencias preceptivas nos expedientes de alcance que se poidan producir na xestión das unidades administrativas de Recadación.
- q) Formular as propostas de resolución nos expedientes de xestión recadatoria que teñan que ser resoltos polo presidente.
- r) Acordar a execución de garantías cando sexa necesario para a súa realización ou alleamento.
- s) Regular e vixiar a actuación das entidades de depósito colaboradoras da recadación.
- t) Todas as que, non indicadas neste apartado, se sinalen no Regulamento xeral de recadación, nas súas normas de desenvolvemento e nas demais disposicións aplicables sobre a materia, como do xefe da Dependencia de Recadación ou do órgano ao que se lle adscriban nun futuro as súas competencias, e non se atribúan nesta ordenanza a outros órganos.



2.- O viceteseoureiro substituirá ao tesoureiro nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

### **Artigo 38.- COMPETENCIAS DO XEFE DE SERVIZO**

Correspóndenlle ao xefe de Servizo as seguintes competencias:

- a) Realizar as funcións que o tesoureiro ou viceteseoureiro lle encomenden.
- b) Establecer e manter relacións de funcionamento con órganos interesados, colaboradores, relacionados ou participantes na xestión recadatoria, especialmente os da propia Deputación.
- c) Desenvolver as relacións cos entes públicos que encomenden a xestión recadatoria na Deputación.
- d) Colaborar co tesoureiro e o viceteseoureiro na dirección do Servizo, e asesorar, impulsar, controlar e coordinar a xestión deste, especialmente das súas zonas de recadación.
- e) Comprobar que as débedas son ingresadas nos prazos regulamentariamente establecidos e esixir o cumprimento dos preceptos que regulan esta xestión.
- f) Efectuar o control e seguimento das entidades colaboradoras e das contas restrinxidas de recadación abertas nelas.
- g) Dirixir, impulsar e coordinar aqueles procedementos que, pola especialidade do suxeito debedor ou pola clase de tramitación, lle encomende o tesoureiro para a súa xestión.
- h) Vixiar a correcta aplicación das normas sobre liquidación de xuros de mora por falta de pago das débedas en período voluntario.
- i) Velar polo cumprimento das normas en materia de rendición dos estados demostrativos da xestión recadatoria.
- j) Remitirle á Intervención os resumos e documentos contables resultantes da xestión recadatoria, para a súa fiscalización e contabilización.
- k) Presentar o informe ou a memoria anual sobre o desenvolvemento da xestión recadatoria.
- l) Levar o rexistro xeral de insolvencias.
- m) Terá, ademais, as mesmas competencias ca os recadadores e xefes de zona respecto das débedas cuxa xestión recadatoria directa lle encomende o viceteseoureiro.

### **Artigo 39.- COMPETENCIAS DOS RECADADORES E XEFES DE ZONA**

Os recadadores e xefes de zona exercerán as seguintes competencias, referidas á Zona de Recadación e aos expedientes que teñen asignados:

- a) Ditar as medidas cautelares precisas para evitar actuacións do debedor que impidan o pago.
- b) Expedir os mandamentos de anotación preventiva de embargo de bens nos rexistros públicos.
- c) Solicitar e recibir información de xulgados e tribunais sobre procedementos que poidan afectar a dereitos da Facenda Pública local.
- d) Como responsables da conta restrinxida ao seu cargo, admitir e controlar os ingresos que se produzan.
- e) Acordar a acumulación e separación de débedas nos expedientes executivos.

- f) Propoñer a execución de garantías e proceder ao embargo preventivo, se aquelas foran insuficientes.
- g) Solicitar información sobre os bens que se van embargar.
- h) Practicar a dilixencia de embargo.
- i) Proceder ao precintado e aquelas outras medidas necesarias para evitar a substitución ou levantamento de bens embargados.
- j) A valoración dos bens embargados, solicitando a colaboración necesaria, se fora preciso, dos servizos técnicos da Deputación, así como solicitarlle ao xefe do Servizo a realización de peritacións por expertos externos, cando as circunstancias o aconsellen.
- k) Requirir os títulos de propiedade aos rexistros públicos.
- l) Dirixir á Tesourería a proposta de alleamento de bens embargados.
- m) Levantar o embargo de bens non alleados, unha vez cuberta a débeda.
- n) Anotar no Rexistro Mercantil, a declaración de créditos incobrables correspondentes a persoas físicas ou xurídicas inscritas neste.
- o) Expedir certificacións acreditativas de pago.
- p) Todas as que, non indicadas neste apartado, se sinalan na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación, nas súas normas de desenvolvemento e demais disposicións aplicables sobre a materia, como dos servizos e demais unidades de Recadación e das Administracións da Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou órganos aos que se adscriban nun futuro as súas competencias, excepto as que se atribúen nesta ordenanza a outros órganos.

### **CAPÍTULO III**

Especificacións sobre o pago

#### **Artigo 40.- PERÍODOS DE RECADACIÓN**

1. A xestión recadatoria realizarase en dous períodos: voluntario e executivo.
2. En período voluntario, polo pago ou cumprimento do obrigado tributario nos prazos sinalados no artigo 41 desta ordenanza.
3. En período executivo, polo pago ou cumprimento espontáneo do obrigado tributario ou, na súa falta, polo procedemento administrativo de constrinximento.

#### **Artigo 41.- PRAZOS DE PAGO**

- 1.- O pago das débedas tributarias deberá efectuarse nos prazos establecidos no artigo 62 da Lei xeral tributaria.  
Para as débedas que se recaden mediante padrón ou matrícula, os períodos voluntarios de cobranza serán os que con carácter xeral estableza a Presidencia da Deputación por proposta da Tesourería.
- 3.- As débedas non tributarias deberán pagarse nos prazos que determinen as súas normas específicas. Na súa falta, aplicarase o disposto nos apartados anteriores.
- 4.- As suspensións automáticas ou acordadas polo órgano administrativo ou xudicial competente en relación con débedas en período voluntario, suspenderán os prazos fixados neste artigo.

A resolución administrativa adoptada notificaráselle ao recorrente con expresión do prazo no que debe satisfacer a débeda.

Non obstante o indicado nos parágrafos anteriores, cando a execución do acto estivese suspendida, unha vez concluída a vía administrativa os órganos de recadación non iniciarán ou, no seu caso, non proseguirán as actuacións do procedemento de constrinximento mentres non conclúa o prazo para interpor o recurso contencioso-administrativo, sempre que a vixencia e eficacia da caución inicialmente producida se manteña ata entón. Se durante ese prazo o interesado lle comunicara a este órgano a interposición do recurso, con petición de suspensión e ofrecemento de caución para garantir o pago da débeda, manterase a paralización do procedemento en tanto conserve a súa vixencia e eficacia a garantía producida en vía administrativa. O procedemento proseguirá ou suspenderá a resultas da decisión que adopte o órgano xudicial na peza de suspensión.

5.- Na regulación específica de cada prezo público poderase establecer a necesidade de constituír depósito previo do importe, de acordo co que establece o artigo 46.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

6.- Con independencia do sinalado nos parágrafos anteriores, os documentos de ingreso poderán incluír unha ou varias datas de caducidade destes, segundo conteñan un ou dous importes para ingresar diferentes. Ata a devandita data ou datas, as entidades colaboradoras aceptarán o ingreso que se realice polo importe que se indique para cada suposto no propio documento.

A citada data de caducidade será absoluta, de maneira que se coincidise cun día inhábil, non se trasladará ao día hábil inmediato posterior.

O ingreso realizado dentro do correspondente prazo de caducidade terá efectos liberatorios plenos respecto da débeda ou débedas incluídas no documento, aínda que teña lugar despois do prazo de ingreso que legal ou regulamentariamente corresponda con carácter xeral.

As datas de caducidade dos documentos de ingreso non producirán efectos en relación cos prazos de interposición de recursos e reclamacións, de solicitude de aprazamento ou fraccionamento de pago, de compensación ou calquera outros distintos dos de ingreso.

## **Artigo 42.- FORMAS, MEDIOS E LUGARES DE PAGAMENTO**

O pagamento das débedas, tributarias ou non tributarias, garantías en efectivo e calquera outro pago que se ha efectuar a favor da Deputación provincial, terá que facerse mediante entidade financeira colaboradora, despois da obtención da correspondente carta de pagamento.

Estes pagamentos canalizaranse polos seguintes medios:

- a) ingresos de efectivo nas oficinas abertas ao público polas entidades colaboradoras no correspondente horario de atención ao público destas entidades, ou nos seus caixeiros automáticos.
- b) mediante domiciliación bancaria no caso dos tributos de cobro periódico e notificación colectiva e aqueles outros que decida a Presidencia no seu procedemento de xestión.
- c) na oficina virtual tributaria a través do pagamento con tarxeta en TPV virtuais, red-es, cargo en conta ou calquera outro medio que poida establecerse.
- d) mediante xiro postal, nos termos previstos no correspondente convenio

asinado coa Sociedade Estatal Correos e Telégrafos. Os ingresos por este medio entenderanse, para todos os efectos, realizados no día no que o xiro fora imposto.

#### **Artigo 43.- FORMAS DE PAGAMENTO NA TESOUSERÍA PROVINCIAL**

Na Unidade Central de Tesourería será posible o pagamento das taxas, garantías e ingresos non tributarios que constitúan recursos propios da Deputación mediante un sistema asistido de TPV virtual dentro da Oficina Virtual Tributaria, sen prexuízo da posible expedición da carta de pagamento para o ingreso en entidade colaboradora de calquera débeda, garantía ou calquera outro pagamento.

Só en circunstancias excepcionais e con autorización previa do tesoureiro, poderán efectuarse cobros en efectivo en determinados casos concretos.

#### **Artigo 44.- XUSTIFICANTES DE PAGAMENTO**

Os xustificantes de pagamento en efectivo serán segundo os casos:

- a) os recibos validados pola Tesourería ou as entidades financeiras colaboradoras.
- b) as cartas de pago subscrias ou validadas polo funcionario competente ou polas entidades autorizadas para recibir o pagamento.
- c) as certificacións acreditativas do ingreso efectuado, expedidas pola Tesourería ou o Servizo Central de Recadación.
- d) calquera outro documento ao que se outorgue expresamente o carácter de xustificante de pagamento, autorizado por Resolución da Presidencia.

#### **Artigo 45.- NORMAS DE DESENVOLVEMENTO EN MATERIA DE CANLES DE INGRESO**

O cobro de todo tipo de débedas, garantías e calquera importe a favor da Deputación ou das entidades cuxa xestión recadatoria ten delegada, regularase mediante as normas xerais de desenvolvemento que aprobe a Presidencia da Deputación e as instrucións concretas que dite a Tesourería.

### **CAPÍTULO IV**

Aprazamentos e fraccionamentos de pago

#### **Artigo 46.- APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS DE PAGO**

A Deputación poderá, por solicitude do obrigado tributario, aprazar ou fraccionar o pago das débedas, con suxeición ao disposto nas normas legais e regulamentarias vixentes na materia e, en concreto, conforme as seguintes disposicións:

- 1.- A solicitude realizarase por escrito e irá dirixida ao presidente da Deputación.
- 2.- Será obrigatoria a domiciliación bancaria dos correspondentes prazos, e deberase

facer constar o IBAN no propio escrito de solicitude.

3.- Con carácter xeral, o solicitante deberá achegar garantía nos termos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación.

4.- Non obstante o anterior, non se esixirán garantías para as solicitudes de aprazamento e fraccionamento de pago das débedas tributarias e demais ingresos de dereito público recadadas por esta Deputación, cando o seu importe en conxunto non exceda de 30.000,00 euros e estean tanto en período voluntario como en período executivo de pago, sen prexuízo do mantemento, neste último caso, das trabas existentes sobre bens e dereitos do debedor no momento de presentación da solicitude.

Para os efectos de determinación da contía sinalada, acumularanse no momento da solicitude, tanto as débedas a que se refire a propia solicitude como calquera outra do mesmo debedor para as que se solicitou e non resolveu o aprazamento ou fraccionamento, así como o importe dos vencementos pendentes de ingreso das débedas aprazadas ou fraccionadas, salvo que estean debidamente garantidas.

5.- As liquidacións tributarias que sexan obxecto de redución requirirán necesariamente garantía de aval ou seguro de crédito e caución para o seu aprazamento ou fraccionamento en período voluntario.

6.- As sancións de tráfico non serán aprazables nin fraccionables durante o prazo de pago voluntario con redución de importe.

7.- Criterios xerais de concesión:

- Serán aprazables ou fraccionables aquelas débedas de importe superior a 100,00 euros.
- A concesión do aprazamento ou fraccionamento outorgarase de forma automática para débedas de contía inferior a 30.000,00 euros, substituíndose a presentación de documentos xustificativos pola simple declaración responsable da existencia de dificultades económico-financeiras que impidan de forma transitoria efectuar o pago no prazo establecido.
- Como regra xeral, o prazo máximo de duración do aprazamento ou fraccionamento será de ata doce meses. No entanto, para débedas superiores a 3.000,00 €, este prazo poderá ampliarse ata os vinte e catro meses.
- O número mínimo de fraccións será de dúas e o máximo de doce ou, no seu caso vinte e catro.
- O cargo en conta farase mensualmente, o día cinco de cada mes ou inmediato hábil posterior, polo importe da fracción correspondente.

## **CAPÍTULO V**

Recadación pola Deputación de ingresos doutros entes

## **Artigo 47.- APLICACIÓN DA ORDENANZA**

Esta ordenanza será aplicable aos ingresos de dereito público que, por delegación dos concellos ou calquera outros entes públicos, recade a Deputación, nos aspectos non regulados expresamente nos acordos de delegación e aceptación desta.

## **Artigo 48.- ALCANCE E EXTENSIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

A prestación de servizos de recadación aos concellos que deleguen esta competencia levarase a cabo dentro do marco establecido polas bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia aprobadas polo Pleno da Deputación. No caso de delegación por outros entes públicos, estarase ao que se dispoña no convenio suscrito para o efecto.

## **CAPÍTULO VI**

Especificacións sobre o persoal das zonas de recadación

Sección primeira: disposicións comúns

### **Artigo 49.- DEREITOS**

Os recadadores, xefes de zona e o resto do persoal das zonas de recadación terán dereito a:

- a) Solicitar a cooperación e auxilio da autoridade, por conduto dos órganos superiores ou directamente en caso de urxencia, sempre que sexa necesario para o exercicio das funcións que teñen encomendadas e en especial nos casos establecidos no Regulamento xeral de recadación.
- c) Solicitar o traslado en caso de vacante noutra zona de recadación.

### **Artigo 50.- RÉXIME DISCIPLINARIO**

Aos recadadores, xefes de zona e ao resto do persoal das zonas seralles de aplicación o establecido respecto disto na normativa correspondente, segundo o caso.

### **Artigo 51.- CESAMENTOS**

Tanto os recadadores, os xefes de zona, coma o resto do persoal das zonas de recadación cesarán no posto de traballo polas causas que determine a normativa aplicable.

Sección segunda: dos recadadores e xefes de zona

### **Artigo 52.- CARÁCTER E NOMEAMENTO**

Os recadadores e xefes de zona dirixirán na súa respectiva zona a xestión recadadora de acordo coas normas establecidas nesta ordenanza e as instrucións do tesoureiro, do viceteseureiro e do xefe do Servizo Central de Recadación.

Serán seleccionados e nomeados de acordo coas bases específicas que para o

efecto aprobe a Corporación.

### **Artigo 53.- DEBERES**

1.- Como responsables na súa zona da xestión recadadora, os recadadores e xefes de zona terán os seguintes deberes:

- a) Recadar as débedas conforme os procedementos establecidos.
- b) Tramitar os expedientes de constrinximento con estrita suxeición ás disposicións legais e regulamentarias, e seguir as orientacións que neste sentido lles diten o xefe do Servizo Central de Recadación, o vicesoureiro e o tesoureiro.
- c) Evitar, baixo a súa responsabilidade, a exacción de custas non autorizadas regulamentariamente, xustificando sempre nos expedientes as que, como procedentes, se esixan.
- d) Ser correctos nas súas relacións co público, esixindo que esta norma sexa observada igualmente polo persoal ao seu cargo.
- e) Responder da xestión da Zona de Recadación.

2.- Como responsables das contas restrinxidas das oficinas ao seu cargo, os recadadores terán os seguintes deberes:

- a) Realizar o arqueo diario das correspondentes contas.
- c) Elaborar mensualmente un parte de ingresos, que lles remitirán ao Servizo Central de Recadación, e realizar o seu traspaso á correspondente conta operativa.

### **Artigo 54.- INCOMPATIBILIDADES**

O cargo de recadador e de xefe de zona será incompatible co desempeño, sexa ou non retribuído, de calquera outro do Estado, comunidade autónoma, provincia ou municipio e co exercicio das profesións ou actividades de representante, comisionista, axente comercial, de seguros ou de publicidade e outras que impidan ou menoscaben o cumprimento dos seus deberes; non poderán tampouco dedicarse á industria ou ao comercio dentro da demarcación da súa zona. Todo iso sen prexuízo do resto de incompatibilidades que lle sexan de aplicación.

Sección terceira: do persoal de recadación das zonas

### **Artigo 55.- FUNCIONES**

1.- O persoal de Recadación, baixo a dirección do recadador ou do xefe da zona correspondente, terá o labor de realizar as dilixencias e trámites do procedemento de constrinximento que non requiran a ineludible actuación persoal do recadador, así como todos os traballos administrativos da zona.

2.- Será seleccionado e nomeado de acordo coas bases específicas que para o efecto aprobe a Corporación.

3.- Correspóndelle ao oficial maior da zona, substituír o recadador ou o xefe de zona,

nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade.

### **Artigo 56.- DEBERES**

O persoal de recadación terá os seguintes deberes:

- a) Seguir as directrices do recadador e xefe de zona, así como dos demais órganos superiores, en todo o relacionado co servizo.
- b) Proceder con corrección no trato co público.
- c) Desempeñar o seu traballo durante o horario establecido, sen prexuízo da dedicación extraordinaria que esixa a dilixente realización dos servizos da zona.
- d) Realizar as funcións que lle son propias e os labores que lle encomende o recadador ou o xefe de zona para executar as providencias e as dilixencias que se diten nos expedientes executivos.
- e) Desprazarse a todos os lugares que sexa necesario para o cumprimento das ordes do recadador e xefe de zona.
- f) Non esixir custos que non estean xustificados no expediente, conforme ao disposto no Regulamento Xeral de Recadación e demais normas aplicables.
- g) Responder ante o recadador ou o xefe de zona de calquera falta de fondos da que sexan causantes, e dos prexuízos que ocasionen pola súa negligencia.
- h) Todos os esixibles ao recadador e ao xefe de Zona, cando substitúan regulamentariamente a este.

## **CAPÍTULO VII**

Especificacións sobre o procedemento executivo

### **Artigo 57.- XUROS DE MORA NO PROCEDEMENTO EXECUTIVO**

O xuro de mora devengado no período executivo deberase aboar no momento do pago da débeda constrictiva e será sempre esixible, cando proceda, conforme ao disposto nos artigos 26 a 28 da Lei xeral tributaria.

### **Artigo 58.- MESA DE POXA**

A Mesa para a celebración de poxas de bens embargados no procedemento de constrinximento estará composta por:

- O viceteseoureiro, que a presidirá.
- O xefe da Unidade Central de Recadación Executiva.
- O interventor.
- Un funcionario que para ese efecto designe o presidente da Deputación, que actuará como secretario.

Todos os membros da Mesa poderán ser substituídos.



## **CAPÍTULO VIII**

Estados de Recadación

### **Artigo 59.- ELABORACIÓN**

O Servizo Central de Recadación formulará, dentro do semestre seguinte á terminación de cada exercicio económico, estados demostrativos da xestión realizada durante o ano anterior, cuxo número, clase e forma establecerá a Presidencia. En todo caso, deberán presentarse con separación dos períodos recadatorios voluntario e executivo, e por anos, distinguindo debidamente os conceptos e recursos xestionados.

Así mesmo, elaboraranse estados integrados que recollan a xestión recadatoria global.

### **Artigo 60.- COMUNICACIÓN AOS ENTES DELEGANTES**

No primeiro trimestre de cada exercicio, e en relación coa xestión recadatoria do exercicio anterior, a Deputación enviará a cada ente público delegante, para a súa conformidade, os estados demostrativos aos que se refire o presente capítulo. Se no prazo de quince días non se recibe reparo ningún sobre eles, consideraranse conformes.

## **CAPÍTULO IX**

Comisión liquidadora

### **Artigo 61.- NOMEAMENTO**

A proposta conxunta da Intervención e a Tesourería e con obxecto de realizar a comprobación material e técnica dos estados de situación das operacións recadatorias levadas a cabo polo Servizo Central de Recadación e as Oficinas de zona e cuxa información debe integrarse nos estados de contas anuais das entidades locais aos que se refiren os artigos 208 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, o presidente nomeará unha comisión de funcionarios adscritos á Intervención e Tesourería-Recadación, que efectúen os traballos necesarios en orde á devandita comprobación.

### **Artigo 62.- COMPROBACIÓN**

A Comisión liquidadora comprobará todas as operacións de cargo e data, e a existencia en poder de quen dá conta dos expedientes pendentes de cobranza, para cuxo fin o que dá conta procedería a confeccionar a súa listaxe. Ademais realizará as comprobacións que estime oportunas, entre elas as seguintes:

- a) Exame da tramitación figurada nos expedientes de constrinximento, facendo constar no informe as anomalías observadas.
- b) Verificación dos rexistros contables da unidade, en especial a igualdade que debe existir cada día entre a suma do diario de cobranza, importe recadado e

- o importe do xustificante bancario de ingreso en conta restrinxida correspondente.
- c) Exame detallado dos motivos da data, especialmente por prescrición ou falta de datos esenciais.
  - d) Exame crítico de todos os aspectos da xestión auditada que estime oportunos para mellor fundamentar o seu informe, o cal debe facer referencia ao desenvolvemento do servizo e, en caso de acumulación anormal de valores pendentes de cobranza, ás causas que a producen e ás medidas que han adoptar os órganos da Deputación.
  - e) Cando proceda, realizarase unha auditoría informática da información existente no Servizo Central de Recadación.

A Comisión liquidadora, se así é o seu criterio, propoñerá a aprobación dos estados auditados, podendo facer mención na proposta das incidencias producidas durante a comprobación.

O Servizo Central de Recadación e a Tesourería coordinarán o funcionamento da mencionada comisión.

## **TÍTULO VII**

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS**

#### **Artigo 63.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

1.- En materia de tributos locais, será de aplicación a regulación do procedemento sancionador disposta na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a desenvolven e, especialmente, a que establece o Real decreto 2063/2004, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario e, no seu caso, o réxime previsto nas ordenanzas fiscais de cada tributo.

2.- O procedemento para a imposición de sancións iniciarase mediante moción ou proposta motivada do funcionario competente ou do titular da unidade administrativa en que se tramite o expediente, ou a través de actos ou dilixencias da inspección dos tributos. Corresponderalle ao responsable da unidade designar o instrutor do expediente.

3.- Nos procedementos sancionadores que se inicien como consecuencia dun procedemento de inspección, deberá entenderse que as referencias contidas, tanto na Lei xeral tributaria, como no Regulamento xeral do réxime sancionador tributario, ao órgano competente para liquidar, son ao inspector xefe da Unidade de Inspección de Tributos Locais, agás no relativo á aprobación de actos administrativos derivados do procedemento, cuxa competencia lle corresponderá, en todo caso, ao presidente da Corporación.

## **TÍTULO VIII**

### **REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA**

#### **Artigo 64.- PROCEDIMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN**

1.- Corresponderalle ao Pleno da Deputación, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno, a revisión dos actos ditados en materia tributaria nos seguintes supostos:

- a) Declaración de nulidade de pleno dereito, despois do ditame do Consello Consultivo, nos supostos dispostos no artigo 217 da Lei xeral tributaria e normas de desenvolvemento.
- b) Revogación dos actos de aplicación dos tributos e de imposición de sancións, nos casos e coas particularidades recollidas no artigo 219 da Lei xeral tributaria e normas de desenvolvemento.
- c) Declaración de lesividade de actos anulables, de acordo co establecido no artigo 218 da Lei xeral tributaria e normas de desenvolvemento.

2.- Corresponderalle ao presidente a rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos que se efectuará de acordo co disposto no artigo 220 do precitado texto legal e normas de desenvolvemento.

3.- O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos iniciárase de oficio ou por instancia do interesado, axustándose a súa tramitación ao establecido no artigo 221 da Lei xeral tributaria e normas de desenvolvemento. A competencia para resolver o expediente correspóndelle ao presidente da Deputación.

4.- As devolucións só se farán efectivas mediante transferencia bancaria.

#### **Artigo 65.- RECURSO DE REPOSICIÓN**

A tramitación e resolución deste recurso axustarase ao disposto no artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Será competente para tramitar e resolver o recurso, o órgano da entidade local que dite o acto administrativo impugnado.

#### **Artigo 66.- SUSPENSIÓN DO ACTO IMPUGNADO**

1.- A execución do acto recorrido en reposición quedará suspendida automaticamente a instancia do interesado nos seguintes casos:

- a) Se se garante o importe deste acto, os xuros de mora que xere a suspensión e as recargas que puidesen proceder no momento da solicitude de suspensión.
- b) Se a impugnación afectase a unha sanción, a súa execución quedará automaticamente suspendida en período voluntario sen necesidade de achegar garantías ata que sexan firmes en vía administrativa, nos termos establecidos no apartado 3 do artigo 212 da Lei xeral tributaria.

2.- No suposto do apartado a), de non achegarse co recurso a oportuna garantía, a solicitude de suspensión non producirá efectos e arquivarase, téndoa por non presentada para todos os efectos, e a súa notificación ao interesado.

Non obstante o anterior, o interesado poderá solicitar novamente a suspensión do procedemento recatorio achegando as garantías indicadas. A dita suspensión tamén poderá concederse de forma automática a condición de que se cumpran os requisitos sinalados, producindo efectos desde a data desta nova solicitude.

3.- Cando sexa necesaria a emenda de defectos do documento en que se formalice a garantía, outorgaráselle ao interesado un prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos con indicación de que a falta de atención ao devandito requirimento determinará o arquivo das actuacións e terase por non presentada a solicitude ou o escrito; se aqueles fosen emendados, entenderase que procede a suspensión automática con efectos desde a solicitude.

Cando o requirimento de emenda sexa obxecto de contestación en prazo polo interesado pero non se entendan emendados os defectos observados, acordarase a denegación da suspensión.

4.- Se no momento de solicitarse a suspensión a débeda está en período voluntario de ingreso, coa notificación da súa denegación iniciarase o prazo establecido no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria, para que o devandito ingreso sexa realizado. De realizarse o ingreso no devandito prazo, procederá a liquidación dos xuros de mora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do ingreso realizado durante o prazo aberto coa notificación da denegación. De non realizarse o ingreso, os xuros liquidaranse ata a data de vencemento do devandito prazo, sen prexuízo dos que poidan devengarse con posterioridade conforme ao disposto no artigo 26 da Lei xeral tributaria.

5.- Se no momento de solicitarse a suspensión, a débeda está en período executivo, a notificación do acordo de denegación implicará que deba iniciarse o procedemento de constrinximento nos termos establecidos no artigo 167.1 da Lei xeral tributaria, de non iniciarse con anterioridade á devandita notificación.

6.- Poderá suspenderse a execución do acto recorrido, sen necesidade de achegar garantía, cando se aprecie que ao ditalo se puido incorrer en erro aritmético, material ou de feito.

Nos supostos en que se solicite a suspensión da execución do acto administrativo impugnado por erro aritmético, material ou de feito, este non o aprecie a administración, acordarase a denegación da suspensión.

7.- Será competente para resolver a suspensión, o órgano da entidade local que ditou o acto.

8.- Todas as notificacións derivadas da tramitación da suspensión do acto impugnado, corresponderanlle á unidade encargada de tramitar o recurso.

9.- A garantía que constituirá o recorrente para obter a suspensión deberá ser algunha das seguintes:

- a) Depósito de diñeiro efectivo ou valores públicos. Cando se trate de débeda pública anotada, achegarase o resgardo emitido polo Banco de España que garante o seu bloqueo a favor da Deputación.
- b) Aval ou fianza de carácter solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.
- c) Fianza persoal e solidaria de dous contribuíntes da provincia de recoñecida solvencia, só para débitos que non excedan de 1.500 euros.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

A Intervención provincial exercerá as súas funcións de control e fiscalización interna en relación cos seus propios recursos e os dos entes delegantes, coa extensión e efectos establecidos na lexislación vixente e os convenios e acordos nos que se formalice esta delegación.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta Ordenanza fiscal xeral derroga a aprobada polo Pleno na sesión do 28 de febreiro de 2014, así como as súas modificacións posteriores aprobadas mediante acordos plenarios do 27/11/2014, 27/11/2015 e 28/09/2018. Entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2.-

O acordo que se adopte ao respecto , expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da Provincia según establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local e o art. 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Unha vez aprobada definitivamente, publicación íntegra do acordo e da redacción íntegra da ordenanza fiscal xeral.

3.-

Entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín oficial da provincia e entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación

adoptará o Acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da Ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín oficial da provincia según o previsto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo."

## **29.- Aprobar inicialmente a supresión do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Rosalía Mera" e a derogación da ordenanza Nº 13**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar a supresión do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Rosalía Mera" e a derogación da ordenanza Nº 13 reguladora do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Rosalía Mera".

2.-

O acordo que se adopte ao respecto, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia según establecen o artigo 49.b da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local.

Unha vez aprobado definitivamente, publicación íntegra do acordo de supresión do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Rosalía Mera" e a derogación da ordenanza Nº 13 reguladora do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Rosalía Mera".

3.-

Entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo de supresión do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Rosalía Mera" e a derogación da ordenanza Nº 13 reguladora do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Rosalía Mera", transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan éstas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, así como a data a partir da cal rexerá e unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo, transcorrido o prazo

previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local."

### **30.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Valdoviño (XESTIÓN CATASTRAL)**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Valdoviño en relación coa seguinte materia:

A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materias de colaboración e inspección en relación co Imposto sobre Bens Inmóbles.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial."

### **31.- Aprobación da ratificación polo Pleno do acordo da Xunta de Goberno de elaboración do proxecto piloto de plan de acción local da Axenda Urbana para "A Costa da Morte" e acordo de solicitude de subvención ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a ratificación do acordo da Xunta de Goberno do 13 de outubro de 2021, que se transcribe a continuación:

Aprobación da proposta de elaboración do proxecto piloto de plan de acción local da Axenda Urbana para "A Costa da Morte" e acordo de solicitude de subvención ao

Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

1º.- Solicitar unha axuda ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, na súa convocatoria aprobada pola Orde TMA/957/2021 e publicada non BOE núm. 219 do 13 de setembro de 2021, para a elaboración do proxecto piloto de plan de acción local da Axenda Urbana para “A Costa da Morte”.

2º.- Asumir formalmente o compromiso de elaborar o Plan de acción de conformidade coa metodoloxía da Axenda Urbana.

3º.- Asumir formalmente o compromiso de poñer á disposición do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ou Plan de Acción aprobado definitivamente, para que este permita ou seu coñecemento xeneralizado a través da páxina web da Axenda Urbana Española.

4º.- Subscribir o compromiso de remitir ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a información derivada da avaliación e seguemento do citado Plan de Acción, mediante o sistema indicadores proposto pola Axenda Urbana, polo menos cada tres anos durante o tempo de vixencia previsto para o Plan de Acción.

5º.- Aprobar a Memoria do plan de acción local da Axenda Urbana para “A Costa da Morte” que se transcribe a continuación:

## **MEMORIA PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA PARA “A Costa da Morte”**

### **a) Descrición da motivación da Entidade para elaborar o Plan de Acción.**

A Diputación da Coruña conta cunha longa experiencia e interese demostrable na redacción e implementación de planificación estratéxica, que inclúe a elaboración de documentos, seminarios e publicacións nos que reflexiona sobre os posibles modelos de articulación do territorio.

Por mor da convocatoria para a realización da Axenda Urbana, a Deputación de Coruña comeza o camiño da planificación estratéxica cunha caracterización preliminar do territorio (provincia de Coruña), que inclúe a elaboración e programación dun cuestionario para recoller esta información (socioeconómica e de situación actual en canto a planificación estratéxica), a avaliación de documentos propios de planificación e realización dun estudo comparado entre concellos. Con todo iso define un modelo multinivel, coordinado e transversal para actuar na escala da provincia, as áreas funcionais e aos núcleos urbanos.

A nivel provincial propónse realizar un documento sintético e flexible que nunha primeira fase sirva para ofrecer pautas a seguir e, nunha segunda, integre aquelas achegas realizadas desde escalas menores. A nivel de área funcional, tomando como referencia de base as divisións dos Grupos de Desenvolvemento Rural, propónse o impulso e o apoio de axendas urbanas en cada un delas, de modo que estean máis próximas ao territorio. Por último, a nivel urbano, apoiarase o desenvolvemento de plans de acción naqueles municipios que superen os 20.000 habitantes ou que, polas súas propias lóxicas funcionais, requiran documentos particulares.



Existen por tanto unha clara motivación na Deputación da Coruña pola posta en marcha deste modelo de planificación do territorio e, en especial para desenvolver un novo esquema de planificación territorial baseado en áreas funcionais –habitualmente próximas aos 50.000 habitantes- que poidan ser replicables noutros territorios dispersos, compostos de múltiples municipios de pequena dimensión. O esquema esperado sería o seguinte:

ESCALA PROVINCIAL	AREAS FUNCIONAIS	MUNICIPIOS >20.000 Hab.
MARCO ESTRATÉXICO	PLAN DE ACCION DE AXENDA URBANA <b>(PLAN PILOTO DEPUTACIÓN)</b>	AXENDA URBANA MUNICIPAL
1.121.815 habs.	10 ÁREAS DE APROX. 50.000 habs.	11 MUNICIPIOS (MIN)

Doutra banda, tívose en conta a última actualización do Marco Estratéxico para a provincia de Coruña redactada pola Deputación, o cal establece unha serie de principios, prioridades e obxectivos a alcanzar. Como prioridades, establece a revitalización do rural, a potenciación da cooperación cos municipios e a aposta polo emprego. Ademais, establece unha serie de obxectivos: Asegurar a prestación dos servizos sociais e garantir o benestar; Impulsar o desenvolvemento económico e social e frear o despoboamento; Apoiar a creación e o fomento de emprego; Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos; Apoiar a protección e coidado do medio ambiente; Promover o turismo; Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación; Contribuír ao estímulo da actividade física e o deporte; Contribuír aos obxectivos da normalización da lingua galega e fomentar o seu uso; Impulsar os proxectos europeos e a solidariedade internacional. En función do anteriormente descrito e dunha forma totalmente aliñada cos obxectivos estratéxicos da Deputación de Coruña, cos obxectivos estratéxicos da AUE e coas conclusións extraídas do traballo previo de contextualización dos concellos que a integran, chégase á proposta actual.

Como Piloto do Plan de Acción a partir do estudo realizado defínese como prioritaria a área da Costa da Morte e Fisterra. A Costa da Morte, é amplamente recoñecida como destino turístico por ser o final do Camiño de Santiago. Con todo en toda a provincia é unha das áreas con maior índice de despoboamento, paro feminino e diminución de renda per-cápita e con maior déficit de infraestruturas. Por iso considérase relevante como ámbito territorial que a partir dun Plan de Acción da Axenda Urbana que poida servir de referencia para outras áreas similares.

O territorio proposto, por tanto, é un conxunto de 10 concellos situados no extremo leste da provincia da Coruña, pertencentes a catro comarcas diferentes: Xallas, Fisterra, Muros e Terra de Soneira, pero todas elas agrupadas nun mesmo Grupo de Desenvolvemento Rural e dentro dunha mesma área sanitaria. Suman un total de 45 673 habitantes, segundo os datos provenientes do IGE para o ano 2020 e unha superficie de 971 km<sup>2</sup>. Estas cifras supoñen a nivel demográfico o 4% e en canto a superficie, o 12,21% do total provincial. A este conxunto, pertencen os concellos de Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo, Zas e Mazaricos.

A nivel de planificación estratéxica, os dez concellos atópanse nunha situación moi

parecida no que se refire tanto a plans aprobados e implementados, como a debilidades, ameazas, fortalezas, oportunidades, problemáticas e retos a abordar. No que se refire a situación socioeconómica, todos eles teñen por unha banda unha taxa de paro entre 5,5 e 9,5% aumentando lixeiramente si profundamos en paro feminino. Os 10 concellos incluídos contan cunha renda bruta por habitante (ano 2018) entre 10.000 e 15.000 euros. Por último, no que se refire a indicadores demográficos, todos os concellos viron reducida a súa poboación nos últimos 20 anos entre un -10% e un -37% (excepto Cee), todos teñen un índice de envellecemento por encima de 100 e unha idade media de entre 45 e 55 anos. Os 10 concellos están por debaixo dos 10.000 habitantes.

Trátase dun conxunto de municipios que conta cunha forte tradición de colaboración, cooperación e participación público – privada no que se refire a planificación estratéxica, maioritariamente nos seguintes ámbitos: Desenvolvemento e planificación turística; Diversificación económica e produtiva; Sanidade; Mobilidade sostible; todos eles baixo o paraugas do desenvolvemento local. Esta experiencia de participación e de colaboración institucional conxunta en proxectos europeos ten a súa orixe nos anos 90 coa chegada a Galicia dos fondos europeos procedentes do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) cuxo obxectivo é o de contribuír a reducir as diferenzas entre os niveis de desenvolvemento das rexións europeas e mellorar o nivel de vida nas rexións menos favorecidas. No caso do territorio proposto estes fondos sempre chegaron en forma da iniciativa comunitaria LEADER, que busca loitar contra o despoboamento a través da diversificación da economía mediante a participación activa dos actores públicos e privados. Doutra banda continuando nesta liña de colaboración e participación institucional, comunitaria e empresarial, tres destes concellos (Camariñas, Fisterra e Laxe) participan no Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Costa da Morte, que persegue impulsar o crecemento sostible, xerador de emprego, baseado na identidade do mar e desta zona costeira, garantindo un modelo de gobernanza de abaixo-arriba. Outro proxecto de gran transcendencia que se levou cabo de maneira conxunta é a Senda dos Faros. A nivel municipal, e a falta de profundar nos seguintes apartados, a maior parte dos concellos que forman parte do conxunto proposto contan cun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía, co Plan de Igualdade e a maioría xestionaron fondos IDAE e outro tipo de fondos FEDER.

Ademais da experiencia de participación e de colaboración institucional conxunta en proxectos europeos e de desenvolvemento á que xa se fixo mención, trátase dun territorio cun alto potencial para a súa valorización a varios niveis. A nivel cultural e patrimonial, conta co Camiño de Santiago, a Senda dos Faros, o Monte Pindo, o concepto de Fisterra como “fin do mundo” e meta do Camiño de Santiago, senllas megalíticas, feiras sectoriais e de artesanía. A nivel ambiental unha enorme variedade de praias e espazos costeiros de gran atractivo. A nivel social, o concepto de territorio, “Costa da Morte”, con recoñecemento internacional e interesante en moitos aspectos ou ámbitos, como o mundo literario ou audiovisual. Por último, a nivel económico, o concepto de Xeodestino “Costa da Morte” e a Marca “Terra Atlántica” de enorme éxito e proxección que alberga a todos os produtos manufacturados nas comarcas de Terra de Soneira, Muros e Xallas (ás cales pertencen os concellos do ámbito proposto). Por último, o territorio proposto forma parte da área sanitaria A Coruña – Cee da que forman parte 38 concellos da provincia de Coruña atendidos polos hospitais públicos de Cee (Virxe da Xunqueira) e Coruña (CHUAC)

**b) Identificación do órgano que lidere ou coordine o proceso de elaboración do Plan.**

O proceso estará liderado pola propia presidencia da Deputación en coordinación coa Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, e a colaboración de todas as comisións provinciais, en especial as comisións de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural, e a de Promoción Económica e Asistencia a Municipios. Ademais, internamente estará en comunicación con outros departamentos, como o centro Europe Direct A Coruña, coa finalidade de aliñar esforzos no asesoramento integral aos municipios.

Así mesmo, para o Plan de Acción para A Costa da Morte, prevese a creación dunha comisión mixta de coordinación na que participarán representantes políticos a nivel provincial, responsables técnicos da deputación, alcaldes ou alcaldesas da área funcional así como un representante de cada unha das mesas de traballo temáticas. Os avances desta comisión, que se reunirá trimestralmente, serán difundidos publicamente.

**c) Relación dos plans, proxectos e actuacións nos que xa se está traballando, aliñados cos obxectivos estratéxicos da AUE.**

As primeiras iniciativas comunitarias aplicadas ao ámbito territorial que se propón despegaron no ano 1994 coa posta en marcha da iniciativa comunitaria LEADER II (1994-1999), no ámbito territorial que se está propoñendo nesta memoria con tres concellos máis pertencentes á Comarca de Bergantiños (Cabana de Bergantiños, Laxe e Mazaricos). Este ámbito territorial recibía o nome de Neria do mesmo xeito que o Grupo de Acción Local que o xestionaba. Esta iniciativa comunitaria estaba incluída dentro dos fondos FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) e buscaba a cohesión económica e social das rexións europeas e o desenvolvemento daquelas máis desfavorecidas. O obxectivo desta iniciativa LEADER II era o fomento de medidas innovadoras por parte de axentes públicos ou privados involucrados a escala local en todos os sectores da actividade rural, dar a coñecer os resultados destes proxectos á Comunidade Europea e axudar aos axentes rurais que desexen aproveitar as leccións aprendidas noutras zonas e traballar de maneira conxunta en proxectos. Doutra banda, as medidas subvencionables dividíronse en catro categorías: Adquisición de competencias; Innovación rural; Cooperación transnacional; Redes de colaboración.

De acordo co deseño da iniciativa comunitaria LEADER, o desenvolvemento nestas zonas ha de basearse na explotación dos recursos locais, a través da participación da poboación e do fomento de iniciativas privadas cun enfoque ascendente, integrado, multisectorial e sustentado na innovación. Trátase dun enfoque que asume a necesidade de aplicar unha perspectiva “down-top”, sen solucións únicas e globais, xa que cada área ten os seus propios recursos, problemas, necesidades e experiencias, elementos que forzosamente hai que ter en conta á hora de poñer en marcha calquera iniciativa.

Esta cooperación e participación institucional e comunitaria tivo continuidade coa seguinte convocatoria de fondos europeos provenientes do FEDER, materializados no LEADER+ (2000-2006) para o mesmo ámbito territorial que na anterior convocatoria e xestionado polo mesmo Grupo de Acción Local. Nesta convocatoria incluíronse medidas relativas a: Servizos á poboación; Patrimonio natural; PEMES e servizos; Valorización de produtos locais; Valorización de patrimonio cultural e arquitectónico;

Turismo; Formación e emprego; Cooperación interterritorial; Cooperación transnacional.

No ano 2007 entra en xogo unha nova convocatoria baixo o nome de Iniciativa Comunitaria LEADER II, que para o ámbito territorial proposto foi xestionado por un novo Grupo de Desenvolvemento Rural (previamente Grupo de Acción Local) baixo o nome de Asociación Costa da Morte GDR que incluía os concellos de Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas. Este programa finalizou no ano 2013 e incluía catro obxectivos: Mellorar a calidade de vida e a economía local; Aumentar a profesionalización dos recursos humanos; Potenciar o crecemento das economías agrarias e forestais; Fomentar a sustentabilidade na economía local.

Estes obxectivos estaban enfocados a dinamizar e impulsar fortemente a economía do territorio do GDR Costa da Morte e estaban moi enfocados en mellorar a profesionalización dos recursos humanos dos distintos sectores de actividade da zona, e en integrar ao medio rural nunha economía competitiva e que ofrece e achega calidade de vida á poboación.

Finalmente, no ano 2014, a Asociación Costa da Morte GDR e a Asociación para o Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños uníronse para xestionar os fondos da última iniciativa comunitaria LEADER que ata a actualidade foi convocada. Neste caso incluía os concellos das Comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra, ademais dos concellos de Carnota e Mazaricos, pertencentes ás Comarcas de Muros e Xallas, respectivamente. En total 17 concellos. Os obxectivos propostos foron os seguintes: Promover a transformación e comercialización de produtos agrarios destinados a mellorar a competitividade das pequenas agroindustrias; Promover a transformación e comercialización de produtos forestais; Promover a creación, modernización ou ampliación de empresas (actividades non agrarias); Promover a creación, mellora ou ampliación de todo tipo de servizos, actividades e infraestruturas recreativas e culturais; Promover investimentos para uso público en infraestruturas recreativas, e de turismo a pequena escala; Promover o mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural: Promover a cooperación e a xeración de redes para contribuír ao desenvolvemento sostible das zonas rurais.

Estas accións levadas a cabo por mor dos fondos comunitarios LEADER, enmárcanse dentro varios dos Obxectivos Estratéxicos da AUE, destacando:

- OE1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do chan, conservalo e protexelo.
- OE3. Previr e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia.
- OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular.
- OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade.
- OE10. Mellorar os instrumentos de intervención e gobernanza.

Seguindo na liña da cooperación institucional e entre os sectores público e privado, así como da participación pública e comunitaria, e paralelamente á xestión do Leader por parte dos concellos propostos dentro do ámbito territorial, tres deles (Camariñas, Vimianzo e Muxía) pertencentes ás Comarcas de Terra de Soneira e Fisterra, intégranse dentro do Grupo de Acción Local e Pesqueira Costa da Morte. Trátase dunha asociación sen ánimo de lucro cuxa función é a xestión da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) deste territorio. As EDLP son o principal

instrumento para alcanzar a prioridade número 4 da UE que é o aumento do emprego e a cohesión territorial mediante o seguinte obxectivo: Fomento do crecemento económico, a inclusión social, a creación de emprego e o apoio á empregabilidade e á mobilidade laboral nas comunidades pesqueiras e acuícolas, incluíndo a diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e o respecto a outros sectores da economía marítima. En base a isto, o GALP Costa da Morte elabora unha estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP) para o período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, en función das características deste ámbito territorial. Os obxectivos estratéxicos deseñados por este GALP utilizando un diagnóstico previo de factores internos e externos son os seguintes: Fomento e diversificación produtiva da pesca artesanal, buscando o mantemento da actividade vinculada ao mar e á extracción de insumos das actividades marítimas para outras actividades produtivas; Competitividade sostible das actividades relacionadas co mar, a través do reforzo dos elementos ambientais e patrimoniais, compatibilizando o seu aproveitamento para a diversificación en novas actividades produtivas; Capacitación e ampliación das competencias dos sectores económico e social relacionados co GALP Costa da Morte.

As actividades levadas a cabo polo GALP Costa da Morte quedan enmarcadas dentro do marco estratéxico da AUE, en canto á procura de redución de impactos ambientais, mellora da resiliencia e procura dunha mellora da xestión dos recursos que favoreza unha economía circular, enmarcados dentro dos Obxectivos Estratéxicos 3 e 4 do documento. Así mesmo, e de maneira transversal, dentro do Obxectivo Estratéxico 10, favorecendo a participación e gobernanza.

Esta longa historia de cooperación, colaboración, tanto institucional como de sectores públicos-privados, así como os procesos e dinámicas de participación pública e privada, abriron o camiño e en certa medida posibilitaron e impulsaron unha serie de plans, proxectos e actuacións de carácter máis individual e por sectores. Neste sentido hai que facer referencia a un conxunto de proxectos que tiveron unha enorme transcendencia económica e social, non só no territorio que se propón a través deste documento, senón que transcendeu máis aló destas fronteiras:

- Plan de Acción de Turismo Costa da Morte 2019 – 2021. Inclúe a todos os concellos que integran o GDR Costa da Morte (excepto Coristanco). Deseñado e implementado pola CMAT (Costa da Morte Asociación de Turismo), este Plan de Acción está concibido como unha ferramenta de xestión para o desenvolvemento e a xestión turística do territorio a través da colaboración de todos os axentes públicos e privados implicados.
- Senda Litoral: Trátase dun proxecto de enorme transcendencia como elemento atractor. Sendeiro que percorre toda a costa galega desde Ribadeo ata Tomiño. O seu obxectivo é o de xerar un modelo de xestión integrado que leve a unha maior identificación da cidadanía coa Senda e poder contribuír a unha estratexia de sustentabilidade. Percorre todos os concellos costeiros do territorio proposto, desde Camariñas ata Carnota.
- Camiño de Santiago: O Camiño de Santiago entra no territorio proposto a través do concello de Mazaricos para posteriormente cruzar Dumbría e continuar por Cee, Corcubión e Fisterra para posteriormente subir cara a Muxía. O camiño percorre a maior parte dos concellos que integran este territorio. Trátase de novo dun exemplo de cooperación e colaboración público – privada.

- Marca Territorio: Costa da Morte – Terra Atlántica. O GDR Costa da Morte puxo en marcha no ano 2018 unha iniciativa para impulsar a creación dunha marca territorio que consolide e potencie a súa identidade en base ao reforzo e á distinción da produción local, baixo parámetros de calidade e valor diferencial. O obxectivo que orienta a creación desta marca é a de distinguir, visibilizar e consolidar nos mercados, o produto e servizos de empresa deste ámbito territorial. A marca busca traballar en tres eixos:

- o Ensinar produtos e servizos de marcas de proximidade
- o Divulgar e comunicar
- o Fomento do medio rural

Todos estes proxectos turísticos comparten uns obxectivos comúns, enmarcados dentro da AUE, en canto á procura dunha ordenación territorial que permita un uso racional do chan (OE 1), fomento dun turismo resiliente (OE 3) e o fomento dunha xestión sostible dos recursos dispoñibles favorecendo a economía circular (OE 4). En especial no caso da Marca Territorio, a divulgación e fomento dos produtos e servizos de proximidade permite afianzar a cohesión social e un desenvolvemento equitativo dos habitantes do territorio (OE 6). Ademais, de maneira transversal a todas as accións, favorécese a participación dos axentes e cidadáns afectados no desenvolvemento local (OE 10).

Por último, a un nivel máis individual e municipal, os concellos que integran este territorio traballaron tamén na redacción, deseño e implementación de plans de carácter estratéxico para a mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas que habitan os seus concellos. Son os seguintes:

- Plans de Igualdade
- Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible

**d) Identificación dos principais retos aos que se enfrenta a Entidade e previsión das medidas e actuacións que se pretendan afrontar aliñadas tamén cos obxectivos da AUE.**

Propóñese tres grandes ámbitos (SOCIAL, ECONÓMICO, AMBIENTAL-PATRIMONIAL) e dentro deles detállanse os retos a abordar, así como unha proposta de accións e aliñación cos obxectivos estratéxicos da AUE

**ÁMBITO SOCIAL:**

**RETOS:**

A nivel demográfico o ámbito proposto (segundo os datos do IGE) ten unha poboación moi envellecida, alto grao de dispersión, concentración poboacional e da actividade económica na franxa litoral así como a inexistencia de alternativas para fixar poboación no territorio. A poboación ten un baixo nivel de estudos (IGE) e existe pouca conexión entre as necesidades formativas da poboación coas potencialidades de desenvolvemento do territorio. A oferta formativa non obrigatoria é escasa e pouco variada. Así mesmo, a maior parte do territorio ten dificultades de acceso ás novas tecnoloxías de información e de comunicación, sobre todo no que se refire á conexión a banda ancha que actualmente é un dos elementos máis relevantes para atraer e reter poboación, sobre todo despois da experiencia COVID). Por último, unha demanda histórica dos gobernos locais e dos veciños e veciñas dos concellos que forman este territorio foi a mellora das infraestruturas de comunicación en diferentes modos tanto a nivel interno facilitando a comunicación entre concellos e parroquias,

así como cos principais centros atractores (polígonos industriais, servizos médicos), pero tamén de dentro cara a fóra: áreas metropolitanas de Coruña e Santiago, cara ás súas universidades, aeroportos, comercio especializado e infraestruturas sanitarias, así como a finalización do trazado da AG55 e a súa continuación ata Cee.

Os retos neste sentido radican en ofrecer e achegar á poboación da Costa da Morte servizos variados e de calidade evitando así a necesidade de buscalos noutros ámbitos territoriais e contribuíndo desta forma á retención de poboación e mesmo á atracción de habitantes novos. Estes servizos han de ser xestionados dunha maneira transparente e eficiente por parte dos poderes públicos. Facilitar os desprazamentos, a comunicación e mellorar a mobilidade intermunicipal e intramunicipal entre núcleos e con centros atractores.

Este primeiro ámbito atópase plenamente aliñado cos seguintes obxectivos específicos da Axenda Urbana Española:

- OE5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible
- OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade
- OE9. Liderar e fomentar a innovación dixital
- OE10. Mellorar os instrumentos de intervención e a gobernanza

#### ACCIÓNS PROPOSTAS:

- 1.1 Mellora dos mecanismos de gobernanza existentes mediante un sistema participación aberto e transparente para a cidadanía.
- 1.2 Redacción dun Plan de Mellora da accesibilidade e conectividade territorial que inclúa un Plan de Transporte Público e Plan de Infraestruturas Viarias.
- 1.3 Infraestrutura viaria (estudo de detalle para):
  - 1.3.1. Conectar Cee/Fisterra coa AG55 (Baio) a través do trazado existente.
  - 1.3.2. Variante para conectar o P.I. de Cee con Porto de Brens (Cee)
  - 1.3.3. Variante AG55 co P.I. de Vimianzo.
- 1.4 Redacción dun Plan de Transporte Público que inclúa a todos os concellos do ámbito territorial proposto e que inclúa o transporte a demanda para as zonas máis rurais e con poboación máis envellecida. Incluirá un servizo de transporte gratuíto a demanda ao Hospital Virxe da Xunqueira.
- 1.5 Creación dunha rede de senllas peonís e ciclistas desde os núcleos de poboación máis importantes aos focos atractores (traballo e servizos básicos).
- 1.6. Creación dunha rede ampla de vivenda social que poida atraer e reter poboación.
- 1.7 Mellorar a oferta educativa de Formación Profesional con ciclos relacionados cos recursos endóxenos da zona. En coordinación coa Xunta de Galicia e Ministerio de Educación e Formación Profesional.
- 1.8 Promover a cobertura dixital a través de fibra óptica en toda a superficie territorial.
- 1.9 Creación dunha Comisión mixta público-privada para a avaliación periódica e seguimento deste Plan de Acción.

## **ÁMBITO ECONÓMICO:**

### **RETOS:**

A nivel económico a principal problemática deste territorio reside nunha ausencia importante de diversificación produtiva a nivel multisectorial, así como unha reducida dimensión do tecido empresarial en todos os sectores económicos, segundo os datos provenientes do IGE. Existe no territorio unha ampla oferta de chan industrial que en moitos casos non foi ocupado, nin está a ser aproveitado, debido á competencia/localismos municipais e falta de ordenación e planificación neste sentido, cun importante impacto negativo a nivel visual sobre o territorio e sobre a paisaxe. Respecto ao sector primario, este tamén está a experimentar unha serie de problemáticas que en certa maneira son comúns actualmente á maior parte do rural galego. Neste sentido, hai unha perda de peso económico e social deste sector (agroganadería e pesca), falta de substitución xeracional, pouca diversificación nas producións agrarias ao que se lle suma a desconexión existente entre a produción agraria e a industria transformadora. Doutra banda en canto á produción forestal, esta móstrase deficitaria por problemas estruturais: atomización de parcelas e falta de concentración parcelaria ademais do monocultivo de certas especies de crecemento rápido (eucalipto). Neste sentido non existe tampouco unha base empresarial sólida orientada á transformación de biomasa. En canto ao terceiro sector, hai que facer referencia á elevada estacionalidade que sofre o sector turístico durante a tempada estival.

A nivel transversal, hai que facer de novo referencia á escasa oferta formativa respecto da explotación e manufactura dos recursos endóxeos que ofrece o territorio, así como á dixitalización, tecnoloxía e I+D+i con escasa presenza no tres sectores económicos.

Dentro deste segundo ámbito, os retos radican en diversificar a economía e na medida do posible equilibrar o tres sectores económicos: utilizando os polígonos industriais e o seu chan dispoñible como recurso; desestacionalizar o turismo e ofrecer un sector terciario de calidade; facilitando a substitución xeracional nas explotacións agrogandeiras a través de dixitalización, o I+D+i cun compoñente importante de apoio e asesoría institucional. De maneira transversal hase de ofrecer formación de calidade de cara á xestión e explotación dos recursos endóxeos.

Este segundo ámbito atópase plenamente aliñado cos seguintes obxectivos específicos da Axenda Urbana Española:

- OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular
- OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana
- OE9. Liderar e fomentar a innovación dixital

### **ACCIÓN PROPOSTAS:**

- 2.1. Estudo de racionalización e aproveitamento sostible das superficies industriais e redacción de Plan Director para a súa xestión.
- 2.2. Posta en marcha de dous viveiros de empresas (litoral e interior) en chan industrial dispoñible.
- 2.3. Redacción dun Plan de Paisaxe para chan industrial sen uso. Rexeneración ambiental e renaturalización.



- 2.4. Intercambios de experiencias/boas prácticas, con outros exemplos exitosos de iniciativas empresariais noutros ámbitos territoriais de Galicia, para replicar o aprendido.
- 2.5. Axudas económicas encamiñadas a procesos de dixitalización da economía da Costa da Morte.
- 2.6. Formación e asesoría técnica para a dixitalización, transformación tecnolóxica e I+D+i.
- 2.7. Estudo viabilidade e posta en marcha dunha central comarcal de transformación de biomasa.
- 2.8. Estudo viabilidade e posta á disposición do sector gandeiro dun matadoiro móbil.
- 2.9. Implementación dunha batería de medidas encamiñadas á desestacionalización do turismo.
- 2.10. Organización dunha feira anual de emprego que reúna a representantes de todos os sectores económicos do ámbito territorial proposto.

## **AMBITO AMBIENTAL E PATRIMONIAL**

Neste terceiro e último ámbito hai que facer referencia a varias cuestións e problemáticas que afectan o patrimonio cultural e ambiental do ámbito territorial que se está propoñendo a través desta memoria. Por unha banda, a perda de biodiversidade que ten a súa orixe no uso de prácticas agrícolas e gandeiras intensivas que son habitualmente agresivas co medio ambiente, así como a explotación forestal do monocultivo do eucalipto que ademais contribúe á propagación de incendios forestais.

Doutra banda, existencia de patrimonio deteriorado (sobre todo de arquitectura popular), que leva implícita a necesidade dunha maior rehabilitación no conxunto territorial, consecuencia dun desigual plan urbanístico por municipios. É necesaria unha maior concienciación neste sentido, ofrecendo ademais criterios e recursos para a construción civil, a conservación e a restauración e posta en valor patrimonial, buscando modelos que se adapten ao territorio.

Por último, faise necesario mellorar e unificar a sinalización de lugares e centros atractores a nivel patrimonial así como a súa accesibilidade.

Os retos neste sentido pasan por mellorar a conciencia colectiva a través dunha campaña de sensibilización acerca da importancia do patrimonio cultural e ambiental de face ao benestar das futuras xeracións e da calidade de vida. Doutra banda, o feito de dotar aos diferentes concellos de ferramentas legais que protexan o seu patrimonio arquitectónico e cultural redunda directamente tamén sobre a súa calidade de vida. Por último é necesario facilitar a chegada dos visitantes e turistas que queren gozar do patrimonio e dos recursos deste territorio, a través dunha mellora da accesibilidade.

Este terceiro ámbito atópase plenamente aliñado cos seguintes obxectivos específicos da Axenda Urbana Española:

- OE1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do chan, conservalo e protexelo.
- OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.
- OE3. Previr e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia.
- OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular.

### ACCIÓNS PROPOSTAS:

- 3.1. Deseño e implementación dun paquete de medidas para a desestacionalización do turismo: como Paquetes Turísticos: Turismo micolóxico e de produtos silvestres combinado con show-cooking, Turismo “Plogging” (limpeza de praias) a cambio dunha visita guiada ou cata de produtos locais.
- 3.2. Xornadas de formación para operadores turísticos locais.
- 3.3. Intercambios de experiencias/boas prácticas, con outros exemplos exitosos de iniciativas empresariais relacionadas co turismo noutros ámbitos territoriais de Galicia, para replicar o aprendido.
- 3.4. Redacción dun Plan Director de accesibilidade ao patrimonio natural (incluíndo praias) e cultural do territorio proposto: accesos, sinalización, prazas adaptadas.
- 3.5. Promoción de Costa da Morte Sur a nivel galego e estatal como un destino turístico de sendeirismo: Senda Litoral e Camiño de Santiago.
- 3.6. Dotar aos concellos de ferramentas legais relacionadas co plan urbanístico de cara a protexer o seu patrimonio arquitectónico e cultural.
- 3.7. Impulso ao Parque Arqueolóxico de Megalitismo.

#### **e) Cronograma ou calendario de traballo e proposta orientativa do orzamento para a elaboración do Plan de Acción da AUE.**

O calendario de traballo está estruturado, de forma inicial e orientativa, en 9 meses e 150.000€ de orzamento total. De forma desagregada, serían os seguintes paquetes de traballo cos respectivos prazos e orzamentos estimados:

#### **Paquete de traballo 1: Fase previa de diagnose e proposta inicial do plan con definición de propostas. (Meses 1-6). 50.000€**

Realizarase un diagnóstico previo e unha proposta inicial do plan na que se incluírán unha definición de propostas Estas propostas iranse axustando tamén conforme avance o proceso de participación pública e estas sexan revisada pola comisión responsable na Deputación co fin de que tanto o plan como as propostas do mesmo axústense á situación e demandas dos concellos incluídos no documento.

#### **Paquete de traballo 2: Proceso de participación pública (Meses 2-4 e 7-8). 30.000€**

Este proceso, predefinido no documento preparatorio, consistiría en tres fases de xeración de datos e información a través de entrevistas individuais semi-estruturadas, mesas de traballo, enquisas online e encontros participativos nos que cada persoa ou colectivo social poderán implicarse no nivel que desexe.

#### **Paquete de traballo 3: Elaboración de indicadores de seguimento e avaliación (Meses 7-8). 10.000€**

Determinarase a idoneidade dos indicadores propostos na AUE para un territorio do tamaño do proposto, e complementaranse con indicadores *ad hoc* no caso de que algúns non sexan accesibles.

#### **Paquete de traballo 4: Posta en marcha da estratexia de gobernanza, coordinación entre administracións e seguimento do proceso (Meses 1-9). 30.000€**

O equipo redactor realizará funcións de secretariado técnico das Comisións de seguimento, así como das reunións entre administracións para a negociación e elaboración dos convenios de colaboración necesarios. Tamén se informará

periodicamente aos grupos políticos na oposición do traballo realizado.

**Paquete de traballo 5: Plan de comunicación e difusión á cidadanía (Meses 1-9). 15.000€.**

Elaborarase unha páxina web e realizarase difusión polas redes sociais e prensa tanto do proceso participativo realizado como dos resultados deste.

**Paquete de traballo 6: Formación e capacitación en planificación estratéxica ao persoal técnico e político municipal (Meses 8-9). 15.000€**

Preténdese que todo o equipo do consistorio teña presente e estea familiarizado coa metodoloxía e estrutura propia da Axenda Urbana Española, aliñando coa mesma non só as propostas que nacen do mesmo Plan de Acción, senón tamén propostas adicionais que poidan xurdir e enriquecer o mesmo e mesmo outros documentos e plans como os orzamentos municipais.

		planificación mensual por paquetes									presupuesto	
		1	2	3	4	5	6	7	8	9		
bloques de traballo	Redacción del Plan de Acción	PdT 1									50.000 €	90.000 €
								PdT 3		10.000 €		
		PdT 4									30.000 €	
	Participación		PdT 2				PdT 2			30.000 €	30.000 €	
	Comunicación y Formación	PdT 5									15.000 €	30.000 €
								PdT 6			15.000 €	
		<b>TOTAL</b>									<b>150.000 €</b>	

ACTUACIÓN DE CONTROL:  
MOCIÓNS

Sr. Presidente

Hai dúas mocións do Grupo Provincial Marea Atlántica, a primeira sobre os servizos de apoio ás persoas migrantes.

**1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre os servizos de apoio ás persoas migrantes.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A situación da poboación migrante na nosa provincia precisa dunha intervención integral que contribúa á dignificación das súas condicións de vida.

Na provincia da Coruña vivimos un aumento paulatino da porcentaxe de poboación nada no estranxeiro. Se no ano 2002 tan só un 4% da poboación que vivía na provincia nacera no estranxeiro, no 2020 esta porcentaxe ascendera ata o 9,1% segundo datos do IGE. De igual modo, o total de persoas nadas no estranxeiro non deixa de aumentar ano a ano e actualmente hai 101.543 persoas vivindo na provincia

que naceron no estranxeiro. Todo indica que a tendencia seguirá á alza e polo tanto os datos continuarán en aumento.

Pese a isto, estes números agochan situacións moi dispares ás que hai que atender cunha perspectiva social particular. As poboacións migrantes sofren diferentes desigualdades, exclusións e opresións en función tamén das cuestións de clase, xénero ou racialización que as atravesan. Tamén as diferenzas entre o lugar de nacemento das comunidades migrantes así como a distribución desta poboación no territorio deixan un panorama de difícil intervención. Precisamente, por esta realidade heteroxénea e desigual, precísanse servizos adaptados e especializados de proximidade que atendan estas situacións.

Por unha banda, tal e como nos fan saber as entidades do sector, existe unha realidade urbana moi precarizada de servizos públicos e entidades do terceiro sector especializados en atención as comunidades migrantes. Nestes ámbito, o traballo desenvolto debe apoiarse a ampliarse.

Pola contra, os concellos medianos e pequenos da provincia contan con moi poucos recursos e formación especializada para poder atender a demandas concretas e facer intervención integral coas comunidades migrantes.

É polo tanto evidente que as situacións de exclusión de boa parte da poboación migrante, tanto no urbano como especialmente no rural, débense a unha lóxica perversa de falta de alternativas e apoios que ten que mudar. Debe dotarse orzamentariamente medidas que contribúan ao necesario asesoramento legal, ás tramitacións de documentación de todo tipo, ao apoio aos desprazamentos derivados destas xestións administrativas así como a conciliación, a axuda para a procura de emprego ou a oferta de formación útil e adaptada ás necesidades migrantes.

Así o recolle de feito a propia Deputación da Coruña na estratexia e diagnose de igualdade “Compartimos Plan” onde afirma que é preciso “atender a unha poboación nada no estranxeiro que está feminizada e que se pode ver afectada por unha tripla discriminación” sinalando a importancia dunha perspectiva comarcal que atendas as diferentes realidades do territorio.

**Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:**

1. Instamos á Deputación da Coruña a desenvolver un plan de asesoramento integral á poboación migrante que poña especial atención ás poboacións non urbanas e que se execute tendo en conta:

- A necesaria coordinación, apoio e cooperación coas asociacións e ONGs de referencia que traballan coa poboación migrante nos diferentes municipios.

- O reforzo dos programas de intervención social dos municipios, promovendo actuacións e atencións descentralizadas, favorecendo a participación dos núcleos ou comunidades non situadas nas grandes cidades.

Sr. Lema Suárez

Bo día, grazas, presidente.

Quería empezar a intervención desexándolle toda a sorte do mundo á nova secretaria, dona Amparo Gil, no desenvolvemento do seu traballo, que seguro que o fai do mellor xeito posible.

A moción que traemos aquí hoxe para o seu debate pretende atender a unha dinámica que está nun proceso de aumento na nosa provincia. O que nos din os datos dispoñibles a través do Instituto Galego de Estatística é que o número de poboación migrante da nosa provincia se duplicou nos últimos 20 anos, pasando dun 4% a un 9%, que en cifras totais veñen ser unhas 100.000 persoas. Estas persoas están concentradas preferentemente arredor dos grandes núcleos urbanos da nosa provincia, pero moitas outras persoas atópanse espalladas por núcleos do rural, concellos do noso rural, que non dispoñen de servizos específicos de atención ás súas necesidades. Necesidades que son específicas, é dicir, son persoas que precisan coñecer cales son os seus dereitos, como facer para ter a posibilidade de acceder a servizos públicos, cuestións que teñen que ver coa posibilidade de como validar a súa titulación académica, por suposto, que teñen que ver tamén coa cuestión do permiso de residencia e moitas outras; son unha problemática moi específica que padece un colectivo que está nunha situación particularmente complexa, como sabemos ben os galegos e galegas, dada a nosa natureza, o noso carácter de pobo que tradicionalmente e secularmente é emisor de grandes cantidades de persoas á emigración.

Eu creo que, por tanto, o que propoñemos na nosa moción é que a Deputación da Coruña estableza un programa, que haberá que pensar tecnicamente cal é o mellor xeito de implementar, pero que atenda a esta particularidade da poboación emigrante que está nos nosos pequenos concellos, e que estes concellos, como dixeran antes, non teñen capacidade técnica para prestarlles a atención específica que precisan. Haberá que buscar o mellor xeito. Estivemos falando en momentos anteriores como se podía implementar, se en cabeceiras de comarca, de xeito rotativo... Eu creo que, en todo caso, do que se trata é de prestar este servizo a este colectivo que o precisa, que vai en aumento na nosa provincia, e que basicamente está requirindo de nós unha atención que ata o momento teñen dificultade en atopar.

Na parte dos acordos da moción establécense as seguintes peticións:

Punto 1, instamos a Deputación da Coruña a desenvolver un Plan de asesoramento integral á poboación migrante que poña especial atención ás poboacións non urbanas e que se execute tendo en conta, en primeiro lugar, a necesaria coordinación, apoio e cooperación coas asociacións e ONG de referencia que traballan coa poboación migrante nos diferentes municipios.

E en segundo lugar, o reforzo dos programas de intervención social dos municipios promovendo actuacións e atencións descentralizadas, favorecendo a participación dos núcleos ou comunidades non situadas nas grandes cidades.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todas.

Nós anticipamos que imos votar a favor da moción que presenta o Grupo da Marea. Efectivamente, tal e como reflicte o texto da moción, tamén así o reflicten os datos recollidos a través da diagnose do Plan de servizos sociais da Deputación da Coruña. E, deste xeito, no plan que emana desa fase de diagnose aparece tamén recollido como unha das liñas de acción, efectivamente, o desenvolvemento de actuacións e programas dirixidos ao colectivo de persoas migrantes para avanzar nunha atención que dea resposta ás súas necesidades e que facilite unha intervención con base inclusiva e que facilite a súa inclusión a nivel social e tamén o seu avance no desenvolvemento persoal, tanto de persoas adultas como de crianzas.

Por outro lado, dicir que a colaboración da Deputación da Coruña con diferentes entidades especializadas na intervención cara a colectivos de persoas migrantes, ben sexa de persoas retornadas ou persoas procedentes doutros países que se achegan aquí para desenvolver a súa vida, pois vén sendo unha constante, ben sexa a través das diferentes liñas de financiamento de servizos sociais a entidades, tamén dende a propia liña da área de Igualdade, na que moitas das entidades traballan de xeito específico o colectivo de mulleres migrantes. E tamén cómpre sinalar o esforzo e a disposición que se fixo a través do POS social para que os concellos, atendendo ás súas realidades e necesidades específicas, que tamén sabemos de primeira man que son do máis diversas entre diferentes concellos da provincia, tiveran a oportunidade, ou de activar programas de xeito específico ou tamén o reforzo do persoal necesario para dar unha resposta o máis acaída posible a estas necesidades.

Pero, ben, como dixen, esta medida está recollida dentro do Plan de acción de Servizos Sociais e, evidentemente, do que se trata, a través das fórmulas que se consideren máis a medida ou que se relacionen de xeito máis directo coas necesidades detectadas na diagnose, evidentemente é unha realidade á que temos que atender.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas.

Moi brevemente, compartindo o espírito e o fondo da moción, tanto na súa exposición de motivos como nos acordos, subscribindo o dito pola compañeira do Grupo de Goberno, neste caso do BNG, nós imos votar favorablemente esta moción porque, como ben dixen, estas propostas que se traen hoxe para a adopción como acordo están xa incluídas tamén neste plan que estamos a desenvolver na Deputación Provincial da Coruña. Polo tanto, repito, o noso voto vai ser favorable.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias. Buenos días, presidente, compañeras, compañeros de Corporación.

Antes de nada, sumarme a las palabras de Alberto Lema, en el que voy a coincidir en esta primera intervención en casi todo, sin que sirva de precedente, y desearle lo mejor a doña Amparo en su tarea. Sus éxitos serán los éxitos de esta casa.

En todo caso, vamos a anunciar nuestro voto favorable a la moción. Todas las iniciativas destinadas a incrementar el asesoramiento y la inclusión de la población inmigrante tienen que ser bien recibidas. En esta línea, la Xunta tiene varias líneas de actuación referidas a estas cuestiones, y creemos que es bueno que la Diputación, en virtud de sus recursos y competencias, también se sume, con lo cual, nuestro voto es favorable.

Nada más y gracias.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

**"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre os servizos de apoio ás persoas migrantes.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A situación da poboación migrante na nosa provincia precisa dunha intervención integral que contribúa á dignificación das súas condicións de vida.

Na provincia da Coruña vivimos un aumento paulatino da porcentaxe de poboación nada no estranxeiro. Se no ano 2002 tan só un 4% da poboación que vivía na provincia nacera no estranxeiro, no 2020 esta porcentaxe ascendera ata o 9,1% segundo datos do IGE. De igual modo, o total de persoas nadas no estranxeiro non deixa de aumentar ano a ano e actualmente hai 101.543 persoas vivindo na provincia que naceron no estranxeiro. Todo indica que a tendencia seguirá á alza e polo tanto os datos continuarán en aumento.

Pese a isto, estes números agochan situacións moi dispares ás que hai que atender cunha perspectiva social particular. As poboacións migrantes sofren diferentes desigualdades, exclusións e opresións en función tamén das cuestións de clase, xénero ou racialización que as atravesan. Tamén as diferenzas entre o lugar de nacemento das comunidades migrantes así como a distribución desta poboación no territorio deixan un panorama de difícil intervención. Precisamente, por esta realidade heteroxénea e desigual, precísanse servizos adaptados e especializados de proximidade que atendan estas situacións.

Por unha banda, tal e como nos fan saber as entidades do sector, existe unha realidade urbana moi precarizada de servizos públicos e entidades do terceiro sector especializados en atención as comunidades migrantes. Nestes ámbito, o traballo desenvolto debe apoiarse a ampliarse.

Pola contra, os concellos medianos e pequenos da provincia contan con moi poucos recursos e formación especializada para poder atender a demandas concretas e facer intervención integral coas comunidades migrantes.

É polo tanto evidente que as situacións de exclusión de boa parte da poboación migrante, tanto no urbano como especialmente no rural, débense a unha lóxica perversa de falta de alternativas e apoios que ten que mudar. Debe dotarse orzamentariamente medidas que contribúan ao necesario asesoramento legal, ás tramitacións de documentación de todo tipo, ao apoio aos desprazamentos derivados destas xestións administrativas así como a conciliación, a axuda para a procura de emprego ou a oferta de formación útil e adaptada ás necesidades migrantes.

Así o recolle de feito a propia Deputación da Coruña na estratexia e diagnose de igualdade "Compartimos Plan" onde afirma que é preciso "atender a unha poboación nada no estranxeiro que está feminizada e que se pode ver afectada por unha tripla discriminación" sinalando a importancia dunha perspectiva comarcal que atendas as diferentes realidades do territorio.

**Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:**

1. Instamos á Deputación da Coruña a desenvolver un plan de asesoramento integral á poboación migrante que poña especial atención ás poboacións non urbanas e que se execute tendo en conta:

- A necesaria coordinación, apoio e cooperación coas asociacións e ONGs de referencia que traballan coa poboación migrante nos diferentes municipios.

- O reforzo dos programas de intervención social dos municipios, promovendo actuacións e atencións descentralizadas, favorecendo a participación dos núcleos ou comunidades non situadas nas grandes cidades."

Sr. Presidente

Seguinte moción, presentada polo Grupo Provincial da Marea Atlántica, sobre a moratoria eólica.



## **2.Moción do Grupo Provincial da Marea Atlántica sobre a moratoria eólica**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No noso país coinciden nestas datas dous procesos aínda que aparentemente contradictorios. Por unha parte, vemos como o prezo da luz sube día tras día nunha espiral alcista sen que o goberno do estado adopte medidas correctoras eficaces, malia á que o cálculo do prezo da luz constituía en si mesmo unha fraude, ao se imputar o custe máis alto de produción, o da proveniente do gas natural, ao total da tarifa sexa cal sexa a súa procedencia e custe medio real, repercutindo deste xeito nos consumidores finais un prezo inflado que pon en risco a viabilidade económica de moitas industrias, aumenta a inflación e multiplica, en definitiva, os grandes beneficios das tres grandes empresas que controlan máis do 81% do mercado eléctrico estatal; Naturgy, Endesa e Iberdrola, todas elas de capital privado malia seren no pasado de titularidade pública.

Por outra parte, e malia a sermos un país que exporta máis dun 30% da súa produción eléctrica, en Galicia estamos asistindo a unha verdadeira proliferación incontrolada de parques eólicos, que xa inzan os nosos montes e pretende tamén no futuro ocupar as nosas costas, sen que esta proliferación de parques teña ningunha consecuencia nun prezo menor do prezo da luz aos galegos e galegas, como nos correspondería pola nosa condición de país produtor; nin tampouco en xeración de emprego, pois non se trata dunha actividade intensiva en emprego a da produción de enerxía eólica. O peche da fábrica de turbinas de Siemens-Gamesa nas Somozas amosa, ademais, que a crecente implantación de novos parques eólicos no noso país non vai acompañada da posta en marcha de industrias relacionadas con este sector máis alá dos pedidos para á exportación que actualmente está a desenvolver Navantia en Fene.

Observamos, ademais, como o modelo escollido para á implantación de novos parques eólicos no país non procura democratizar o acceso a este recurso, mediante fórmulas de autoxeración; tampouco asegurar a natureza galega e pública das novas instalacións, porque a Xunta renega de participar nelas achegando unha parte do seu capital. Ao contrario, estamos ante un modelo privatizador, no que os concursos promovidos pola Xunta, e tamén polo Estado, deixan en mans privadas o negocio do vento galego nun momento no que estamos a padecer como sociedade o fracaso das políticas neoliberais privatizadoras e desreguladoras iniciadas polo goberno de Felipe González e completadas polo de Aznar hai 25 anos.

Segundo declaracións da propia conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, nada menos que un 24% do territorio galego está a disposición das empresas enerxéticas que pretendan explotar o vento galego e, como demostran as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, os novos parques estanse implantando sen asegurar a participación dos veciños e veciñas afectadas, sen asegurar a ampliación futura da Rede Natura e sen actualizar, en definitiva, un Plan eólico de Galicia completamente obsoleto, aprobado cando os muíños de vento medían 50 metros de altura, non 250 como agora, e que non contempla tampouco as directrices europeas neste sector, como tamén poñen de manifesto as devanditas sentenzas.

En definitiva, se o noso país está a sufrir como o resto do estado o impacto dunha suba inxusta da luz froito das políticas neoliberais desreguladoras e privatizadoras dos 90, no noso caso, a esta dinámica súmaselle o feito de sermos unha potencia na xeración de electricidade que non pode tirar proveito desta condición, ao xogar nun mercado, o estatal, cos prezos harmonizados e non contar, sequera, con empresas públicas propias que tiren proveito dos nosos recursos enerxéticos. Vemos, así mesmo, como esta proliferación de parques eólicos está a atinxir á cidadanía dun rural galego que se di querer protexer e, na práctica, abandona ás prácticas depredadoras das enerxéticas coa tutela legal da Xunta de Galicia.

Ademais dos motivos expostos, non debemos esquecer, como puxo de manifesto o fracaso da candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, que estas infraestruturas causan un dano definitivo á paisaxe, modificándoa sen ter en conta o seu valor material e inmaterial, e poñen en risco o futuro desenvolvemento turístico das comarcas afectadas.

Son centos, literalmente, os proxectos de novos parques eólicos en curso no noso país, moitos deles, tramitados polos procedementos de urxencia contemplados tanto na Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais; como pola 9/2021 de simplificación administrativa, o que, entre outros efectos, acurta á metade os prazos previstos para a presentación de alegacións por parte duns propietarios e veciños afectados que se ven así indefensos ante os efectos dunha norma feita a medida das enerxéticas, que protexe os intereses dos grandes -moitas veces destino profesional dos propios políticos que lexislaron ao seu favor- ante os pequenos, que carecen dos coñecementos xurídicos e dos medios necesarios para facerlle fronte a unha verdadeira enxurrada de parques eólicos nos que a Xunta actúa como facilitadora dos intereses empresariais, e non como defensora do ben común e das xentes que habitan o territorio que debера custodiar.

Nesta mesma cámara téñense aprobado no pasado medidas destinadas a contrarrestar e denunciar o proceso que vimos de describir. A última delas, nunha moción presentada no último Pleno en contra da implantación por parte de Iberdrola dun parque eólico mariño de 150 quilómetros cadrados que atinxiría de xeito directo seis caladoiros de pesca baixura da zona esenciais para o sector. Ante a complicidade da Xunta nesta cuestión, cómpre avanzar un paso máis na defensa das persoas e do territorio que habitan.

Por todos estes feitos están agromando, pola Provincia da Coruña e por todo o país, numerosas plataformas en defensa do territorio que tratan de denunciar esta situación. Estes colectivos insisten en que o impulso de decenas de macroparques están causando xa, e causarán con maior gravidade:

1. Ruídos insoportables que afectan a saúde das poboación no rural.
2. Interferencias que dificultan o funcionamento dos sistemas de telecomunicación.
3. O “efecto discoteca” ou parpadeo das sombras das aspas en movemento que afectan ás casas nas contornas dos muíños.
4. Accidentes por desprendementos e averías.
5. Perdas do valor das casas e dos terreos ubicados ata a 3 km dos parques.
6. Invasión do espazo forestal e agrario.

7. Impactos na paisaxe, en ocasións con alto valor medio ambiental.
8. Interferencias nos usos do solo, tanto gandeiro, como agrícola e forestal.
9. Perdas de traballo asentado no territorio a costa de poucos, escasos e temporais postos de traballo ligados ao período de construción.
10. Despoboamento do rural. Quen vivirá cerca dun macroparque eólico?
11. Pese a todos os impactos, os macroparques non supoñen abaratamentos da luz.

Estas e outras problemáticas están sendo denunciadas por milleiros de persoas en diferentes convocatorias públicas nos últimos meses. O pasado mes estivemos acompañando ao roteiro reivindicativo “Non ao espolio! Contra os Macroeólicos e na defensa do rural” que convocaron en Caaveiro máis de 15 asociacións e plataformas para alertar sobre a ameaza que supoñen estes proxectos para o país e para as Fragas do Eume en particular. A campaña “Aldeas Libres de Macroeólicos” está tendo ademais un alto impacto en toda a provincia. De igual, modo este pasado domingo 17 de outubro desenvolveuse unha manifestación convocada por 160 asociacións en Madrid baixo o lema “Renovables sí, pero no así” reclamando unha revisión completa do modelo enerxético para camiñar cara un modelo “distribuído e xusto”

Anotar por último que A Xunta de Galicia ven de anunciar no seu proxecto de orzamentos 2022 unha suposta moratoria pola que “non se admitirán a trámite novas solicitudes de parques eólicos” durante o prazo de 18 meses. Esta paralización é unha medida cosmética resultado da presión da sociedade civil e as forzas políticas que levamos tempo reclamando, tamén neste pleno da Deputación da Coruña, unha moratoria. A Xunta de Galicia está tratando de vender unha paralización que non é, xa que establece unha excepción para “aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia”. Como están denunciando as plataformas de veciñanza afectada pensamos que é inaceptable que a Xunta de Galicia acepte a problemática que están supoñendo o crecemento de parques sen control e estableza unha suposta suspensión dos mesmos pero á vez decida decretar unha excepción á paralización pola que será a propia Xunta de Galicia a que poderá aceptar calquera novo proxecto.

**Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:**

1. Instar á Xunta de Galicia a establecer unha moratoria completa en todo o territorio galego, eliminando a excepción da paralización temporal proposta.
2. Iniciar a redacción dun novo Plan eólico que garanta a democratización do acceso da explotación do vento, a participación efectiva da cidadanía no mesmo e a protección do territorio.
3. Dar traslado do seguinte acordo ao Parlamento de Galicia, ás Plataformas mencionadas en defensa do territorio fronte os macro parques e ao Goberno da Xunta de Galicia.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas. Estou seguro de que nesta moción xa vai caber máis debate.

A moción solicita o mesmo que en ocasións anteriores propuxemos a esta Cámara, que era unha moratoria da adxudicación do proceso do concurso eólico ata que se renove a lei autonómica que ordena este sector. Eu creo que xa debatemos moitas outras veces sobre esta mesma cuestión, pero hai unhas cantas novidades que entendemos que lle dan unha maior actualidade a esta moción.

Unha delas é a propia moratoria de 18 meses establecida na Xunta de Galicia á concesión ou á tramitación de novos parques. Eu creo que hai moitísimas lecturas que facer deste movemento da Xunta de Galicia. Unha delas é que pensamos que está sendo sensible coas protestas e coa oposición inmensa, moi importante, social a esta proliferación moi pouco ordenada da instalación de novos parques eólicos no noso país. Entendemos que, sen dúbida, este é un dos factores, tal vez non recoñecido, pero sen dúbida patentes, nesta moratoria implícita que a Xunta de Galicia acaba de promulgar.

En segundo lugar, hai outras cuestións que tamén coinciden no tempo coa presentación desta moción, unha delas é a validación da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que confirma as demandas presentadas por varias asociacións ecoloxistas do noso país respecto do proxecto do parque eólico do Iribio, que finalmente entende este tribunal que non se axusta á lei e que debe ser, por tanto, novamente tramitado ou, mellor aínda, debe ser renunciada a súa tramitación.

E cuestións menores, pero pensamos que tamén sen dúbida relacionadas con esta, como son o peche das fábricas da industria auxiliar relacionada coa produción de elementos para a produción de enerxía eólica; pechou xa hai uns meses desgrazadamente a fábrica de Siemens Gamesa nas Somozas, recentemente vén de facelo tamén a fábrica de Vestas en Viveiro, o cal engade dúas novas penso que lamentables citas ao que non deixa de ser un continuo proceso de desindustrialización do noso país, que tamén xa temos debatido e denunciado noutras ocasións.

Tamén é relevante, aínda que non aconteza exactamente, non aconteza de feito na comunidade autónoma galega, que a Generalitat vén de aprobar a súa Lei de enerxías renovables, e vén de aprobala, é dicir, que Cataluña como todos sabemos está no Estado español e está na Comunidade Económica Europea, polo tanto comparte o mesmo ordenamento xurídico ca nós, non estamos falando de Corea do Norte, nin da China Popular, senón do mesmo contexto político e xurídico ca nós, pois unha lei cun contido moi diverso, moi diferente ao da lei sectorial galega. Estamos falando dunha lei que obriga ás promocións a compartir un 20% da súa instalación cos antigos propietarios dos terreos onde son asentados os novos parques, co cal pasan de ser expropiados forzosamente, como acontece cada día en Galicia, a ser copropietarios dunha produción industrial da que no día de mañá compartirán os seus beneficios, fronte ao modelo monopolístico e privatizador e extractivista que impera entre nós, como todos sabemos.

Tamén fala esta lei catalá de que é necesario procurar o consenso sobre as zonas nas que se van implantar eses novos parques eólicos e tamén última, pero non menor, que se debe dar publicidade con 18 meses de antelación a estes futuros parques eólicos que se queren implantar, débeselles dar publicidade na prensa local máis lida nas zonas afectadas. Nada que ver, absolutamente nada que ver coa

publicidade que se lles dá unicamente a través do BOE en Galicia aos futuros parques eólicos.

Entón isto demostra que existen outros modelos, socialmente responsables, que procuran o consenso, que procuran redistribuír a riqueza, que finalmente é do que estamos a falar, dun recurso común a todos como é o vento.

A moción ten un expositivo moito máis extenso que fala tamén do contexto de suba de prezos da electricidade e demais, pero creo que basicamente está á disposición de todos para lela se precisan facelo. Paso á parte resolutiva deste, na que di o seguinte:

Punto1, instar a Xunta de Galicia a establecer unha moratoria completa en todo o territorio galego eliminando a excepción da aparición temporal proposta.

Punto segundo, iniciar a redacción do novo plan eólico que garanta a deslocalización do acceso da explotación do vento, a participación efectiva da cidadanía neste e a protección do territorio.

Punto terceiro, trasladar o seguinte acordo ao Parlamento de Galicia, ás plataformas mencionadas en defensa do territorio fronte aos macroparques e ao Goberno da Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día de novo.

Efectivamente, o debate arredor do modelo polo que debe apostar Galiza para a súa transición enerxética cara á produción a través de enerxías limpas está de novo no Pleno desta casa. Novamente anunciamos xa o noso voto a favor a esta moción e, ao fío desta moratoria, si que consideramos que é un momento no que deberíamos repensar e reformular un modelo que dea seguridade para a explotación e para o desenvolvemento eólico do país; un modelo que, como xa dixemos moitas outras veces, debe redundar na xeración de riqueza e un retorno económico e unha compensación para aquelas comunidades nas que se van asentarse os parques.

Tamén hai que dicir que é un modelo que na súa regulación realmente se axuste ás novas características dos parques que, evidentemente, xa nada teñen que ver en dimensións e en localizacións con aqueles outros aos que inicialmente se axustaba ese plan. Por iso nós insistimos en que, se hai un potencial eólico da altura que hai en Galicia, o desenvolvemento de toda actividade arredor da súa explotación ten que estar centrado nos beneficios para os galegos e as galegas. E o modelo que defende o BNG é outro, está centrado efectivamente en garantir a sustentabilidade do medio ambiente, na participación pública nos beneficios da riqueza eólica e, efectivamente, en vincular a instalación de parques eólicos a proxectos industriais que xeren emprego e riqueza aquí. Estamos vendo, como ben dicía Alberto antes, como mentres estamos no medio dun *boom* eólico non deixan de pechar aquelas industrias que a súa actividade estaba vinculada á creación de compoñentes, o cal resulta difícil

de explicar, e que á súa vez efectivamente, o feito de ser potencia produtora poida reverter nun beneficio nos galegos e nas galegas no que é a tarifa eléctrica.

Por outro lado, tamén dicir que non avanzar cara a un novo modelo, cara a unha nova regulación o que vai suceder é que se vai crear desigualdade entre os diferentes territorios nos que se van asentarse os parques porque, efectivamente, parece que as empresas si toman nota do rexeitamento social e están procurando diferentes modelos de negociación que, se non están debidamente recollidos no plan, o que vai suceder é que o retorno tamén vai ser do máis diverso en diferentes puntos do territorio ao non existir un marco regulador que procure esa equidade e eses beneficios.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Nós en principio non podemos apoiar esta moción, parécenos contradictorio ata certo punto, tanto na exposición de motivos como na relación entre a exposición de motivos e os acordos que se propoñen. Por unha banda, estamos a falar de que temos un problema enerxético no noso país coa alza dos prezos da enerxía eléctrica que está afogando as empresas e a particulares. Falamos tamén de que os eólicos inzan os nosos montes e pretenden tamén ocupar as nosas costas. E, ao mesmo tempo, pedímoslle á Xunta de Galicia unha moratoria completa en todo o territorio galego. Por tanto, entre o primeiro parágrafo e o segundo parágrafo da exposición de motivos xa hai unha contradición en si mesma, pero que contradí tamén o que temos manifestado noutras ocasións sobre a xeración de enerxía.

Comentábo no último pleno: se non queremos nucleares porque son perigosas, se non queremos térmicas porque son contaminantes e tampouco queremos hidráulica porque prexudica o curso dos ríos, nin queremos eólica... pois a min gustaríame que alguén me explique como imos xerar enerxía. Porque está ben opoñerse, eu entendo e eu matizarei agora que nós nos opoñemos ao actual sistema tal como está formulado, nós entendemos que este proceso de implantación de parques eólicos ten que pivotar sobre dous piares principalmente: o primeiro, respecto aos veciños, ás súas propiedades, neste caso ás vivendas e ao sector primario e ás granxas, iso ten que quedar totalmente excluído deste plan, non o respecto, senón a afección a esas zonas. E, por outro, que haxa un compromiso desas empresas que se lles obrigue a ter un compromiso social, primeiro na fabricación deses elementos en Galicia e, polo tanto, que xeren emprego e riqueza; e, segundo, no fomento e na potenciación do I+D+i, da investigación e desenvolvemento e da formación dos galegos e as galegas neste sector que vai ser punteiro. Esa é a parte que nós matizaríamos e que entendemos que ten que engadirse a este plan eólico que non está, e polo tanto esa parte si podemos compartila con esta moción e co seu espírito, pero non a outra.

Estamos nun punto que empeza a ser ata certo punto perigoso, que é non matizar debidamente cal é a situación deste plan eólico e dar a imaxe e trasladar ante a cidadanía a idea de que os eólicos son negativos. E iso cada vez está empezando a calar máis. E eu penso que iso pasa tamén porque non estamos a facer un discurso todo o responsable que debera ser, e isto entronca co que dicía ao principio. Efectivamente, os eólicos non é o máis bonito nun monte para ver, paréceme bastante máis fea unha central térmica; paréceme moito máis feo un campo de enerxía solar.

Entón, quixera saber que alguén me explique como imos xerar enerxía. Se imos ter que seguir dependendo de países como Alxeria para o gas, ou como Rusia para o gas, se imos ter que seguir comprando enerxía eléctrica a Francia que a produce en centrais nucleares, ou se temos a capacidade de xerar enerxía no noso país a través do vento, que é dos mellores de Europa e concretamente en Galicia o mellor do Estado, se podemos aproveitala, con todas as garantías para que non afecte a cidadanía, como dicía antes, para que queden lonxe das casas, hai territorio suficiente para que non teña que facerse cerca dos núcleos de poboación, para que non afecte, como dicíamos antes, ás granxas, e co compromiso desas empresas para que sigan producindo en Galicia e non pase o que está a pasar agora, que pecha, hai un anuncio de Vestas, Siemens Gamesa, etc. Esa é a parte de crítica que debemos facer neste caso á Xunta de Galicia e a quen corresponda, que non se inclúe neste plan. Pero, ollo, penso que temos que facer un esforzo por explicar ben á cidadanía que é o que estamos a dicir, porque calquera que lea a parte da exposición de motivos, sobre todo no segundo parágrafo onde di: “en Galicia estamos asistindo a unha verdadeira proliferación incontrolada de parques eólicos que xa inzan os nosos montes e pretenden tamén no futuro ocupar as nosas costas”. Pois veremos onde os imos poñer. É certo que a continuación pon de autoxeración, polo tanto si poden estar nas casas pero non poden estar nos montes ou na costa?

Penso que temos que facer un discurso un pouco máis responsable entre todos sobre esta materia e abordalo dende o punto de vista de que ou necesitamos enerxía ou non a necesitamos. O que non podemos dicir é que nos queixemos de que o prezo da luz está moi alto, porque igual a transición enerxética non foi unha verdadeira transición, non nos podemos queixar de que hai empresas contaminantes que xeran enerxía e que temos que eliminar e, polo tanto, camiñar cara a unha produción máis ecolóxica da enerxía, que estou totalmente de acordo pero, se non, a día de hoxe mentres a tecnoloxía do hidróxeno non estea suficientemente desenvolvida, imos ter que necesitar enerxía dalgunha das maneiras e, polo tanto, teremos que elixir igualmente entre a menos mala de todas, tendo en conta que loxicamente tanto a eólica como a eólica mariña teñen un impacto visual no territorio e na paisaxe, diso non hai ningunha dúbida. Pero é que a outra opción son instalacións que teñen tanto ou máis impacto pero que aínda enriba contaminan. Por tanto, sexamos todos responsables e fagamos unha reflexión desde un punto de vista, como digo, máis profundo a este respecto.

Nós por ese primeiro punto desta moción, no segundo punto e no terceiro non teríamos ningún inconveniente, xa dixen que hai que matizar este plan eólico, que non compartimos que sexa, pois iso, unha feira na que calquera de fóra pode vir aquí, incluso empresas que non son do sector, e comprar dereitos para eses plans. E que se poidan incorporar incluso as administracións públicas aos concellos neses consellos de administración deses parques e poida reverter directamente nos seus concellos a través do IBI que poidan pagar as instalacións, pero tamén a través dos beneficios que poida xerar ese parque e que iso repercuta na súa veciñanza, ou ben na redución do custo da enerxía eléctrica ou ben en investimentos para esa propia vila.

Eses son os matices que queremos incorporar, é a nosa proposta, pero non podemos apoiar esta moción por ese primeiro punto que entendo que non se vai retirar.

Nada máis, moitas grazas.

Sra. Aneiros Barros

Pues muchas gracias y buenos días a todos.

Y, bueno, pues sí efectivamente en este caso, coincidiendo en algunas cosas con el portavoz del Partido Socialista. Hemos de recordar en primer lugar que, efectivamente, tuvo lugar un debate hace escasos meses, en concreto sobre la eólica marina, un momento en el que tuvimos la oportunidad de posicionarnos todos en relación con este asunto, en donde defendimos nosotros, este Grupo, la importancia de este sector energético para Galicia, la necesidad de planificar, de estudiar posibles ubicaciones siempre en el respeto, en el equilibrio de actividades previas, como actividades pesqueras, actividades marisqueras y, por supuesto, también respetando el ecosistema marino, pero defendiendo esta alternativa que es la de la eólica marina.

En ese Pleno ya tuvimos la oportunidad de ver cómo los grupos que hoy también se están posicionando, como el BNG o la Marea, se posicionaron en aquel momento claramente en contra de la eólica marina. Hoy toca una moción ciertamente similar pero respecto de la eólica terrestre y se hace con motivo de una moratoria que desde el Gobierno de Galicia se está anunciando y que, por otro lado, contradictoriamente, la propia Marea no critica la propia moratoria, sino la posibilidad de que se establezca una excepción.

En cualquier caso, el posicionamiento, creo que el correcto, el que nosotros defendemos y que está defendiendo el Gobierno gallego es el de la planificación, la planificación ordenada en un sector al que no podemos renunciar, que es el de la eólica terrestre. Una planificación que permita, por un lado, dar una seguridad jurídica al propio sector, pero que al mismo tiempo tenga una prioridad: que la prioridad sea que ese desarrollo de los parques eólicos al mismo tiempo sea respetuoso con el medio ambiente y con el ecosistema.

Y precisamente tenemos que pensar en cuál ha sido la situación actual, hasta dónde hemos llegado, y hemos llegado hasta un punto en el que existen actualmente en tramitación 275 expedientes, realmente un número grande de expedientes que están actualmente en esa vía. Y es por eso por lo que la Xunta toma la decisión de fijar una moratoria, que va a ir desde el 1 de enero hasta julio del 2023, 18 meses durante los cuales se cierra el registro para la presentación de nuevos proyectos, de nuevos parques eólicos. Que, por cierto, la primera comunidad autónoma de nuestro país, de España, que toma una medida de este tipo, una medida razonable con un objetivo claro, que es el de racionalizar, el de permitir estudiar de una forma ordenada y detenida los expedientes que están presentados hasta ese momento. Estudiarlos de forma detenida, ¿para qué? pues para darles curso y tramitar todos aquellos proyectos que encajen dentro de la normativa, pero también para rechazar todos aquellos otros proyectos que no encajen dentro de la legalidad y que, por tanto, no se ajusten a los requisitos que se están exigiendo y que me gustaría recordar de forma breve, porque, si hay algo claro, es que no se permiten parques eólicos en los espacios de Rede Natura, es que no se permiten parques eólicos fuera de esas áreas que están incluidas en el Plan sectorial eólico de Galicia, o que carezca de permisos



de acceso y conexión a la red eléctrica. Estamos hablando de que prácticamente el 78% del territorio de nuestra comunidad autónoma quedaría blindado a la ubicación de estos parques.

Es más, estamos hablando de que existen proyectos de eólica terrestre que se están tramitando ante el Ministerio para la Transición Ecológica que, cuando llegan a Galicia, después de tener el informe favorable del Ministerio, son rechazados por la Xunta con informes desfavorables porque no se ajustan a la normativa gallega. Por tanto, respeto absoluto y cumplimiento de la legalidad a la hora de tramitar estos parques.

¿La moratoria? Creo que está justificada, creo que es razonable y que permitirá seguir avanzando en este sector, pero con respeto y con detenimiento a la hora de valorarlo.

Y, por cierto, una modificación normativa que creo que también es relevante y que ha sido reclamada por los sectores, por los vecinos, que es la relativa a las distancias de los aerogeneradores con los núcleos de la población, una distancia que hasta ahora era de 500 m y que ahora se va a ver incrementada a una distancia que se va a fijar calculándola a través de una multiplicación: multiplicar por 5 la altura del aerogenerador que se quiera instalar, de tal manera que los aerogeneradores de 200 m quedarán a un kilómetro de distancia de la población más cercana. Creo que es una manera de respetar los espacios naturales y evitando el impacto visual que lógicamente supone la ubicación de aerogeneradores, pero que se ve realmente suavizado con este tipo de medidas, que creo que han sido celebradas por la mayor parte de los grupos, por otro lado.

Decir que, llegados a este punto, lo que tenemos que censurar es determinados posicionamientos que creemos que son entre populistas o inmovilistas, como el del BNG y el de la Marea. Desde luego, no se puede, es imposible defender la energía renovable con posicionamientos contrarios a la energía eólica marina, a la energía eólica terrestre, a la energía hidráulica, se ha dicho aquí. Es que no se puede defender una cosa y atacar las alternativas a estas energías que se están censurando. No se puede estar en contra de la energía térmica y al mismo tiempo no apoyar energías limpias, energías renovables como de las que estamos hablando.

Por eso yo también pregunto ¿cuál es el sistema energético, cuál es el modelo? Se hablaba por la portavoz del Bloque de que el modelo que tiene el Bloque es el de garantizar la sostenibilidad, el de proyectos que generen empleo, el de proyectos que generen beneficio a los gallegos. Es que yo me pregunto, si es que en eso estamos todos de acuerdo, estamos todos de acuerdo, pero es que lo que no se puede es no definir claramente cuál es la energía por la que apuesta un Grupo, porque, vuelvo a decir, cada vez que tienen la oportunidad de posicionarse es el voto en contra reiteradamente de este tipo de energías. ¿Cuál es la alternativa?

Es que, claro, se habla del incremento de la factura eléctrica, no seremos nosotros los defensores de la situación actual, que deriva claramente, y lo hemos defendido también en este Pleno, de una política desde luego muy cuestionable, una política energética del Gobierno de Madrid improvisada, con una transición energética que no es tal transición, que no es ordenada, que no se ajusta y que no es lo que este país necesita y, por supuesto, Galicia necesita. Pero, ciertamente esto además afecta

a cuestiones como el empleo, comarcas como la de Ferrolterra que, efectivamente, se ve afectada claramente por el cierre de la central térmica de As Pontes. ¿Cuáles son las alternativas que se plantean? Si es que en Ferrol se están construyendo en los astilleros de la ría elementos para la eólica marina y al mismo tiempo hay partidos que están en contra de esa eólica marina. Es que no se pueden tener discursos tan contradictorios.

Yo creo que, si creemos en el futuro de Galicia y de las comarcas de nuestra tierra, lo que no podemos es mantener este tipo de posicionamientos y por eso yo invitaría a estos grupos a que revisen esos posicionamientos porque el futuro no va por ahí, el futuro va por apostar por energías limpias y energías renovables tomando este tipo de medidas que respeten la legalidad correspondiente para salvaguardar nuestro ecosistema, nuestro medio ambiente, pero desde luego nunca con posturas contrarias radicalmente a seguir avanzando en este tipo de parques.

Desde luego, por todo lo que he dicho, no vamos a poder más que votar en contra de la moción planteada por la Marea.

Nada más, muchas gracias.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas.

A verdade é que sorprende escoitar ás veces o que se di e quen o di. Eu a verdade é que non estou aquí para dar consellos nin creo que poida, nin tampouco para exercer de profeta, pero eu creo que se o PSOE ou se o PSdeG intenta competir co Partido Popular e coa Xunta de Feijoo adiantándoo pola dereita, eu creo que non é unha gran estratexia. É dicir, eu, señor Bernardo Fernández, escoitándoo a vostede eu preguntome: vostede podería estar en contra da propia moratoria da Xunta de Galicia; escoitándoo falar a vostede eu creo que poderíamos chegar a esa conclusión, vamos pedirlle á Xunta de Galicia que levante esa moratoria, porque canto máis parques eólicos mellor, máis produción. Teoricamente, seguindo a súa curiosa visión do mercado, iso vai producir automaticamente linealmente unha baixada do prezo da luz se aumenta a produción, cousa que, efectivamente, nunca sucede porque o mercado evidentemente non obedece a esas lóxicas cando está cruzado por outras monopolísticas e demais. Pero, ben, en todo caso, xa lle digo, señor Bernardo Fernández, que a vostede só lle faltou pedirlle á Xunta de Galicia que levantase esta moratoria. Eu a verdade é que, se esta é a estratexia do PSOE, respéctoo evidentemente, son vostedes un partido soberano e con moita historia, pero creo que é unha estratexia errada, creo que hai que combater, competir cun modelo.

Desde logo eu non dixen ningún caso, e pido que por favor non se faga caricatura do que fala con anterioridade, eólica si ou eólica non. Eu creo que non estamos falando dunha cuestión de branco ou negro, estamos falando de cal é o modelo, como se vai explotar a enerxía eólica en Galicia. Propuxen, expuxen un modelo alternativo que é o dos cataláns, que está dicindo que, vale, moi ben, novos parques eólicos con consenso, por suposto, con participación, con información pública e cunha participación do 20% dos antigos propietarios das zonas onde se van asentarse. Se é así, se iso se cumprise no Plan sectorial eólico de Galicia, eu non presentaría

ningunha destas mocións, porque non habería oposición social. Os que están en contra non son os tres ou catro da marxinalidade ecoloxista, ambientalista, non, non, non, é a señora Fina, que ten unha granxa de vacas aí arriba que lle van plantar un muíño de 250 metros a 500 metros da casa e non vou tirar ningún proveito desa aceptación. Por iso quere falar con nós, por iso quería protestar. Por iso quería que nós trasladásemos a súa petición a esta Cámara. Se a señora Fina recibise un 20%, a parte correspondente dos beneficios da empresa por ter, padecer alí ese muíño de vento, evidentemente eu non falaría nunca con ela, estaría encantada e eu tamén estaría encantado, é evidente que si.

Entón, por favor, non fagan caricatura, non terxiversen os que falamos antes porque eu, desde logo, eu non estou dicindo eólica si ou eólica non. Eu digo eólica, por suposto, pero fagamos que isto sexa unha oportunidade de desenvolvemento económico, de fixación de poboación no campo de que moitas veces falamos e non simplemente o negocio duns poucos, que é como está agora mesmo acontecendo.

Despois a min tamén me sorprende, insisto, que un pouco máis e chegamos aquí a pedirlle á Xunta de Galicia que, por favor, levante esta moratoria.

Un par de cuestións máis: caramba! aquí estamos falando continuamente do emprego. O sector enerxético, o sector eólico, dunha vez que están as instalacións feitas ten un escaso labor de mantemento, sabémolo todos; é dicir, quen máis quen menos coñece un pouco o sector directa ou indirectamente, sabemos que ten moi pouco emprego de mantemento, pouquísimo. Ten, efectivamente, emprego nas cuestións que teñen que ver coa xeración dos elementos precisos para a implantación dos parques. Ben, pois non deixa de ser algo que unha vez máis, efectivamente, as leis do mercado non son  $2 + 2 = 4$ , non deixa de ser ben curioso que en Galicia, mentres se están implantando novos parques eólicos, peche a fábrica de turbinas de Siemens Gamesa nas Somozas e a fábrica de pas de Vestas en Viveiro, non deixa de ser curioso. E que ao mesmo tempo haxa pedidos para Navantia en Fene, é eólica mariña que non se instala nas costas galegas. Todos estes feitos que son obxectivos e que coinciden no tempo non suscitan algunha especie como de reflexión? En serio? Ou sexa, en serio estamos aumentando a produción eólica e ao mesmo tempo aumentan os prezos e iso non suscita ningunha reflexión, ou que se deixe de producir en Galicia os elementos precisos para a eólica terrestre, que aquí está agora mesmo nunha auténtica explosión, e se estean producindo aquí os elementos para a eólica mariña que se van exportar? A ver, a ver, señores, é que o mercado non é exactamente, con todos os respectos, unha feira de proximidade. É un mercado mundial, está atravesado por outras lóxicas, é un pouco máis complexo. Entón, eu alégrome moitísimo de que en Fene teñan eses pedidos para a eólica mariña, non quero que os instalen nunha zona de afectación directa ás pesqueiras de baixura de Galicia, evidentemente, claro que non, por suposto que non, porque entón sería vestir un santo para desvestir outro, e por iso non estou de acordo.

En canto á outra cuestión, por dicilo, aínda que entendo que isto non vai servir de nada, por suposto, nós dicimos que eólica si, pero non así, e ese foi ademais o slogan que se levou á manifestación de Compostela. Fagamos unha instalación eólica que teña un retorno social, democratizamos o acceso aos beneficios creados pola enerxía eólica e así conseguiremos que a xente non estea en contra, e non só os catro, cinco, seis minorías moi politizadas, verdes, o que sexa, senón a xente normal,

que tampouco está a favor porque non lle ve ningún proveito. Porque vostedes están expropiando terreos rústicos de monte a 5 € o metro cadrado para quitarlle un beneficio inmenso. Ah, pois claro, claro que a xente non quere iso, por suposto, faltaría máis.

Entón, o que estamos propoñendo aquí, insisto, non é eólica si ou eólica non, estamos propoñendo un sistema, outro modelo de explotación deste recurso; e ademais agora mesmo no mesmo contexto político, no mesmo contexto xurídico, os cataláns están indo por outro camiño. Polo tanto, deixemos xa nós de ter estes debates, que penso que son un pouco de trazo groso e un pouco penso dirixidos ao público que, ao mellor, non é o máis formado e informado, e respectemos a intelixencia de quen nos escoite. Eu non creo que os galegos teñamos que entregar os nosos recursos a un custo menor que os cataláns, en ningún caso. Polo tanto, exiximos para nós cando menos o mesmo que exixen os cataláns para si mesmos.

Grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Nada, eu vou ser moi breve.

Efectivamente, por moito que se queira insistir nesa idea e que se repita unha e outra vez, que é esa a cuestión de que aqueles grupos políticos que insistimos en que se debe revisar o modelo de desenvolvemento eólico e como se van fixar os condicionantes para que realmente a explotación eólica do vento galego redunde no beneficio dos galegos e das galegas, é unha cuestión, non é estar en contra da enerxía eólica para nada, nin moito menos estar en contra do desenvolvemento enerxético nin industrial do país, senón todo o contrario. É pedir que unha moratoria completa sirva para a elaboración dun plan eólico que realmente sexa garantista e que sexa equitativo, e que garanta que a riqueza que se xere pola explotación eólica do vento galego non vaia parar só aos petos das grandes empresas, senón que teña esa capacidade real para redistribuír a riqueza e promover e fortalecer o desenvolvemento industrial no país.

Dicíao o Sr. Lema: “eólica si, pero non así”; é unha mensaxe concreta e sintética. Imaxino que este slogan, “eólica si, pero non así”, foi o que lle levou o Partido Popular no seu momento a tombar o decreto eólico do BNG, entendo que tamén pensaban eólica si, pero non así. Entón o BNG ten un modelo de desenvolvemento eólico, aposta claramente polas enerxías renovables e, por moito que queiramos estender unha cortina de fume dicindo que é a oposición e a negación ao desenvolvemento do país a través da explotación eólica, ao desenvolvemento industrial, non é certo.

O que si que é certo é que estamos cun plan eólico que realmente non se adapta ás necesidades do país e que non garante a xeración e sustentabilidade do emprego no tempo nin o desenvolvemento industrial do país, como efectivamente estamos a ver que, mentres hai este *boom* eólico con eses 279 proxectos en tramitación, están pechando as empresas que se dedican á fabricación de compoñentes. É moi difícil argumentar como esa tramitación de parques, que ademais o fan cunha normativa que non está actualizada, vai reverter no desenvolvemento

económico do país e como se van repartir eses beneficios de xeito equitativo no territorio.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, a verdade é que, Sr. Lema, desde o aprecio que sabes que che teño, penso que non escoitaches a miña intervención, ou que na túa intervención tiras dalgúns prexuízos cara á formación que eu represento, e que fan que fagas unhas reflexións que nada teñen que ver co que eu dixen.

En primeiro lugar, porque non se pode, como ti dicías, deducir das miñas verbas que eu estou en contra incluso da moratoria aprobada pola Xunta. Non dixen iso en ningún momento, nin defendín a eólica a calquera prezo, penso que maticei debidamente, á parte puxen exemplos, de que se pode mellorar ese plan eólico sen aplicar unha moratoria completa, é dicir, sen que Galicia quede atrasada nunha carreira pola modernización, pola ecoloxía e neste caso pola produción verde de enerxía, na que xa están inmersas outras zonas do Estado e outros países europeos.

Hai que apostar por un plan eólico, que xa dixen que respecte a propiedade privada, é dicir, as vivendas e o sector primario, granxas, etcétera, e que repercuta en Galicia. É dicir, tal e como está pasando en Francia, onde nos concursos dos parques eólicos o 40% da puntuación dáse en base á implantación que esas empresas poidan xerar no territorio francés para a xeración de compoñentes, tanto as propias pas como compoñentes tecnolóxicos, como na formación; iso pódese facer aquí. O que estou a dicir é que para iso non fai falta aplicar unha moratoria completa que atrase a aplicación deste plan.

Que pasa? Eu nos últimos tempos, tirando desta moción e doutras moitas que veño escoitando, dá a impresión de que estamos caendo no que eu chamaría unha especie de hipocrisía ecoconsumista, é dicir, queremos chegar á casa e darlle ao interruptor e que acenda a luz, pero que a luz se produza noutro país, non aquí, porque aquí moléstanos ver eólicos no monte, moléstanos ver eólicos no mar, porque iso non o digo eu, dicídelo vós na vosa moción, Sr. Lema. É dicir, “parques eólicos que xa inzan os nosos montes e que pretenden tamén no futuro ocupar as nosas costas”. Polo tanto, non dis as nosas costas en zonas de pesca, as nosas costas en caladoiros; non, as nosas costas en xeral. Polo tanto, entendo que o grupo propoñente desta moción non quere os eólicos na costa e, como xa inzan os montes, tampouco os queremos no monte, entendo, porque, se o poñemos como algo negativo, non queremos que sigan inzando os montes. Polo tanto, ben, eólica non. A térmica tampouco, contamina; a nuclear tampouco, que é perigosa; e a hidráulica xa dixen, afecta os cursos dos ríos e, polo tanto, tamén o ecosistema. Polo tanto, queremos chegar á casa e acender o interruptor pero que a luz veña doutro país, a poder ser deses países que xa sabemos todos que, por desgraza, son produtores de enerxía e que, en moitos casos, quitando os europeos, funcionan como funcionan.

Despois, claro, queremos ter un teléfono móbil, que todos os que estamos aquí estamos utilizando, pero o cobre, ou o litio, ou o ouro que vai nese teléfono móbil que non se extraía nunha mina aquí, a poder ser que sexa noutro país e se é do terceiro mundo mellor, que é de onde as extraen, con todas as garantías que ten iso en materia laboral para as persoas que traballan nesas minas e que todos e todas coñecemos –estou falando ironicamente, enténdeseme–. Queremos respiradores

cando vén a pandemia do Covid para salvar vidas, pero a prata que se utiliza nesas respiradores e que é fundamental, un compoñente fundamental destes, que se extraía en minas doutros países. Queremos tamén facernos resonancias magnéticas, pero o cobre que se utiliza, a prata e o ouro que vai nesas resonancias que se extraía tamén doutros países. Polo tanto, ao final aquí gustaríame saber de que imos vivir, do turismo? Porque estamos en contra das minas, aquí xa houbo mocións *a tutiplén* en contra das minas, non dunha mina feita dunha determinada forma, dunha mina que defenda o territorio...; non, en contra da minaría. Dos eólicos, no fondo, vendo ou lendo o que pon aquí, tamén algo en contra estamos.

Ben, pois entón a ver como xeramos emprego aquí, porque calquera industria que teñamos vai xerar algún problema, ou ben algún problema de carácter contaminante ou ben algún problema de carácter que afecte ao territorio. O mellor é dedicarnos só ao turismo, vender as grandezas que ten Galicia dende o punto de vista histórico e patrimonial e demais, pero todos sabemos a calidade do emprego vinculado a ese sector, todos coñecemos o que gaña a persoa que traballaba en Siemens Gamesa producindo pas e o que gañaba un señor de camareiro nun restaurante. Pois iso teremos que telo tamén. Si, Sr. Lema, é verdade, porque no fondo o que sucede con esa, como dicía antes, con esa hipocrísia ecoconsumista, é que nos gusta desfrutar de todo o bonito que ten a modernidade, pero a poder ser que o fabriquen lonxe de aquí. Ademais partindo dunha premisa que eu tampouco comparto, como se o ecosistema, como se o medio ambiente foran compartimentos pechados, como se os que contaminan en China ou o que se contamina nun país terceiromundista non afectara globalmente ao resto dos países.

E esa é a reflexión que temos que facer, que non estamos a facer e que non fixemos nunca. Por iso dicía antes que hai que facer unha reflexión moito máis profunda. Non queremos minas? Pero iso ten unhas consecuencias. Non queremos papeleiras?, non queremos eucalipto en ningún sitio?, tamén ten unhas consecuencias porque non haberá celulosa e despois virá outra pandemia e as máscaras teremos que comprarllas, a quen? A China, que é a que fabrica; nós non porque non as facemos. E así poderíamos seguir nun longo etcétera.

Entón, non é unha crítica directa nin a ti nin ao teu Grupo, pero é unha autocrítica que debemos facer entre todos e unha reflexión moi profunda, porque estamos nun punto no que practicamente nada nos vale e lle poñemos o pero a todo. E repito, e vou rematar a miña intervención dicindo o que dixeran ao empezar: isto non quere dicir que a nós nos valla un concurso eólico de calquera maneira, de ningunha das formas. Dixeran que ten que respectar, e vouno repetir xa por última vez, dous piares fundamentais: primeiro, a propiedade privada, as vivendas e as granxas, o sector primario, etcétera; e, segundo, que ten que xerar emprego e riqueza en Galicia, e polo tanto reverter nos galegos e as galegas. E a poder ser tamén unha proposta concreta, que os concellos onde se implanten teñan unha representación en accións deses parques e, polo tanto, poida repercutir nos seus veciños.

Penso, polo tanto, que queda totalmente clara cal é a postura do noso Grupo a ese respecto, que non é nin deixar de defender os intereses de Galicia, máis ben ao contrario, porque os intereses de Galicia non é só que me moleste ver un eólico no monte, é que os galegos traballen fabricando eólicos e poidan producir enerxía e ademais haxa I+D+i que desenvolva postos na investigación. Iso é a proposta que ten

o meu Grupo. Despois cada un terá as súas, pero pido, por favor, que non se terxiverse e non vaíamos con ese tipo de estereotipos de “sois la derecha o más derecha que el PP”, ou ese tipo de cousas que todos os que estamos aquí sabemos que non teñen nada que ver. Podemos coincidir co PP, iso non quere dicir que sexamos de dereitas, como podemos coincidir coa Marea, que non quere dicir que sexamos da Marea. Podemos coincidir afortunadamente e sería bo que coincidiramos máis a miúdo todos e todas.

Nada máis, moitas grazas.

### Sra. Aneiros Barros

Muy brevemente. Mire, señor Lema, usted reflexiona, pero sus reflexiones son bastante sesgadas. Reflexiona, dice por un lado que en Galicia cierran empresas que construyen elementos de la eólica, es cierto, pero no tendrá que ver con que haya las solicitudes para implantar parques eólicos en nuestra tierra, digo que serán cosas totalmente independientes y no están relacionadas. Reflexiona y su reflexión lo lleva a decir: “es que en la ría de Ferrol en los astilleros se están construyendo elementos para la eólica marina y en cambio no tenemos eólica marina”. Porque, efectivamente, en nuestra tierra no está implantada la eólica marina, pero es de lo que estamos hablando, es de lo que hablamos hace escasos meses en este salón, y grupos como el suyo y el BNG dijeron que no, es más llegaron a rizar el rizo hasta el punto de traer aquí una declaración del Parlamento de Galicia del año 2009, mira a dónde se tuvieron que ir, cuando en el 2009 todos los grupos, todos, nos posicionábamos en contra de la eólica marina, en un momento que no tiene nada que ver con el actual, y tuvieron que recurrir a una declaración aprobada por unanimidad en el 2009, ¡no llovió ni nada desde el 2009! Claro, ha evolucionado tecnológicamente todo, ha evolucionado la sociedad, no la de todos, como podemos ver, algunos no han evolucionado, pero otros hemos evolucionado, y las posturas que teníamos en el 2009 han evolucionado y hoy defendemos la necesidad de estudiar, de buscar ubicaciones para esos parques eólicos marinos. Y, desde luego, es una suerte poder tener en los astilleros de Ferrol esa posibilidad de construir que, gracias a Dios, nos está dando algo de trabajo a algunos astilleros que estuvieron cerrados durante muchos años. Por tanto, creo que su reflexión no es acorde con la realidad y con los tiempos que estamos viviendo.

Su posición es clara y aquí pueden venir a defender, como decía la portavoz del BNG, es que nosotros defendemos las energías renovables. Claro, es que ese es su discurso, defienden las energías renovables, pero ¿cuáles?, ¿cómo? Si cuando tienen la oportunidad no hacen más que posicionarse en contra de la eólica terrestre, marina y de las demás, incluso de la hidráulica. Claro, es que es un discurso muy fácil, el discurso de criticar a los que gobiernan en la Xunta o en el Estado pero ustedes defienden las energías renovables, las energías limpias, el discurso que se escucha y suena muy bien, pero a la hora de tomar decisiones, claro, se habla por parte del BNG e incluso la Marea, es que una moratoria completa sin excepciones. ¿Cómo sin excepciones? Es que no estamos hablando de que la excepción sea la aplicación de la normativa, es que la normativa, si hay alguna excepción a la moratoria, se les va a aplicar igual; estamos hablando de que, si hay algún parque eólico en este período que por unas cuestiones no menores, por especial incidencia territorial desde el punto de vista económico o del empleo, que creo que no es un

tema menor en estos tiempos que estamos viviendo, se podría abrir a la excepción a que se puedan tramitar, pero no a que no se deje de cumplir la normativa, que son cosas distintas, no vayamos a confundirnos.

Por tanto, yo, mi posicionamiento lo tengo claro. El suyo lo tienen muy claro, pero les vuelvo a decir, no vale jugar de esa manera a defender en general el discurso y a la hora de la verdad votar en contra, contra las energías renovables que realmente tenemos en nuestro país. Eso es contradictorio y eso no lleva a nada, así que salgan de esa contradicción en la que están viviendo y empiecen a pensar en el futuro de nuestro país, que creo que es en lo que tenemos que trabajar todos juntos.

Nada más.

### Sr. Lema Suárez

Tratarei de ser moi breve. Sr. Fernández, eu máximo respecto polo seu partido, o presidente da Xunta Touriño, do PSOE, é o que aprobou un concurso eólico dunha consellería dirixida naquela altura polo BNG cun contido moi diferente ao Plan sectorial eólico do Partido Popular. A min paréceme moitísimo mellor ese modelo que o modelo actual, moitísimo mellor, moitísimo mellor.

Entón, eu do que estou en contra francamente é das caricaturas coas posicións dos contrarios, porque eu podo pensar, e podemos ir enlazando co que expuña agora a compañeira Aneiros do Partido Popular, que a conversa que tiveron hai escasamente un mes aquí na Coruña no Hotel Finisterre o presidente da Xunta, Núñez Feijoo e Sánchez Galán, o presidente de Iberdrola, ese é o modelo que dicía nesa conversa. Titular de Feijoo, non estou citando literalmente porque non teño esa memoria, pero o titular de Feijoo era: “Se as cousas foran hai 60 anos como agora, non teríamos ningún encoro en Galicia”. Ese é o literal da frase, evidentemente. Hai 60 anos, se as cousas foran agora con todos estes, como lles chamou vostede?, ecoconsumistas, que queren ter a luz pero non queren ter os encoros, non teríamos encoros en Galicia. Fagamos entón unha reflexión. Non digo quen gobernaba daquela, se era autoritario, non, non falo de cuestións de legalidade, falo de que, efectivamente, eses encoros están aí fronte ás consecuencias que tivo, por exemplo, que a Ribeira Sacra non puidera ser Patrimonio da Humanidade. Hai un fermoso texto da ICOMOS que fala desta cuestión do modelo.

Tampouco tivo, aquí na Coruña acaba de pechar o MAC hai 3 anos, e acaba de pechar o centro de operacións tamén de Endesa. Entón ese é o modelo, o modelo que supostamente vai xerar emprego e imos entregarlle os nosos recursos á multinacional equis que explote o noso vento, neste caso os encoros e xa está, e iso é o que dicía o señor Feijoo con Sánchez Galán. Non vou tipificar eu aquí a Sánchez Galán, porque creo que xa ten abondos problemas coa xustiza, a ver como acaba, Villarejo polo medio e demais, está nos periódicos, non? Pero, desde logo, ese é o modelo que estamos repetindo agora? Tal vez si, está claro que o Partido Popular, cando menos, sabe escoitar a sociedade civil, é sensible, é un partido que escoita, eu non vou dicir que non escoite, escoita e está inquieto porque sabe que hai contestación social, contestación social, non polos ecoconsumistas, senón pola xente á que lle expropian os seus terreos a cambio de case nada, dunha migalla, e iso non é a caricatura do comunista ou do verde, non, non, iso é o sentido común da xente.



Por último, o que é un paradoxo é xusto o contrario do que vostede acaba de dicir, señora Aneiros, que aquí se estea indo a un proceso de implantación de eólica terrestre e pechen as empresas que producen eses elementos, e, sen embargo, que non se está implantando a eólica mariña, produzamos compoñentes de eólica mariña. Ben, pois iso chámase a lóxica do mercado mundial, efectivamente porque, se non, podíamos pensar que como somos unha potencia na produción de leite a nivel do Estado temos grandes fábricas de tractores no noso país, e non sucede. Ou podemos pensar que Xapón, que foi a gran potencia industrial da segunda metade do XX, tiña todas as materias primas que precisaba para a súa explosión; non tiña ningunha delas, non tiña ningunha delas. Tiña, iso si, outra política económica, ía por outro camiño moi distinto diso. Nós somos, en tal caso, nesa relación os que lle subministrariamos eses compoñentes, esa materia prima, enerxía apenas tratada a países como Xapón e outros. Pero, ben, non quero excederme na miña exposición de motivos, simplemente non defendemos eólica si ou eólica non, defendemos eólica así non, existen outros modelos e están aí ao lado.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 6 deputados/as (4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 25 deputados/as (14 do PP e 11 do PSOE)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ROGOS E PREGUNTAS**

#### **Sr. Presidente**

Hai un rogo presentado por Marea Atlántica respecto dos observatorios de aves construídos no seu día pola Deputación da Coruña na contorna do río Mandeo.

#### **Sr. Lema Suárez**

Son os dous observatorios, o do Pazo de Mariñán e o do Souto. Do que nos informan os usuarios é de que están nun mal estado de conservación e teñen algunha póla dalgunha árbore que obstrúe a vista. Simplemente se pide que se restaure e que se fagan labores de mantemento.

#### **Sr. Presidente**

Pedida a información, efectivamente é así como dis, Sr. Lema, o estado dos observatorios, pero tamén que foron construídos dentro do proxecto Mandeo por parte da Deputación, pero foron entregados con acta de entrega e recepción por parte dos concellos referidos xa no ano 2013, se non teño mal o dato, e onde o convenio é froito dun convenio asinado entre a Deputación e os ditos concellos nos que estes concellos se facían cargo do mantemento destas instalacións. Co cal, pola nosa parte, daremos traslado a eses concellos e nada máis.

Sra. Gallego Neira

Sí, muchas gracias.

Como saben, el Básquet Coruña es un club de baloncesto de la ciudad de A Coruña que milita en la LEB Oro y que tiene también categoría base, cadete, escuela infantil, júnior, minibasket, preminibasket y sénior, con una antigüedad de más de 25 años.

Desde sus comienzos el club siempre ha basado sus proyectos en tres grandes pilares: el primero son las categorías base, unas categorías que han ido aumentando el número de jugadores en los últimos años hasta alcanzar más de 600 niños repartidos entre sus equipos y escuelas, además desde la temporada 2004-2005 empiezan a aparecer dentro de la estructura del club equipos de categoría femenina. Esta tarea les ha llevado a la obtención de numerosos premios, como el recibido en 2010, por ejemplo, por la Secretaría Xeral para o Deporte a la mejor entidad deportiva en promoción del deporte base.

El segundo pilar son sus actividades, más de 32 desarrolladas a lo largo de todo el año, en las que el objetivo primordial es tanto la promoción del baloncesto como la transmisión de valores sociales entre los más jóvenes a través de diversas acciones solidarias. Merced a todas estas actividades, recibieron numerosos reconocimientos, como el nombramiento por parte de la Fundación Félix a la mejor iniciativa solidaria. Dentro de estas actividades podemos enumerar el Campus Milenium, el campus de tecnificación, campamentos urbanos, torneos 3 x 3 y un largo etcétera en las que llegan a participar más de 3.000 personas a lo largo del año.

Y el tercero de estos pilares, sobre el que se sustenta su propósito es el primer equipo, Leyma Coruña, que pretenden que sea escaparate del club y además de la ciudad de A Coruña, y el espejo de todos los valores que representa el proyecto. En la actualidad milita en la Liga Adecco LEB Oro y día tras día aumenta su repercusión en la ciudad con más apariciones en los medios de comunicación y aficionados en las gradas.

Esta temporada, con la misma filosofía que en las anteriores, el primer equipo disputa nuevamente la Adecco LEB Oro. Aunque todo el mundo sabe quién es el Básquet Coruña, quiero recordarlo porque desde hace años, igual que todos los clubes, muchos otros, reciben un convenio de la Diputación, si bien en los dos últimos años no se les asignó ni un solo euro, a pesar de que, debido a la crisis sanitaria, obviamente, sus esfuerzos, partidos cuando pudieron celebrarlos a puerta cerrada, pues los ingresos se han visto mermados considerablemente. Sin embargo, han tenido que seguir soportando los mismos gastos prácticamente.

Nos consta que se han dirigido a esta institución, en concreto para reclamar fondos que se les prometieron, así me lo transmitieron, y con los que contaban en sus previsiones de ingresos lógicamente, pero a día de hoy no han obtenido respuesta ni han recibido nada.

Y por eso nuestro Grupo ruega que el Gobierno provincial, en uso de sus competencias, busque una solución vía convenio, vía contrato de servicios

publicitarios, para que el club Básquet Coruña reciba, y sea compensado en 2022, la cantidad de 125.000 €.

Nada más y muchas gracias.

#### Sr. Presidente

Ao respecto, Sra. Gallego, dicirche que si foron atendidas esas reclamacións por parte do club. Eu mesmo estiven reunido con eles hai, eu creo da orde de 2 meses máis ou menos, e onde quedamos primeiro nunha realidade, é que esta Deputación, sen ter competencias –ti aludes ás competencias–, esta Deputación non ten competencias en materia deportiva, soamente as entidades locais teñen competencia en materia de fomento do deporte base. E polo tanto aquí falouse constantemente pola maioría dos grupos de que temos que orientar a política deportiva da Deputación a ampliar sobre todo o financiamento do deporte base. Iso non quere dicir que abandonemos os equipos que levan dalgunha maneira unha dinámica consolidada nesta Deputación de apoio, vía convocatorias, vía convenio, durante décadas nesta casa.

Teño que dicir que o club Básquet Coruña, ao que lle temos todo o respecto do mundo, recibe desta entidade que non ten competencias na materia un 200% máis do que recibe daquela entidade que si que ten competencia na materia, que é a Secretaría Xeral do Deporte. Polo tanto, o que nós acordamos con eles é ofertar, ofrecer a racionalizar esa situación. É dicir, por aquí pasan todo tipo de clubs deportivos, e o que percibimos é que a Deputación está dalgunha maneira levando unha política deportiva no fomento do deporte base consolidada no tempo, pero sen ningunha novidade nin intensidade no aumento dos orzamentos para aquilo que consideramos que é a nosa obriga. E en cambio asignamos e dedicamos unha cantidade inxente de recursos para financiar, como di permanentemente o Sr. García Seoane, nóminas deportivas de equipos profesionais.

Non quere dicir que teñamos que renunciar a iso, porque cremos, como ti ben dicías, que hai clubs que son bandeiras e que son tractores das prácticas deportivas. Pero, en calquera caso, o que lle dixemos ao club é que, sen ningún ánimo de confrontar, senón todo o contrario, de racionalizar coa Xunta de Galicia, eles ofrecéronse a facer esa xestión coa Secretaría Xeral do Deporte, para sentarnos nunha mesa e racionalizar un pouco co orzamento da Deputación, coordinalo coa Xunta de Galicia, para que eles dalgunha maneira tamén conten co esforzo que fai esta institución, e que non esteamos pisándonos nun terreo e ao mellor abandonando outro que é máis importante. Entón, dalgunha maneira o caso ou paradigma do Básquet Coruña podía servir para unha fórmula de colaboración institucional magnífica, que estou convencido de que ademais funcionará, se non á perfección, mellorará moito o escenario, estaremos todos e todas moito máis cómodos no fomento da práctica deportiva e do apoio aos clubs deportivos da provincia.

Polo tanto, este Básquet Coruña, insisto, é un paradigma que estamos esperando que se poida celebrar esa reunión e, en calquera caso, aproveitar que, se podes dalgunha maneira facilitala, mellor que mellor, e seguramente redundará en que esclarezamos a achega que poidamos darlle ao Básquet Coruña.

Sr. Ben Otero

Gracias de nuevo, presidente.

Vamos a presentar dos ruegos. El primero de ellos me lo trasladan los compañeros del Partido Popular de Carballo, Grupo Municipal de Carballo, y dice así: “A DP-1916 en Carballo, na conexión coa praia de Baldaio, ten a zona coñecida como Pedra de Sal, cunha lonxitude de aproximadamente 3 km, e que soporta moito tráfico de vehículos tanto polos veciños das parroquias da zona, en torno a uns 1.500-2000, como dos visitantes do Arenal de Baldaio, dos seus restaurantes e cámping, que obviamente se multiplican exponencialmente en zona estival, carece de beirarrúas e a súa anchura roza límites de paso contiguo para dous vehículos. Así mesmo, trátase dunha recta na cal se alcanzan velocidades elevadas co consecuente perigo para os veciños e visitantes da zona”.

Señor presidente, trátase dunha reivindicación histórica da zona, pois tanto a zona de Razo como a de Baldaio son as zonas costeiras do municipio de Carballo con máis de 31.500 habitantes que se multiplican no verán cos visitantes e turistas, que cada vez máis acoden á costa de Carballo. Por todo isto, o rogo que lle presentamos é o seguinte: que lle encargue ao deputado delegado de Vías e Obras, coa maior urxencia, a redacción dun proxecto para a ampliación da estrada DP-1916 que enlaza a DP-1909 coa praia de Baldaio, zona coñecida como Pedra do Sal, co obxecto de garantir a seguridade viaria desta zona, que a día de hoxe se ve moi reducida pola actual situación da citada estrada. Este é o primeiro.

E o segundo, realmente case é un rogo a vostede mesmo, que llo propoño como eu, pero no seu nome, para recordarlle o que vén sendo..., nós o estamos vendo e o seguiremos traendo en posteriores ocasións, unha serie de compromisos que se ven publicados nos medios de comunicación, parece que son cousas concretas e que, ao paso do tempo, non temos máis novas disto. Isto é unha nova de outubro do ano 2020 e voulla ler textualmente, porque ma trasladan os compañeiros de Muxía, e espero que vostede dea cumprimento ao prometido nesta visita a Muxía de hai un ano. Di así: “El presidente de la Diputación de A Coruña, Valentín González Formoso, visitó el ayuntamiento de Muxía, donde se acercó, acompañado por el alcalde del municipio Lago Toba, y los concejales Olalla Benlloch y Javier Romar, hasta la carretera que da acceso a las playas de Leis y Lago para observar el estado en el que se encuentran. Juntos se comprometieron a mejorar la vía que da acceso a la playa de Leis, una obra que dará continuidad a la actuación ya acometida por el ente provincial en el acceso a la playa de Lago en la que se invirtieron 495.000 € y que fue un ejemplo de recuperación de una vía por la que circula la prolongación del Camino Fisterra-Muxía. La obra, que se realizará el año que viene, –es decir, este año– y que con ella se mejorará la pavimentación de la carretera y se creará un paso seguro para peatones en un lugar que tiene una presión en seguridad viaria clara, sobre todo en época primaveral y estival”.

(Abandona o salón o Sr. Calvelo Martínez).

Es decir, esto es un ejemplo de los muchos que hemos venido viendo, y yo lo que digo es: ¿Tenemos recursos? Sí. ¿Tenemos recursos? Sí. ¿Podemos adoptar compromisos? Claro, como Gobierno tiene usted que adoptar compromisos. Pero, por

favor, que cristalicen las cosas, la palabra del presidente de la Diputación históricamente equivalía a un convenio casi *a posteriori*, y a día de hoy palabras, anuncios, pero hechos concretos muy pocos.

Nada más y gracias.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Ben.

Ben, ao respecto, simplemente contestarache que cumprimos a palabra, ao mellor somos un pouco lentos cumpríndoa, pero acabamos cumprindo a palabra.

Sr. Taboada Vigo

Bos días. Grazas, presidente.

Mire, é un rogo. Estes días están chegando, non sei aos demais concellos, pero ao Pino chegaron as liquidacións dunhas taxas polo tema de traballos que executan en emerxencias, o tema dos parques de bombeiros. Entón, dicirle que, claro, nós deses traballos, que moitas veces podíanos executar cuadrillas que temos nos propios concellos, como son retirada de árbores, nós non nos enteramos deses avisos porque o 112 dállos directamente aos parques de bombeiros. Entón eu o que pediría é que se nos trasladara, ao mellor desde os parques de bombeiros, que pasen primeiro esa incidencia ao propio concello, se ten persoal, que o retire e, se non, que pase o persoal do parque de bombeiros a retirala. Porque, claro, enterámonos agora cando nos chega a liquidación desas taxas. Un pouco soamente no sentido de que se lle poña aos bombeiros, que se lles diga un pouco primeiro que se poñan en contacto co concello.

Sr. Presidente

Estasmo rogando como presidente do Consorcio, queres dicir?

Sr. Taboada Vigo

Non quero dicir que nós... Non entendín a pregunta.

Sr. Presidente

Claro, estasme rogando non como presidente da Deputación, senón como presidente do Consorcio? En calquera caso...

O que pasa é que aí quen adoitan comunicar as incidencias, o protocolo que está establecido é o 112. Eu non teño ningún inconveniente en dicirle ao xerente do Consorcio, como presidente do Consorcio, que me parece ben, ademais, eu tamén son alcalde, eu creo que ese tipo de información debe fluír. Pero, ben, quero dicir que o 112 acostuma avisar de todo, ese tipo de incidencias ao mellor non, pero adoita avisar. Pero o que mobiliza en calquera caso os recursos, que ás veces coincide que van a Teixeiro, a Curtis, pois coinciden alí os GES, a empresa de Emerxencias da

Xunta de Galicia e o propio parque de bombeiros do Consorcio. Pero, ben, é unha teima que temos onde nun Consorcio onde o 40% das saídas do parque, co custo que supón, son saídas falladas, innecesarias, o 40%. É un obxectivo que non damos baixado, porque ao final o 112 abre o arco e chama a todo o mundo porque tampouco sabe ao final a gravidade ás veces do... Home, retirar unha árbore, non creo que teña que mobilizar aos bombeiros. Pero, ben, dou traslado da petición.

Moitas grazas a todos e a todas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:47 horas.